

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12

SESION EXTRAORDINARIA 5 DE AGOSTO DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

Rodríguez Escudero, Cayetano
Domínguez Olveira, Santiago
Araújo Pereira, Marcos

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas do día cinco de agosto do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D.

José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(126).- ACTAS ANTERIORES: (PLENO ORDINARIO DO 27 DE MAIO DE 2013).

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2013.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

A PRESIDENCIA: En relación ao punto 2.1, 2.2 e 4.4 Moción do Grupo Municipal do Partido Popular mailas engádeas que fixo o Bloque Nacionalista Galego propoñemos escoitar aos tres voceiros, que ao longo do Pleno vaian elaborando unha declaración global acordada polos tres Grupos Municipais, que substituiría a estes puntos, á declaración e engádea do Bloque Nacionalista Galego se lles parece ben aos Concelleiros/as.

2.1(127).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO EN APOIO DO SECTOR NAVAL E DECLARANDO “PERSONA NON GRATA” AO

COMISARIO DA COMPETENCIA DA COMISIÓN EUROPEA.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de xullo 2013 o grupo político municipal do Partido Popular presentou moción propoñendo a declaración de “Persoa non grata” ao Comisario da Competencia da Comisión Europea, que figura na Orde do Dia no punto 4.4.; con data 18 de xullo de 2013 a Alcaldía presentou proposta de Declaración Institucional no mesmo sentido, que constaba na Orde do Dia da sesión, punto 2.1.; así mesmo a Alcaldía presentou declaración institucional en apoio do Sector Naval, punto 2.2. da Orde do Dia.

Dada a similitude das propostas presentadas, no transcurso da sesión reuníronse os voceiros dos distintos grupos políticos municipais co obxecto de acadar unha proposta conxunta que literalmente di:

“O pasado 17 de Xullo a Comisión Europea concluíu que o réxime español de arrendamento fiscal para a adquisición de buques é parcialmente incompatible coas normas da UE, sobre axudas estatais.

Esta resolución fixa que se reintegre á facenda española as axudas obtidas entre os anos 2007 e 2011.

O Pleno do Concello de Vigo considera que a defensa do sector naval protagonizada polos sindicatos, os empresarios, os grupos políticos e o conxunto da sociedade viguesa logrou que se suavizara a proposta inicial que esixía a devolución das axudas dende 2005.

Esta unidade de acción ten que ser mantida para conquistar que se asegure o futuro do sector da construción naval, que aporta máis de 85.000 postos de traballo de cualificación elevada e que teñen, ademais, unha gran capacidade de arrastre para a industria auxiliar e aportan gran valor engadido pola tecnoloxía avanzada que empregan.

Deste modo, a industria naval ten que ser considerada estratéxica, sendo necesario que se poñan en marcha cantas medidas sexan necesarias para salvagardar o futuro do sector naval e particularmente, o de Vigo, cidade na que se asentan o maior número de empresas.

Por isto o Pleno do Concello de Vigo acorda:

1º- Expresar o seu apoio ó sector naval da Ria de Vigo pola importancia que ten

no desenvolvemento económico, no crecemento e no emprego e afirmar a súa vontade de manter a unidade de acción na defensa do sector.

2º-Instar ó goberno da Xunta e ó goberno de España a defender os intereses do sector naval español ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

3º-Instar ó Goberno de España a que concrete de forma inmediata o esforzo fiscal máximo que está disposto a asumir có novo tax lease para poñer en valor este novo sistema e promover a contratación de novos barcos.

4º-Instar ó Goberno de España a garantir que inversores e estruturadores sigan desenvolvendo a súa actividade conxuntamente con armadores e astaleiros en base o novo "Tax Lease ", asegurando que se den respostas de carácter inmediato ás estruturas vivas.p

5º-Instar ó Goberno de España a que, en todo caso, o ICO poña atención o financiamento e a os avais do sector e lograr, de este xeito, a reactivación dá industria naval.

6ª- Ademáis plantéxase dirixirse aos gobernos da Xunta e do Estado para conquistar as seguintes demandas, que están sendo xa iniciadas:

- Demandar da Xunta de Galicia
 - a. A habilitación dunha liña especial de avais para o sector naval galego que permitan garantir a viabilidade económica das empresas integradas nesta actividade, para poder refinciar a súa débeda e facer fronte a carga de traballo condicionando, a súa vez, ás concedidas aos estaleiros ao pago da débeda que manteñan coa industria auxiliar naval.
 - b. Elaboración dun programa de desenvolvemento da industria naval, estaleiros e auxiliares, a longo prazo.
- Instar ao Goberno do Estado a:
 - a. Promover de xeito conxunto e a nivel da comunidade europea, e con obxectivo de facer posíbel que o sector naval supere a crise, a aplicación a curto prazo de medidas de carácter temporal que teñan en consideración a especificidade do sector.
 - b. Crear instrumentos financeiros específicos que faciliten os investimentos necesarios no sector naval, constituíndo instrumentos de garantías para o desenvolvemento e aplicación e exportación de produtos e servizos; así como para os estaleiros e a industria auxiliar que presenten un plan de negocio viábel.
 - c. Promover dentro da UE novos mecanismos de financiamento a longo prazo para o sector creando, conxuntamente co BEI,

un instrumento europeo para a financiamento dos estaleiros e a industria auxiliar.

- d. Habilitar un mecanismo transitorio e de carácter excepcional que permita repoñer o dereito á prestación por desemprego a aquelas persoas que perden o seu posto de traballo e consumiran parte do mesmo como consecuencia dos expedientes de regulación de emprego de carácter suspensivo.

7ª- A decisión do Colexio de Comisarios proposta polo Comisario Almunia ten posto en perigo o futuro do sector naval, é por este motivo, que o Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

- a. Declarar persoa “non grata” para a cidade ao comisario europeo Joaquín Almunia.
- b. Instar ao comisario europeo Joaquín Almunia a presentar a súa dimisión no goberno da Unión Europea, e que dita dimisión se leve a cabo de forma urxente e inmediata. “

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a Declaración Institucional co texto transcrito na parte expositiva deste acordo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(128).- RECTIFICACIÓN NO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS, DANDO DE BAIXA A RÚA FONTE OSCURA R-3. EXPTE. 17241/240 (683/1101).

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 10 de xuño de 2013, o xefe do servizo de Patrimonio Sr. Rodríguez Cadarso, co conforme da concelleira delegada de Patrimonio, emite o seguinte informe:

“Primeiro.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo

Plenario de 4 de maio de 1993, consta no seu Epígrafe I-Vías Públicas, a seguinte rúa: ramal 3 da rúa Fonte Oscura o Cño. Castañal, con inicio na rúa Fonte Oscura e remate en finca particular, dunha lonxitude de 40 m , e grafiada como vía pública na folla 22-25 da cartografía de viais.

Segundo.-, O Xulgado de 1ª Instancia nº10 de Vigo, no Procedemento Ordinario 351/2012, interposto por D. Modesto Comesaña Alonso e outro, ditou sentenza en data 25 de febreiro do 2013 na que estimando a demanda formulada declara titularidade privada da demandante o terreo que figura catalogado como rua Fonte Oscura R-3 que vai dende a rúa Fonteoscura ata a finca particular nº 80.

Sentenza firme da que deuse conta a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 2 de abril do 2013.

Terceiro.- A teor do contido da sentenza, interesouse do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo proposta de rectificación da cartografía municipal de viais (folla 22-25) os efectos de proceder a rectificación inventarial en cumprimento e execución desa resolución xudicial.

O Topógrafo Municipal, emite informe o pasado 30 de maio, achegando plano da folla cartográfica 22-25 do Inventario Municipal de Bens-Viais, coa rectificación gráfica resultante.

Cuarto.- Consecuentemente co que antecede, e dado o deber das Administracións Publicas e demais entidades publicas e privadas do respecto e cumprimento das sentenzas e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou executivas de acordo coas leis, tal e como dispón o art. 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, cumpre nos termos sinalados na sentenza do Xulgado de 1ª Instancia nº 10 de Vigo, proceder a rectificación no IMBD do seu Ep. I Vías, dando de baixa o R-3 da rúa Fonte Oscura e corrixindo a grafía da folla 22-25 de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía que consta no expediente.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación do Inventario Municipal o Pleno Municipal, de acordo co disposto no artigo 34 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais.

Polo anteriormente exposto, proponse o Pleno Municipal, previo ditame da Comisión Informativa de Xestión Municipal, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo,"

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión ordinaria do 22.07.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación do Epígrafe I Vías Publicas do Inventario Municipal de Bens,e Dereitos, dando de baixa a Rúa Fonte Oscura R-3, e anulando súa grafía reflectida na folla 22-25 da cartografía de viais, de acordo coa proposta do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo do 30 de maio do 2013.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo os interesados, servizos municipais correspondentes e a Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.2(129).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ANO 2012 DO CONCELLO DE VIGO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 102141/240 (688/1101)

ANTECEDENTES.- Segundo se indica na proposta formulada con data 25 de xuño pola concelleira delegada de Economía e Facenda:

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2012, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 29 de abril de 2013, foi exposta o público polo prazo que regulamenta o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia nº 89 de 9 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 6 de xuño, e segundo consta na certificación que figura no expediente, no prazo de exposición o público e oito máis, non houbo reclamación algunha, e ó obxecto de dar cumprimento o previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo, que é coincidente coa proposta que se formulou a Comisión Especial de Contas...”

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que

figura na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión ordinaria do día 22 de xullo de 2013, ditaminou favorablemente a citada proposta.

DEBATE.-

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos aquí para falar das contas do Concello, neste caso trátase das do ano 2012, estamos falando polo tanto do primeiro orzamento que aprobou este goberno e o quinto orzamento consecutivo que se aproba nesta cidade. Un orzamento que se elaborou nun contexto claro de crise económica dura, pero que tiña un obxectivo moi claro é era nese contexto o obxectivo deste orzamento tiña que ser creación de emprego e unha maior atención social e educativa.

Para iso propoñíase catro compromisos, un era reducir a presión fiscal, o outro era poñer en marcha políticas activas de emprego tanto directo como indirecto a través de políticas “keynesianas” de inversión, reforzar as políticas sociais e educativas e consolidar as contas xa saneadas a través dunha xestión cada vez máis austera pero tamén máis eficaz. E eses catro compromisos tal e como se recollen nos informes da Conta Xeral quedaron amplamente cubertos.

Con respecto á presión fiscal, de novo compróbase como se reduciu a presión fiscal do Concello cara os cidadáns, porque conxeláronse as taxas das escolas infantís, realizaron bonificacións en taxas como a do lixo para colectivos máis afectados pola situación económica, conxeláronse tamén a taxa da auga, conxeláronse outras taxas como a do prezo do autobús e en xeral para o resto de taxas houbo unha conxelación real.

Polo tanto, cumpriuse o compromiso de diminuír a carga fiscal aos cidadáns porque entendemos que esta é unha pequena axuda para facerlles máis levadeira esta carga de crise económica.

Tamén se comproba que cumprimos co noso compromiso inversor, trinta e tres millóns de euros a través de políticas “keynesianas” que non só xeraron emprego senón que ademais contribuíron a transformar a cidade porque falamos de

actuacións e humanizacións en zonas como Bouzas, as rúas Panamá, Nicaragua, Brasil, Aragón, Pintor Colmeiro, Martínez Garrido, Ramón Nieto, Doutor Marañón ou Menéndez Pelayo entre outras. Pero tamén actuacións en parques como o na Praza da Miñoa, A Guía, Rivera Atienza, coa construción de máis parques infantís para os nosos nenos, ou biosaudables para os nosos maiores que tamén utilizan os nosos nenos.

Melloras en tódolos nosos colexios públicos ou en outras infraestruturas importantes da cidade como é a remodelación do Mercado do Progreso, isto engadido a un Plan de Xeración de emprego directo de máis de cinco millóns de euros, nun contexto, como dicía de facenda saneada con máis inversión, menos endebedamento e menos carga fiscal.

Vou recoller algunhas das palabras que se recollen no informe de Intervención, di “o ano 2012 pechou con superávit, tanto a Entidade Local como cada un dos seus organismos autónomos, estamos dicindo polo tanto que mentres outros organismos están en déficit e estase estudando cal é o nivel de déficit, este Concello remata en superávit. O superávit total é de 6,8 millóns de euros, polo tanto cúmprese amplamente a Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Un resultado orzamentario positivo de 24,3 millóns de euros e un aforro neto positivo de 30,4 millóns de euros, cifras que reflicten que o noso ingreso corrente supera o gasto corrente, o que implica que podemos destinar fondos a investir nos nosos cidadáns.

Os remanentes, é dicir o aforros acumulados sitúanse xa en 89 millóns de euros e unha Tesourería de 96,6 millóns de euros que é o que nos permite pagar aos nosos provedores nun prazo inferior a 30 días. A débeda redúcese dez millóns de euros con respecto ao ano 2006, estamos agora en 55,9 millóns de euros, é un 24,98% cunha débeda financeira por habitante de 187,85 euros, este dato é o que permite afirmar que este Concello sexa o Concello de réxime común menos endebedado de toda España. O período medio de pagos que se fixou no ano 2012 quedou en 38,18 días, lembro que a lei fixaba 40 días, polo tanto estamos dentro da lei, pero tamén lembro que a media de tódalas administracións públicas era de 69 días. Lembro outras palabras que aparecen no informe de Intervención, “estanse a cumprir todos os requisitos que marcan a lei, aforro neto

positivo, estabilidade orzamentaria, é dicir, superávit, cúmprese a regra do gasto e endebedamento inferior ao 75%.

Polo tanto, os datos reflicten unha vez máis que este Concello inverte nos cidadáns, que diminúe impostos, diminúe débeda.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Conta Xeral de 2012, recóllese o peche do exercicio do ano 2012 e supón este o último paso do Orzamento do ano pasado, o primeiro orzamento con só o Partido Socialista no Goberno e así podemos comprobar como se comportou o Orzamento.

A parte máis interesante das contas anuais é a memoria que asina o Sr. Interventor e entre as súas máis de 100 páxinas hai cousas curiosas e cousas moi interesantes que convén analizar con certo detemento. Por exemplo, que vostedes os Socialistas a privatizar chámanlle xestión indirecta de servizos públicos, privatizar os centros cívicos si sen subrogar ao persoal, votándoos a rúa sen un euro, iso é o goberno do Partido Socialista no Concello de Vigo. Porque privatizado está case todo neste Concello, o transporte pagámoslle a VITRASA 10,6 millóns de euros, por certo o Goberno de España subvenciona o transporte público na cidade de Vigo, ese goberno de Sr. Rajoy que tanto demonizan, o subvenciona cun 1,2 millóns de euros, 200 millóns de pesetas, poderían dicirlle por favor a VITRASA que haber se se lle ocorre apoiar ao Aeroporto de Peinador, agora que está tan de moda, e que poña algunha lanzadeira da cidade a Peinador, polo menos unha, non a liña que temos que hoxe vemos na prensa que hai 8 liñas directas de Vigo a Oporto pero cero liñas entre a cidade e Peinador; e iso é competencia do Sr. Abel Caballero, menos manifestacións e máis xestións.

Que “Aqualia”, vemos na Conta Xeral, Sra. Díaz, a empresa amiga do Sr. Alcalde, á que vostede prorrogaron o contrato sen traelo e este Pleno, esa empresa amiga lévase 42,5 millóns de euros, dos vigueses/as porque tamén está privatizado o servizo de abastecemento e saneamento.

Na Conta Xeral vemos tamén o que nos custa o lixo, que lle pagamos vinte e dous millóns de euros a “Fomento de Contruccion y Contratas”, outra empresa privada amigo do Alcalde porque o Alcalde é amigo das concesionarias. Cobrando ademais o recibo máis caro de Galicia, por certo mañá os que pagamos o recibo

do lixo remata o prazo, aviso, un recibo que subiu co Alcalde Socialista e de progreso Abel Caballero, subiu ano tras ano, este ano pagamos o 15% máis que pagabamos en 2007.

Tamén vemos como a Xunta de Galicia, que tamén din que non aportada nada a este Concello, pois parece ser que máis de 10 millóns de euros en Programas Sociais e de Emprego, xa quitamos os dezasete millóns de euros que por desgraza aporta a Xunta de Galicia para pagar a RISGA cada ano no Concello de Vigo.

Pero o que nos parece máis grave son as páxinas cincuenta e sete e cincuenta e oito da memoria que vostedes as saltan porque non lles gusta o que din, e aí di que hai máis de dezaseis millóns de euros que o Concello se gasta sen ningún tipo de control fiscal, o ano pasado máis de dezasete millóns de euros executados á marxe do procedemento legalmente establecido sen garantir os principios de transparencia, legalidade, publicidade e libre concorrência. Son gastos que non os inventa o Partido Popular, que están na memoria e que o anuncia o Sr. Interventor. Son gastos que fai o Alcalde baixo a fórmula “faime isto que xa cho pagarei”, só repara neste dato, no ano 2012 dende Alcaldía fixéronse máis de 175 contratos menores, contratos a dedo, que non superan a barreira dos 18.000 euros para que non haxa que pedir tres ofertas nin sacalo a concurso, iso é a transparencia.

Logo dos Organismos Autónomos dicir que a Xerencia, a Sra. Silva foise, pero non sei como non se lle cae a cara de vergoña.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que eu alucino co Partido Popular. Falaba de privatización de servizos, Aqualia ten o mesmo réxime de servizos que cando vostedes gobernaban, non se fixo nada diferente, o servizo de Limpeza é exactamente a mesma empresa que cando vostedes gobernaban, non se fixo nada diferente, o mesmo ocorre coa xestión dos Centros Cívicos saíu un concurso exactamente igual que o que vostedes propuxeron coa única diferenza que cambiou a empresa, é a mesma prestación de servizos e tal como di a lei neste caso está prohibida a subrogación porque non hai convenio colectivo, ogallá a lei fora diferente e nos houbera permitido a subrogación pero a lei que teñen vostedes

vixente prohibe neste momento a subrogación agás que exista convenio, podemos dicir que o lamentamos moito pero cambien vostedes a lei, permitan a subrogación e entón nos incluiremos nos pregos a subrogación, pero se non vostedes estarían aquí a denunciar por incumprir a lei por meter algo que non nos permite a lei. Polo tanto, alucino con vostedes, porque vostedes son persoas públicas e teñen que defender a legalidade e a xustiza e sen embargo estanse deixando levar por voces e non pola legalidade, e vostedes deberían falar claro con todo o mundo, a lei non permite a subrogación agás o caso de convenio colectivo, cambien a lei e mañá mesmo meteremos a subrogación pero empecen vostedes por cambiar a lei.

A Xunta de Galicia, que está facendo en Vigo? Eu preguntolle a tódolos cidadáns, que está facendo a Xunta de Galicia en Vigo? Ou que está facendo a Deputación en Vigo? Que están facendo? Estamos falando do Concello, suponse que a Xunta de Galicia colabora con todos os cidadáns, en que? E o mesmo fala dunha serie de contratos menores, ilegais, Sr. Fidalgo? Pregunto eu que tipo de contratos hai? Os que marca a lei, unha lei que tamén teñen vostedes, ata determinada cantidade son contratos menores, despois son negociados sen publicidade, con publicidade e maiores, os mesmos que están utilizando tódolos organismos autónomos e organismos públicos porque é o que di a lei.

Pero si fala de falta de control, dio o Tribunal de Contas, quen se saltou a falta de control, que traspapelou os papeis, quen escondeu facturas as meteron nun caixón e as pagaron despois é a Xunta de Galicia e dio o Tribunal de Contas, quen se dedica a maquillar as contas é a Xunta de Galicia, non hai nin unha sola palabra do Tribunal de Contas que diga que é o Concello de Vigo o que está maquillando as contas.

Polo tanto, as contas que aparecen aí son reais, verídicas e demostran o que dixemos menos endebedamento, carga fiscal e servizo máis saneado.

VOTACIÓN E ACORDO: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2011), correspondente á Entidade Local, ao Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).

Segundo.- Aprobala Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo correspondente ó ano 2012, integrada por:

- A da propia Entidade.
- O. A. Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- O. A. Escola Municipal de Artes e Oficios.
- O. A. Instituto Municipal dos Deportes.
- O. A. Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Liquidacións dos orzamentos
- Memoria, co desglose que establece a Instrución de Contabilidade modelo normal.

A remisión o Tribunal de Contas e ó Consello de Contas de Galicia farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición das contas, e o Acordo do Pleno do Consello de Contas de data 3 de maio de 2011 relativo ao formato

normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

3.3(130).-APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 22/2013. DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS. EXPTE. 102161/140 (689/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 25 de xuño, o Interventor Xeral do Concello emite o seguinte informe:

“Modificación orzamentaria 22/2013, Suplemento de Crédito para a amortización extraordinaria dos préstamos concertados no ano 2011-2012.

Alegacións:

- Presentada polo Sr. Concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Presentada por: D^a Marta Álvarez Echaide
- Presentada por: D. José Manuel García Fernández

I.- Lexislación aplicable.

-Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).
- Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP.
- Lei 30/1992, de 26 de decembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXe PAC).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Bases de Execución do Orzamento.

II Antecedentes

Memoria e Resolución de incoación do expediente da Alcaldía-Presidencia de data 19/04/2013.

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación de data 20/05/2013.

Aprobación inicial polo Pleno da Corporación en sesión do 27/05/2013.

Publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 107, de data 05/06/2013

Sobre o cumprimento, suxeición á normativa vixente e tramitación, xa foi informado o expediente por este servizo de fiscalización en data 22/04/2013, non facendo constar observación algunha á proposta que se estaba a facer ao Pleno da Corporación, por tanto, sobre o alcance da legalidade a que estaba a ser sometido o mesmo, non hai nada que engadir, polo que, o informe sobre a alegación presentada, vaise a limitar aos aspectos que lle sexan de aplicación e que se atopen taxados no artigo 170 do TRLRFL.

En todo caso, o recurso financeiro proposto como financiamento para a modificación de créditos que está en trámite, axústase ao previsto no artigo 177.4 do TRLRFL e artigo 36.1 do RD 500/1990, sendo o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais un dos recursos previstos no ordenamento xurídico citado.

A aplicación é concreta e específica, estando axeitadamente xustificada a modificación orzamentaria que é obxecto de informe.

A modificación orzamentaria da cumprimento ao previsto no artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Dáse cumprimento ao previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non supor incremento algún no gasto non financeiro en termos SEC, por conseguinte, sen efectos no cómputo do teito de gasto.

Dáse cumprimento ao principio de substentabilidade financeira, xa que está a mellorar tanto os efectos sobre o Orzamento do ano 2013 como nos futuros orzamentos, por estar a diminuír a carga financeira. Así mesmo, tamén está a mellorar o ciclo orzamentario e financeiro, ao non ter que enfrontarse á devolución dos pasivos nos anos que restaban até a súa amortización total.

Ao expediente de modificación de crédito nº 22/2013, se lle aplicará o previsto no artigo 169 do TRLRFL, é dicir, aprobado inicialmente, exporase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento

considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

A Exposición ao público do devandito expediente comezou o día 06/06/2013, é no prazo de reclamacións, presentou alegación o Sr. Concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular.

III Lexitimación.

O artigo 170.1 do TRLRFL, establece a lexitimación, e terán a consideración de interesados:

- a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

Non terán a condición de interesados aos efectos de presentar reclamación perante o prazo de exposición pública, os Concelleiros que forma parte da Corporación, xa que teñen ao seu alcance os prazos que estableza a Comisión informativa para a presentación de emendas parciais ou a totalidade.

No entanto o anterior, ao non se establecer o prazo para a presentación de emendas en Comisión, requisito este que non está a ser tido en conta pola devandita Comisión para as Modificacións Orzamentarias, é polo que se considera que os Srs. Concelleiros poidan presentar no prazo de exposición pública, as alegacións a este tipo de expedientes, de non ser así, quedaríanse sen posibilidade de facelo en ningunha fase do procedemento, o que estaría a limitar os seus dereitos como membros da Corporación.

Polo tanto, a condición de Concelleiro da Corporación, dá a lexitimación para poder presentar emendas ou alegacións, aínda que non sería na fase de exposición pública do expediente, senón non seo da Comisión, é dicir, no prazo que se establecese ao efecto para que os Grupos Políticos en aplicación do artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, acordara para este trámite. Na tramitación futura destes expedientes, a Comisión informativa deberá pronunciarse sobre o procedemento que regula o artigo 97 do Regulamento Orgánico, sendo o prazo para a presentación de emendas ou alegacións os que estableza a Comisión, e as mesmas presentaranse e debateranse no seo da devandita Comisión, quedando o prazo previsto no artigo 170 para os suxeitos nel relacionados.

IV supostos

O artigo 170.2 do mesmo corpo legal, fai unha taxación dos supostos. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta Lei.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados

V Alegación presentada polo Sr. Concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular.

O Sr. Concelleiro en escrito rexistrado o 21/06/2013 co número 130073901, presenta unhas alegacións que en síntese teñen o seguinte alcance:

Non considera suficientemente xustificoado ou motivado a tramitación do expediente baseándose a motivación no aforro de pagamento de maiores intereses.

Que o aforro que xera a mesma, sexa destinada a unha minoración da carga fiscal.

Existencia dun erro de contías entre a Resolución e o informe de intervención.

Á vista do precitado escrito, hai que informar que esta tipoloxía de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL) e artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), así como na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente.

Motivación

En canto a motivación, a Resolución da Alcaldía - Presidencia de data 19/04/2013, establece que: *A xustificación da modificación de créditos, a súa imputación e tramitación neste ano, ten a súa orixe nunha cuestión pura de aforro, xa que supón alixeirar os custos financeiros que devengan as operacións. Ademais, tamén vai ter unha repercusión nos orzamentos futuros, tanto polo aforro nos custos financeiros como pola amortización dos pasivos que se imputarían ano a ano até a súa extinción.*

A criterio desta intervención, o expediente non está a prever un novo gasto que non poida demorarse, a súa finalidade é precisamente a de aforrar un gasto. O artigo 177 do TRLRFL, na súa literalidade, non está a facer un desenvolvemento dos supostos concretos para a tramitación ou xustificación desta tipoloxía de modificación orzamentaria, da súa lectura xenérica, non se podería tramitar un crédito extraordinario para facer fronte a obrigas de exercicios pechados, xa que non se estaría a dar suposto de que "non se poida demorar ao exercicio seguinte", xa que nese caso, o gasto xa estaría executado, de aí, que haxa que acudir a unha aplicación supletoria do ordenamento xurídico

xeral. O artigo 55 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, prevé este tipo de casuística, “*Cuando se trate de créditos extraordinarios o suplementarios que afecten a operaciones financieras del Presupuesto*”. No caso que nos ocupa, estamos ante unha modificación de créditos que afecta a operacións financeiras, xa que os empregos corresponden ao Capítulo IX e os recursos ao Capítulo VIII.

É dicir, a norma e o precepto 177 do TRLRFL, cando establece como motivación para un gasto que non pode ser demorado ao ano seguinte, o lexislador está a someter a un control específico a posibilidade de aumentos cuantitativos do orzamento, evitando dentro do posible, que a Corporación poida estar a aprobar Suplementos de Créditos ou Créditos Extraordinarios para gastos non previstos no orzamento, salvo xustificación, de aí, que teñan unha tramitación a través do mesmo órgano que aprobou o orzamento.

No caso que nos ocupa, considera esta Intervención Xeral, que a motivación que figura no expediente tendente a xerar os aforros de custos financeiros no orzamento corrente e futuros, é considerada suficiente, de non ser tramitada no exercicio e demorala ao próximo ano, ao non amortizar as operacións como estaba previsto na proposta, supón un prexuízo xerado polos custos financeiros correspondentes ao ano ou parte do ano 2013. É dicir, a Corporación está ante un maior gasto tramitado a través dun Suplemento de crédito, cuxo resultado xera un menor gasto, un aforro, o cal motívase po si só, hai un interese xeral na propia posibilidade de xerar un aforro.

De non ser así, non cabería a posibilidade que a Corporación puidese aprobar esta modificación orzamentaria, xa que calquera operación de amortización anticipada de débeda, que sempre é beneficiosa por xerar un aforro orzamentario, non podería acometela, por non ser un gasto que poida demorarse para o ano seguinte, de aí, que con carácter supletorio, se aplique o artigo 55 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Por tanto, non se pode considerar como causa de irregularidade ao expediente, xa que a motivación que se incorporou na memoria foi considerada axeitada no informe emitido por este técnico como favorable e suficiente, facendo constar na páxina 2 do informe de data 22/04/2013, que a motivación tiña unha compoñente económica-orzamentaria e outra de minoración do endebedamento, motivación ambas, que non supoñen gasto, senón un aforro, que por si só, xa constitúe unha motivación para dar cumprimento ao previsto no artigo 177 do TRLRFL. Ademais, si a amortización anticipada tivese un custo para o Concello por estar así prevista no contrato asinado, habería que facer a avaliación do resultado neto da operación, no entanto, nestas operacións, non hai custo pola amortización anticipada, é dicir, todos son beneficios para o Concello, polo que, este técnico considera axeitada e suficiente a motivación para a tramitación do expediente nº 102161/140 correspondente a modificación orzamentaria 22/2013.

Destino dos aforros a diminuír a carga fiscal

Sobre este apartado, non me podo pronunciar, non é un dos supostos regulamentados no artigo 170.2 do TRLRFL como causas para formular a alegación, polo que non debe ser tido en conta aos efectos de alegación, aínda que, pode ser obxecto de debate no seo da política, como unha emenda, non como unha alegación ao expediente de modificación orzamentaria.

Diferencia entre a contía dos aforros que figura na Memoria do Sr. Alcalde Presidente e no Informe de Intervención.

Informe de Intervención

A amortización dos préstamos, vai ter un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, isto é evidente, hai un aforro da carga financeira das operacións que ían a estar a devengar xuros os próximos 8 e 9 anos respectivamente, aínda que este custo non computa no cumprimento da Regra de Gasto, si na estabilidade. O aforro que produce nos orzamentos futuros, tendo en conta o plan de amortización de ambas operacións, é de 3.527.454,87 euros, todo elo sen prexuízo do efecto favorable que produce no orzamento corrente, que vai depender do momento no que se faga efectiva a amortización. Tamén no futuro, o feito de non ter que facer fronte a devolución destes pasivos, tamén vai ter un efecto positivo, tanto no ciclo orzamentario como no financeiro.

Resolución de inicio e incoación do expediente pola Resolución da Alcaldía-Presidencia

A operación concertada no ano 2012, suporá un aforro de custos de acordo ao plan de amortización de 2.964.506,6 euros, xa que remataba a súa vida o 30/12/2022. En canto a operación asinada o ano 2011, o aforro que supón a amortización anticipada é de 1.400.232,02 euros, estando prevista a última amortización o 30/12/2021.

Vista a redacción que figura en ambos documentos, apréciense as diferencias temporais aplicables a cada caso. En primeiro lugar, hai que deixar claro que non existe erro algún, as contías que son obxecto de amortización son as correctas, e correspóndense coas contías de capital vivo a 31/12/2012.

Para as dúas operacións, que foron contratadas en concorrencia competitiva, os contratos formalizados, teñen un custo fixo polo diferencial ofertado para cada unha, a este hai que engadirlle un custo variable, que ven determinado polo tipo de xuro da operación, en ambos casos, Euribor trimestral.

En canto ás previsións de cálculo do aforro, son estimacións: tomouse un Euribor do 1% anual, unha vez adicionado o custo do diferencial, de aí saíron esas previsións de aforro, que seguramente serán aínda maiores, xa que a tendencia de tipos é a alza, polo tanto, o aforro sería maior que o estimado.

En canto ás contías distintas nas previsións de aforro, ambas as dúas son correctas. Na contía do informe emitido polo Interventor Xeral, estase a referir exclusivamente aos orzamentos futuros, é dicir, non se está a considerar o aforro do exercicio corrente, ano 2013, xa que non depende da súa vontade a

data concreta de amortización das operacións, xa que esta competencia é atribuída ao Pleno da Corporación que é quen ten a competencia para aprobar a operación e a data na que o faga, vai variar o cálculo da previsión. A literalidade do parágrafo é a seguinte: *O aforro que produce nos orzamentos futuros, tendo en conta o plan de amortización de ambas operacións, é de 3.527.454,87 euros, todo elo sen prexuízo do efecto favorable que produce no orzamento corrente, que vai depender do momento no que se faga efectiva a amortización.*

En canto á Resolución da Alcaldía de data 19/04/2013, estaba a ter en conta os efectos do aforro xa computables ao ano 2013, sendo esta a variación que recollen os dous documentos. A literalidade do contido da memoria é o seguinte: *A operación concertada no ano 2012, suporá un aforro de custos de acordo ao plan de amortización de 2.964.506,6 euros, xa que remataba a súa vida o 30/12/2022. En canto á operación asinada o ano 2011, o aforro que supón a amortización anticipada é de 1.400.232,02 euros, estando prevista a última amortización o 30/12/2021.*

En consecuencia, non hai nada que corrixir, xa que non afecta á contía que hai que amortizar, e como se explicitou, as contías do capital vivo en relación coas dúas operacións é correcta, e o aforro calculado é unha estimación, que con toda probabilidade será aínda máis alto, xa que na medida que os tipos de xuro evolucionen por enriba do 1%, a cantidade estimada crecerá.

Por tanto, o expediente nin a decisión adoptada polo Pleno da Corporación, non está no suposto regulado no artigo 105 da Lei 30/1992, non hai rectificación algunha que facer, son correctas as contías estimadas, que neste caso, son estimacións, a contía que é obxecto de amortización que son as que hai que devolver as entidades financeiras e que foron as que aprobou o Pleno, son as do principal, que terán efectos nos pactos asinados entre o Concello e as dúas entidades financeiras que formalizaron as operacións:

Contía da Amortización extraordinaria: 16.656.233,44 euros.

Contía da amortización ordinaria NCGB: 928.728,74 euros.

Contía da amortización ordinaria BBVA: 1.037.209,35 euros

VI Alegación presentada por D^a Marta Álvarez Echaide

No prazo de exposición pública do expediente, presentou a interesada a alegación rexistrada co número 130074082, que en síntese ven a argumentar que o expediente nº 102161/140, Modificación orzamentaria 22/2013, non axustou a súa tramitación ao previsto no Regulamento Orgánico do Pleno vixente, xerando esta situación un desamparo para os cidadás por quedar limitada a acción dos representantes políticos.

En relación coa alegación, a mesma é presentada por un cidadá, polo que ten a lexitimación activa para presentar a mesma, estando por elo nos supostos regulados no artigo 170.1 do TRLRFL. En canto aos supostos previstos no artigo 170.2 do mesmo corpo legal, segundo da pretensión, poderíamos estar

no apartado a) do devandito precepto.

En primeiro lugar, hai que facer a matización: os cidadás teñen a súa disposición o prazo de 15 días hábiles que establece o artigo 169 do TRLRFL, polo que, se se goza de lexitimación, e se atopa a alegación nos supostos previstos no artigo 170, poderán facer as alegacións ao expediente.

En segundo lugar, o capítulo segundo do Título VI do Regulamento Orgánico, no seu artigo 98 establece o procedemento de presentación de emendas, sendo este trámite exclusivo para os Srs. Concelleiros que conforman o Pleno da Corporación, en ningún caso para os cidadás, que teñen o prazo de exposición pública do expediente para facer as alegacións.

O artigo 97 establece que será a Comisión informativa a que fixe o calendario de tramitación e apertura do prazo de presentación de emendas. No expediente de referencia, a devandita Comisión non fixou prazo algún, polo que non se pode concluír que o expediente non foi tramitado con suxeición ao procedemento, senón que non se estableceu o devandito prazo, o cal non invalida o procedemento seguido. Tendo en conta o anterior, no prazo de exposición pública do expediente, admitiuse a alegación presentada polo Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, polo quedaría garantida a posibilidade de emendas, que son distintas cas alegacións ou reclamacións que formulen os interesados que regulamenta o artigo 170.1 do TRLRFL.

Polo tanto, non cabe o argumento de erros na tramitación, senón que a Comisión informativa non fixo uso da prerrogativa que establece o artigo 97 do Regulamento Orgánico do Pleno, e non abriu un prazo para que os Srs. Concelleiros presentasen emendas, abríndose neste caso, a posibilidade de facer alegacións no trámite de exposición pública do expediente, que así se utilizou, non habendo conculcación de dereitos para os mesmos.

VII Alegación Presentada por: D. José Manuel García Fernández

No prazo de exposición pública do expediente, presentou o interesado a alegación rexistrada co número 130073805, que en síntese ven a argumentar que o expediente nº 102161/140, Modificación orzamentaria 22/2013, debe destinar os recursos aforrados a diminuír a carga fiscal e ademais, inclúe outra operación na contía da amortización extraordinaria.

Sobre o destino dos recursos, non me podo pronunciar, non é un dos supostos regulamentados no artigo 170.2 do TRLRFL como causas para formular a alegación, polo que non debe ser tido en conta aos efectos de alegación, sería unha emenda ou unha moción tendo en conta os trámites previstos para cada unha das institucións. Polo tanto, ao non estar nos supostos taxados, debe desestimarse.

En canto a contía da amortización é o criterio do interesado en que sexa maior, incluíndo o préstamo do ano 2009, hai que informar o seguinte: Estase a plantexar unha emenda non unha alegación, estando estas limitadas aos supostos regulamentados no artigo 170.2, polo que ten que ser rexeitada. En todo caso, a contía que figura como pendente do devandito préstamo non é o correcto, sendo a débeda viva nesta operación de 4.238.105,40, dos que

3.632.661,77 son a longo prazo, e o resto a curto prazo, que é a cuota de amortización do ano 2013. Así mesmo, a contía da amortización extraordinaria que é obxecto de trámite neste expediente, e unha resultante dos estudos de liquidez, non é unha contía ao azar, polo que, acudir a unha operación maior, podería xerar algunha tensión en algunha fase valle do ano.

Polo tanto, por non atoparse a reclamación nos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL, debe desestimarse a alegación presentada, que como se explicitou, non teñen tal condición, correspondendo a súa cualificación con unha emenda, institución reservada aos Srs. Concelleiros para o prazo no que a Comisión informativa establece para a presentación das mesmas se fose o caso.

VIII Conclusión

Polos motivos expostos neste informe, en síntese son os seguintes:

Alegación presentada polo Sr. Concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular.

Hai motivación suficiente na Memoria subscrita pola Alcaldía Presidencia para a tramitación do expediente, xa que non estamos ante unha modificación para facer fronte a un gasto que non pode demorarse para o ano seguinte, senón que ten como finalidade xerar un aforro, sendo de aplicación supletoria o contido do artigo 55 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

En canto á proposta de destinar os aforros a minorar a carga fiscal, non é un dos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo tanto, non pode ser aceptada como alegación, aínda que sí como unha opción política, tramitación dunha moción.

En canto a diferenza que existen entre os aforros estimados pola amortización das dúas operacións, poderíamos estar tamén nun dos supostos non previstos no artigo 170.2. Non entanto, si existise un erro, poderíamos incluílo no apartado a). Non entanto, non hai erro algún: en ambos casos son previsións baseadas nun tipo de xuro do 1% máis o diferencial da operación, nun caso, o informe de intervención, fai referencia aos aforros de orzamentos futuros, mentres que a Resolución da Alcaldía Presidencia, está a incluír o aforro do ano 2013. En ambos casos, a base de cálculo, o tipo de xuro aplicable e o diferencial é o mesmo, o resultado é distinto, por incluír ou non o ano 2013. non forma parte do acordo os xuros que se aforran, xa que serán os que estivesen vixentes en cada ano, o que forma parte do acordo e vincula, é a amortización-devolución do principal, que é polas contías que figura no informe.

Debe desestimarse a alegación polos motivos razoados neste informe.

Alegación presentada por D^a Marta Álvarez Echaide

Non cabe o argumento de erros na tramitación, senón que a Comisión informativa non fixo uso da prerrogativa que establece o artigo 97 do Regulamento Orgánico do Pleno, e non abriu un prazo para que os Srs. Concelleiros presentasen emendas, abríndose neste caso, a posibilidade de facer alegacións no trámite de exposición pública do expediente, que se utilizou, non

habendo conculcación de dereitos para os mesmos, quedando ademais, a posibilidade de facer emendas ao expediente na fase procedemental que corresponda.

Debe desestimarse a alegación polos motivos razoados neste informe.

Alegación Presentada por: D. José Manuel García Fernández

Por non atoparse a reclamación nos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL, debe desestimarse a alegación presentada, que como se explicitou, non teñen tal condición, correspondendo a súa cualificación con unha emenda, institución reservada aos Srs. Concelleiros.

Debe desestimarse a alegación polos motivos razoados neste informe.

Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.”

Con data 25 de xuño de 2013 a concelleira delegada de Economía e Facenda formula o seguinte informe-proposta:

“Antecedentes

Memoria e Resolución de incoación do expediente da Alcaldía-Presidencia de data 19/04/2013.

Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación de data 20/05/2013.

Aprobación inicial polo Pleno da Corporación en sesión do 27/05/2013.

Publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 107, de data 05/06/2013.

Ao expediente de modificación de crédito nº 22/2013, se lle aplicará o previsto no artigo 169 do TRLRFL, é dicir, aprobado inicialmente, exporase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

A Exposición ao público do devandito expediente comezou o día 06/06/2013, e no prazo de reclamacións, presentáronse as seguintes alegación:

Presentada polo Sr. Concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular, nº rexistro 130073901.

Presentada por: D^a Marta Álvarez Echaide, nº de rexistro 130074082

Presentada por: D. Jose´Manuel García Fernández, nº de rexistro 130073805

As alegacións presentadas teñen o seguinte contido:

Alegación presentada polo Sr. Concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular.

Non considera suficientemente xustificado ou motivado a tramitación do expediente baseándose a motivación no aforro de pagamento de maiores intereses.

Que o aforro que xera a mesma, sexa destinada a unha minoración da carga fiscal.

Existencia dun erro de contías entre a Resolución e o informe de intervención.

Alegación presentada por D^a Marta Álvarez Echaide.

En síntese ven a argumentar que o expediente nº 102161/140, Modificación orzamentaria 22/2013, non axustou a súa tramitación ao previsto no Regulamento Orgánico do Pleno vixente, xerando esta situación un desamparo para os cidadáns por quedar limitada a acción dos representantes políticos.

Alegación Presentada por: D. José Manuel García Fernández.

En síntese ven a argumentar que o expediente nº 102161/140, Modificación orzamentaria 22/2013, debe destinar os recursos aforrados a diminuír a carga fiscal e ademais, inclúe outra operación na contía da amortización extraordinaria.

En contestación as devanditas alegacións, o Sr. Interventor Xeral emitiu informe en data 25/06/2013 que forma parte do expediente, cuxas conclusións incorpóranse a esta proposta.

Para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, fórmase ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo..."

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do día 22 de xullo de 2013, ditaminou favorablemente a proposta formulada pola concelleira delegada

de Economía e Facenda.

DEBATE.-

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Estamos aquí para a aprobación definitiva dunha proposta que fai este goberno que é unha amortización anticipada e extraordinaria de débeda pendente.

A amortización que propoñemos é de unha contía de 16.656.000 e esta amortización extraordinaria de débeda pendente vai supoñer un aforro moi importante para as arcas do Concello xa que, só en intereses tanto este ano como nos anos seguintes estariámonos aforrándonos máis de catro millóns de euros. A orixe para o financiamento desta amortización son os remanentes líquidos de Tesourería, como dixen antes sitúanse por un valor de oitenta e dous millóns de euros, polo tanto ese aforro acumulado e o único destino que neste momento nos permite a lei para este aforro acumulado é precisamente a amortización de préstamos, polo tanto é o destino que lle demos.

Como dicía antes a débeda nestes momentos é de 55,8 millóns de euros, coa amortización extraordinaria que propoñemos de 16,5 millóns sumados á amortización que xa contemplamos no Orzamento de nove millóns, este ano estaríamos amortizando débeda por un total de 25,7 millóns de euros, o que nos quedaría pendente a 31 do ano 2013, trinta e nove millóns de euros. Pero tal como aparece aí, hai un Plan de amortización de débeda para os próximos anos que ten como obxectivo diminuír a débeda do Concello progresivamente ata chegar ao ano 2016 cunha débeda total neste Concello cero. Como moi ben lle dicía somos o Concello menos endebedado de España, e con esta proposta que nos traemos aquí imos ser tamén un dos primeiros concellos con débeda cero. Estabamos vendo como outros están cuestionando ata que nivel de déficit poden chegar, pois nós o obxectivo que nos propoñemos é moito máis alá, xa non só déficit senón superávit que iremos amortizando os préstamos de maneira que no ano 2016 a débeda será cero.

O obxectivo é aforrar en carga financeira tanto actual como futura que nos irá permitindo tódolos anos, a partir de agora, cada vez destinar máis cartos a

Política Sociais e a Políticas de Emprego, ese é o gran obxectivo liberar recursos para poder así destinar cada vez máis cartos de tódolos cidadáns ao que neste momento necesitan os cidadáns que é atención social, á educación, á dependencia, e sobre atención ao emprego. Ese é o obxectivo, liberar recursos, débeda cero, menos carga financeira.

Repítolles que nestes momentos temos un teito de gasto que a lei nos obriga a cumprir e polo tanto neste momento estes cartos dos remanentes no o podemos destinar a outra cousa que non sexa a amortización de préstamos, polo tanto a opción que temos aquí é votar que si a esta amortización de préstamos e a liberación de recursos ou votar que non, e decidir darlle todos estes cartos aos bancos que é neste momentos quen teñen os cartos.

A opción é que os bancos sigan cobrando intereses ou destinar eses intereses aos cidadáns, esas son as opcións que propoñemos e é o que traemos hoxe aquí.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós xa nos manifestamos no momento da proposta para a aprobación inicial desta modificación para amortizar débeda, porque estamos radicalmente en contra destas medidas que ademais foron postas en marcha polo goberno do Partido Popular, que pretenden basicamente que cos cartos públicos lles deamos negocio e liquidez aos bancos. Ese é o obxectivo fundamental, cos aforros de todos e de todas, cos cartos que non se gastan nas administracións públicas por unha banda se lles ofrece liquidez aos bancos, devolvendo a débeda antes de que sexa necesaria facela, e por outra banda se lles ofrece negocio podendo subscribir novos créditos cos bancos, é a conta redonda. Neste momento ese é o obxectivo fundamental das medidas que se tomaron, das medidas lexislativas que ao que nos obriga é a priorizar o negocio e a liquidez dos bancos é dicir, o investimento en servizos e necesidades para a cidadanía das entidades locais, sexan os Concellos ou sexan as Deputacións.

Nós o que reclamamos é que se modifique esa lexislación, e que se nos permita utilizar os nosos cartos, os cartos dos vigueses/as para prestar os servizos que necesita a cidadanía. Iso é o que reclamamos, que se modifique esa lexislación.

Mentres, hai que facer un esforzo e se é preciso ser insubmisos fronte a esa obrigatoriedade de establecer un Teito de gasto, de feito a propia Deputación de

Pontevedra, o venres pasado, levou ao Pleno unha modificación orzamentaria na que claramente se declararon insumisos a esta lei, a súa propia lei por certo, porque non respecta o teito de gasto, porque vai adicar cartos que tiñan que adicarse á amortización débeda, a un Plan de emprego, logo veremos como se fai ese Plan de emprego porque xa todos coñecemos como reparten os cartos dende a Deputación de Pontevedra, cando chegue o momento de poñer en marcha ese Plan de emprego xa o veremos. Pero o que si vimos claramente é que mesmo a Deputación de Pontevedra é consciente de que todos eses recursos económicos que están nunha Deputación é preciso utilízalos e non darllos aos bancos, veremos se o goberno da Xunta de Galicia llo permite, unha vez que ese teito de gasto nas contas da Deputación evidentemente non sexa respectado. Pero o problema é que agora mesmo non podemos utilizar os nosos cartos en servizos para a cidadanía, e iso nós non imos apoiálo nunca, de ningunha das maneiras, eses cartos son do Concello de Vigo e teñen que estar no Concello de Vigo, e non imos apoiar que se lles dean aos bancos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Traen este expediente saltándose a lei porque tiñan que telo traído despois dun mes de ter presentado as alegacións, así o di a Lei de facendas locais, pero para vostedes a lei está para saltárseas. Da a impresión, Sr. Alcalde e Sra. Concelleira, dános a impresión de que vostedes non tiñan ningún interese agora de traer este expediente, dános a impresión porque as cousas en Madrid cambiaron un pouco e ao mellor estes cartos que agora a lei só permite utilízalos para amortizar débeda, igual dentro de pouco permite utilízala para outras cousas, agora tráeno coa boca pequena.

Tráeno tarde, mal e arrastro poderían telo traído en prazo e así houberamos cumprido, primeiro coa lei que xa non é pouco e segundo que os vigueses/as nos houberamos aforrado máis de 50.000 euros, porque si isto é un expediente para amortizar débeda se a amortizo un mes antes non estou pagando os intereses dun mes, cae de caixón, entón como os intereses máis ou menos calculados son de 50.000 euros ao mes, no que imos amortizar hoxe ou o que pretenden amortizar hoxe, pois nos houbésemos aforrado 50.000 euros.

Xa non imos entrar no disparate que entramos na aprobación inicial de que unha

semana despois de asinar un préstamo ao 6%, vostedes asinan nunha semana un préstamo de nove millóns ao 6% e a semana seguinte van ao mesmo banco e dinlles “quero amortizar o préstamo que teño máis barato que teño ao 3%”, non cabe en ningunha cabeza, amortizamos o préstamo barato para asinar o préstamo caro, non cabe en ningunha cabeza.

Pero esta é a política de bandazos do Sr. Abel Caballero, a política do que non sabe a onde vai, a política de que non sabe a onde leva esta cidade, a política, se me permite, “manquiña”, sabe cal é? Que o mesmo dígolle unha cousa que lle digo a outra, esa é política que utiliza o Sr. Alcalde Abel Caballero.

E se hoxe se produce este debate Sra. Díaz, se hoxe estamos aquí falando sobre este expediente, é única e exclusivamente gracias á responsabilidade do Partido Popular, o partido maioritario nesta cidade porque nos abstivemos na aprobación inicial e iso permitiu que o expediente chegase á aprobación definitiva.

Nós cremos que é positivo reducir a elevada débeda que ten a cidade de Vigo, os cen millóns de euros de débeda que ten a cidade de Vigo, débeda financeira e non financeira, porque vostedes atopáronse cunha situación económica moi favorable cando chegaron a este Concello, cunha débeda que baixou cando estaba o Partido Popular de 108 millóns a 47, hoxe volve a subir está en cen millón de euros de débeda, porque Vigo é o Concello de Galicia onde máis crece a débeda, Vigo é o Concello de Galicia onde máis creceu a débeda en 2012, nada menos que o 21%. Por isto, a este grupo político pareceulle que lle podíamos darlle un voto de confianza e abstivémonos na aprobación inicial, poderíamos chegar a un diálogo en destinar o aforro que se vai producir en baixarlle os impostos aos vigueses.

Nós puxémoslles dúas condicións para aprobar esta modificación de crédito; unha, baixar os impostos aos vigueses e dúas, non contratar máis préstamos. Parece que a segunda vaise a cumprir e a primeira verémolo en setembro coas Ordenanzas, veremos que proposta de subida de impostos municipais nos traen para 2014.

Nós imos volver a darlles ese voto de confianza, imos votar a favor de que saia adiante esta amortización por responsabilidade, por coherencia política, por que produce un aforro de máis de 3,5 millóns en intereses e porque é bo para a saúde

económica do Concello. Para sanear as contas municipais poden contar co Partido Popular, para o gasto, a dilapidación e subilos impostos, co Bloque Nacionalista Galego

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Debo recoñecerlle ao Partido Popular o seu xesto, polo tanto agradezo o seu voto a favor, simplemente dicirlle ao Bloque Nacionalista Galego que o da insubmisión como dicimos aquí “depende”; na Deputación de Pontevedra aprobouse unha modificación orzamentaria de remanentes para determinado gasto corrente pero tamén para amortizar débeda, e o maior volume foi para a amortización de débeda e por que? Porque a lei actual do ministerio impón unha regra de gasto, e impón como criterio obrigatorio que os gobernos cumpran a regra de gasto e se non cumpren iso é motivo de intervención. Eu non sei se á Deputación o ministerio, como é do mesmo signo, a intervirá ou non, pero eu pódelle asegurar que se o Concello de Vigo incumpra a regra de gasto, vai ser un dos primeiros concellos en ser intervidos. Polo tanto, o obxectivo deste Concello é que non sexa intervido e que sexamos os cidadáns vigueses os que elixamos o noso destino.

Polo tanto, non imos permitir en ningún momento que dende Madrid ou dende a Xunta de Galicia elixan o noso destino e o que queremos facer nesta cidade. Temos que aplicar a lei vixente, nos guste ou non nos guste, por suposto que non nos gusta e xa o manifestamos pero é o que hai.

O que fixemos pois foi dar, como dicimos tamén, “unha revirivolta”, non podemos destinar hoxe estes cartos a políticas sociais pero si me permite aforrar cartos para destinalo mañá a políticas sociais. Se eu me declaro insubmiso e non fago nada non poderei destinar nada, polo tanto a opción é ou destinala a partir de mañá ou non facer nada, e eliximos destinala a partires de mañá, é mellor o menos malo que o malo, esa é a opción que nós eliximos.

Polo tanto, defendemos a nosa amortización anticipada de préstamos, entendemos que na condición actual é o prioritario porque o prioritario é ofrecer políticas sociais, educativas e de emprego, que a lei actual tal como está non nos permite facer modificacións de préstamos para políticas sociais e para educativas, e esta é a vía que atopamos amortización extraordinaria para así

liberar recursos para o día de mañá poder destinalos a políticas sociais, educativas e emprego.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e dous votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada polo Sr. Concelleiro D. Miguel Fidalgo Iglesias, do Grupo Municipal do Partido Popular ao expediente número 102161/140, modificación de créditos número 22/2013, polos motivos razoados no informe do Sr. Interventor Xeral que en síntese se reproducen:

Hai motivación suficiente na Memoria subscrita pola Alcaldía Presidencia para a tramitación do expediente, xa que non estamos ante unha modificación para facer fronte a un gasto que non pode demorarse para o ano seguinte, senón que ten como finalidade xerar un aforro, sendo de aplicación supletoria o contido do artigo 55 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

En canto á proposta de destinar os aforros a minorar a carga fiscal, non é un dos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, por tanto, non pode ser aceptada como alegación, aínda que se como unha opción política, tramitación dunha moción.

En canto á diferenza que existen entre os aforros estimados pola amortización das dúas operacións, poderíamos estar tamén nun dos supostos non previstos no artigo 170.2. Se existise un erro, poderíamos incluílo no apartado a). Non entanto, non hai erro algún, en ambos casos son previsións baseadas nun tipo de xuro do 1% máis o diferencial da operación; nun caso, o informe de intervención, fai referencia aos aforros de orzamentos futuros, mentres que a Resolución da Alcaldía Presidencia, está a incluír o aforro do ano 2013. En ambos casos, a base de cálculo, o tipo de xuro aplicable e o diferencial é o mesmo, o resultado é distinto, por incluír ou non o ano 2013. Non forma parte do acordo os xuros que se aforran, xa que serán os que estivesen vixentes en cada ano, o que forma parte do acordo e vincula, é a amortización-devolución do principal, que é polas contías que figura no informe.

SEGUNDO.- Desestimar a alegación presentada por D^a. Marta Álvarez Echaide ao expediente número 102161/140, modificación de créditos número 22/2013, polos motivos razoados no informe do Sr. Interventor Xeral que en síntese se reproduce:

O artigo 97 establece que será a Comisión informativa a que fixe o calendario de tramitación e apertura do prazo de presentación de emendas. No expediente de referencia, a devandita Comisión non fixou prazo algún, polo que non se pode concluír que o expediente non foi tramitado con suxeición ao procedemento, senón que o mesmo órgano non se estableceu o devandito prazo, o cal non invalida o procedemento seguido. Tendo en conta o anterior, no prazo de exposición pública do expediente, admitiuse a alegación presentada polo Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, polo quedaría garantida a posibilidade de emendas, que son distintas cas alegacións ou reclamacións que formulen os interesados que regula o artigo 170.1 do TRLRFL.

Polo tanto, non cabe o argumento de erros na tramitación, senón que a Comisión informativa non fixo uso da prerrogativa que establece o artigo 97 do Regulamento Orgánico do Pleno, e non abriu un prazo para que os Srs. Concelleiros presentasen emendas, abríndose neste caso, a posibilidade de facer alegacións no trámite de exposición pública do expediente, que se así se utilizou, non habendo conculcación de dereitos para os mesmos.

TERCEIRO.- Desestimar a alegación presentada por D. José Manuel García Fernández ao expediente número 102161/140, modificación de créditos número 22/2013, polos motivos razoados no informe do Sr. Interventor Xeral que en síntese se reproduce:

Sobre o destino dos recursos, non me podo pronunciar, non é un dos supostos regulamentados no artigo 170.2 do TRLRFL como causas para formular a alegación, polo que non debe ser tido en conta aos efectos de alegación, sería unha emenda ou unha moción que podería presentar que ostente a condición de Concelleiro, tendo en conta os trámites previstos para cada unha das institucións. Polo tanto, ao non estar nos supostos taxados, debe desestimarse.

En canto a contía da amortización é o criterio do interesado en que sexa maior incluíndo o préstamo do ano 2009, hai que informar o seguinte: Estase a plantexar unha emenda non unha alegación, estando estas limitadas aos supostos regulamentados no artigo 170.2, polo que ten que ser rexeitada. En todo caso, o importe que figura como pendente do devandito préstamo non é o correcto, sendo a débeda viva nesta operación de 4.238.105,40, dos que 3.632.661,77 son a longo prazo, e o resto a curto prazo, que é a cuota de amortización do ano 2013. Así mesmo, a contía da amortización extraordinaria, e consecuencia de estudos de liquidez, non é unha contía ao azar, polo que, acudir a unha operación maior, podería xerar algunha tensión en algunha fase valle do ano.

CUARTO.- Aprobar definitivamente a modificación orzamentaria nº 22/2013, Suplemento de crédito, por unha contía de 16.656.233,44 euros, para facer fronte á amortización extraordinaria dos préstamos concertados no ano

2011 coa entidade financeira BBVA e o concertado no ano 2012 con Novagalicia Banco.

Xuntamente coa amortización extraordinaria, adiantarase á mesma data a amortización ordinaria, deste xeito, ambas operacións quedarán canceladas e deixarán de devengar xuros no ano 2013.

En consecuencia, as cantidades a amortizar de ambas operacións serán as seguintes:

Contía da Amortización extraordinaria: 16.656.233,44 euros.

Contía da amortización ordinaria NCGB: 928.728,74 euros.

Contía da amortización ordinaria BBVA: 1.037.209,35 euros

En cumprimento do previsto no art. 177.4 d0 TRLRFL, os recursos e os empregos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Apli/ once pto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
87000	82.338.600,35	16.656.233,44	65.682.366,91	0110.9130200	1.037.209,35	8.297.674,83	9.334.884,18
				0110.9130300	928.728,74	8.358.558,61	9.287.287,35
Total		16.656.233,44		Total		16.656.233,44	

QUINTO.- Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

SEXTO.- Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobado, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por si só a aplicación do suplemento de crédito.

3.4(131).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO SEMESTRE DO 2013. EXPTE. 102191/140 (695/1101)

ANTECEDENTES.- O interventor xeral municipal, por escrito de data 2 de xullo de 2013, informa do que segue:

“Asunto: Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao Primeiro semestre do 2013, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2013, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de marzo de 2013.

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final.

En canto os estados consolidados, a información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: A Entidade Local, o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Adxúntase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagamentos tanto de orzamento corrente como de pechados.”

No expediente figuran dezaioito cadros contables debidamente dilixenciados por

esta Secretaría Xeral do Pleno

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 22 de xullo, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.-

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Antes falabamos das conta do ano 2012 e o que toca agora falar é do que levamos recorrido no ano 2013, o primeiro semestre.

De acordo cos datos do informe de Intervención o Orzamento total do ano sitúase en 241,4 millóns de euros dos cales xa foron autorizadas prestacións, servizos, ou están retidos para actuacións, un total de 185 millóns de euros, o que representa un 77% do Orzamento que xa está en marcha. Queremos destacar o que son prestacións de servizos para tódolos cidadáns por valor de 79 millóns de euros, un 70% do total de prestacións e servizos, tamén en subvencións a todo tipo de entidades sociais, educativas, veciñais, deportivas, xa se levan aprobado e pagado, subvencións por valor de quince millóns de euros, que é un 58% total para todo o ano, o cal demostra a axilidade no pago e na concesión das subvencións aos cidadáns, e tamén en inversións reais xa se iniciaron tódolos proxectos por valor de 11,5 millóns que representa un total dun 71% das inversións totais que están en marcha.

Tamén destacar outro dato importante, a porcentaxe de pagos de todo este período sitúase nun 98,77%, é o que lle dicía, cuns remanentes importantes de Tesourería non hai problemas de liquidez e podemos facer fronte a tódolos pagos. Pero detrás das cifras o que importa son as realidades que hai, son os feitos concretos, as persoas concretas que están detrás, e queríamos deixar constancia que neste semestre púxose en marcha o Plan de compensación contra a crise con eses 3.200.000 millóns que van permitir ofrecer axudas a miles de familias na nosa cidade que están pasando por unha situación económica moi complicada. Eu creo que é noso pequeno grao de arena, e dende aquí gustárame invitar a outras administracións a que sumen tamén o seu pequeno grao de area e así entre todos poderamos axudar e paliar esta situacións tan complicadas

polas que atravesan algunhas familias.

Tamén falabamos de que hai inversións en marcha como son a urbanización da rúa Panamá, Brasil, Aragón ou Martínez Garrido ou instalacións deportivas como pode ser a famosa pista de atletismo en Castrelos que é recente ou a actuación arbórea que fixemos na avenida de Castelao. Tamén falamos de Plans de emprego por valor de máis de catro millóns de euros con 700 empregos directos, falamos tamén da Teleasistencia que outras administracións deixaron de atender, de máis subvencións aos comedores escolares que outras administracións deixaron de atender, das bolsas a libros que outras administracións deixaron de atender, das nosas escolas infantís municipais que ofrecen máis prazas a nenos a prezos máis reducidos das que ofrecen outras administracións, e falamos tamén da limpeza diaria das nosas rúas, do mantemento das zonas verdes, dos bancos para os nosos maiores e así poderíamos seguir con actuacións e actuacións por toda a cidade e para tódolos cidadáns, porque esa é a nosa obrigaón e iso é polo que estamos aquí, para ofrecer cada día máis e mellores servizos aos nosos cidadáns. Demóstrao unha vez máis o estado de execución de ingresos e de gastos e o seguiremos poñendo en marcha o resto que queda de ano.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Estado de execución de ingresos e gastos correspondentes ao primeiro semestre do 2013. Estamos vendo como se está comportando o Orzamento este ano, antes viamos na Conta Xeral como se comportara. Sra. Díaz, os concelleiros do Partido Popular sabemos que vostedes ten talento, ten moito talento, e a pesares de que ultimamente parece un pouco castigada polo Alcalde, estamos seguros que si se esforza terá éxito na xestión das finanzas, non me escoitou o Sr. Alcalde, logo repítollo.

Creo que vai ter éxito, ese é o noso desexo, non teña ningunha dúbida, pero non se aplican no que deberían, a súa xestión económica é manifestamente mellorable, e por iso esta sinatura quedaríalle para setembro o Estado de execución de ingresos e gastos, por que? Porque en primeiro lugar, no nivel de execución do Orzamento vai mal Sra. Díaz, na parte de gastos só levamos executado o 35% do Orzamento, igual de mal que o ano pasado, pero o ano pasado tiñan unha escusa, a ver cal atopan este ano, o ano pasado a escusa era

que se aprobara o Orzamento en xuño, entón o primeiro semestre case non lles deu tempo a executalo pero este ano o Orzamento aprobámolo en xaneiro, entón xa no vale esa escusa.

Como tódolos anos os vigueses pagamos máis impostos e recibimos menos do Orzamento municipal, a cidade está parada, non empezaron ningunha das obras ou case ningunha das obras previstas no capítulo VI, no ano de eleccións, en 2011 hai dous anos, a estas alturas de ano xa levaban executado no capítulo de inversións a metade do Orzamento, había eleccións, había que facer cousas, había que cortar cintas. Este ano só levan executado o 14% do Orzamento de inversións, que vai pasar co Paseo de Bouzas, Tomás Alonso, o famoso acceso a Navia que lle prometeron aos cidadáns de Navia, un acceso directo dende a VG-20, non está, Marques de Valterra, ou a mellora do parque de bombeiros, non vai haber nada para o Mercado do Berbés? E as escolas infantís? Señores de Bloque Nacionalista Galego que lle deron o seu voto a favor no Orzamento por dúas escolas infantís que ían empezar este ano en Navia e en Lavadores, non están executadas, para que as puxeron no Orzamento? E o Centro Galego de Fotografía, señores do Bloque Nacionalista Galego? Está terminado pero baleiro, haberá que dotalo de mobiliario, de servizos para poder abri-lo, non serve de nada ter un edificio aí parado. Eu non sei se están durmindo a sesta, Sr. Alcalde, ou é que entre tanto programa de televisións locais, tanto saír na radio, tanto viaxe a Madrid, é que está un pouco despistado do día a día, ten que centrarse porque este é o Concello a quen se debe, ó Concello de Vigo, ten que centrarse nos intereses dos cidadáns de Vigo e executar ao menos o Orzamento.

A Tesourería, imos mal porque comezábamos o ano noventa e un millóns de euros en caixa e agora imos con cincuenta e oito millóns, moi cerca xa do límite de seguridade.

Logo, o máis interesante da execución está nos ingresos, iso si os ingresos van como motos, aí executan, aumentan a recadación, machacan aos cidadáns a multas de tráfico, é increíble, canto o peor está pasando a xente, vostedes son crueis coas multas, acáballe de afeal a cara ata o Valedor do Cidadán dicindo que poñen multas graves cando son leves, por isto o Sr. Alcalde o Sr. Caballero vai pasar a historia, por ser o Alcalde que máis multou e que máis subiu os impostos

municipais.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: De novo unha vez máis o Partido Popular mente e non sabe de quen está falando, esta falando das multas, quen acaba de reforma a Lei de Tráfico para poñer multas aos cidadáns incluso aos peóns con probas de alcolemia e cousas así que vai multar con mil euros a un peón por cruzar onde non debe, que pon esa multa? Eles, acaban de modificar a Lei.

Fala de subir impostos, quen subiu este sábado a luz un 3%? O Partido Popular, e quen puxo o canon da auga? O Partido Popular, quen subiu as taxas das garderías infantís para os nenos? O Partido Popular. E vostedes teñen fillos en idade escolar que van a colexios públicos, quen lles vai subir o comedor? O Partido Popular que acaba de decidir que non vai pagar os comedores dos Colexios Públicos e os nenos van ter que pagar comedor. Polo tanto o Partido Popular creo que ten a visión un pouco desviada e está a falar doutra persoa, non está falando precisamente do Alcalde e o que lle doe ao Partido Popular é que o Alcalde da cidade de Vigo sexa Vicepresidente da FEMP iso é o que lle doe, porque cando gobernaba o Partido Popular a representación na FEMP nin se sabía onde estaba e agora doe, porque ata o propio ministerio nas súas comparecencias e nas súas roldas de prensa cita a Vigo, pódese traer o texto, como exemplo de cidade mellor xestionada, e iso é o que lle doe ao Partido Popular de que cando eles gobernaron non podían dicir iso. Tódalas palabras eran precisamente o contrario, concello endebedado, con facturas no caixón, que non paga, irresponsable, claro iso é o que lle doe, porque as cifras o que reflicten é que estase executando, iniciando os proxectos, estase poñendo todo en marcha, vostede o dicía, hai uns anos a cidade estaba patas arriba e, por sorte, segue patas arriba, por que iso é o que queremos transformar a cidade e ofrecer mellores servizos aos cidadáns porque os das barreiras arquitectónicas, lémbrolles, fomos nós quen empezamos a eliminar barreiras arquitectónicas de forma masiva. Introducimos no Orzamento partida para poder eliminar as barreiras arquitectónicas.

E falaba vostede de dous casos concretos, o acceso a Navia, fale vostede co ministerio e dígalles que nos de o permiso porque nós falamos e nos dixo que

non, polo tanto, xa que vostede ten tanta influencia a ver si o ministerio no di que si, porque é vostede o que ten que ir agora a Navia, e dicirlles mire non podemos facer o acceso porque o nosa ministra de Fomento non nolo permite. Falaba das multas e poñía un exemplo no que había discrepancia sobre si era grave ou leve, non cuestionaba que estivera mal posta a multa, e facía alusión a un decreto, pero é que hai máis, desgraciadamente o Valedor esquecese de que hai outro que di, o Real Decreto do 2003, que tipifica expresamente como infracción grave o estacionamento de carga e descarga, polo tanto haberá discrepancia pero non están mal posta.

A PRESIDENCIA: Queda dada a conta.

Antes de pasar ao punto 3.5 e poñer en coñecemento do Pleno que os tres grupos: Popular, Socialista e do Bloque Nacionalista Galego chegamos a un acordo de declaración institucional referente ao sector naval na que despois dunha introdución, poñendo de releve o custo de postos de traballo que pode ter a resolución da Unión Europea sobre o Sector Naval, o Pleno do Concello acorda unha serie de puntos: apoia ao Sector Naval da ría de Vigo, que o goberno de España defenda os intereses no Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que concrete o esforzo fiscal máximo a asumir co novo tax lease que garanta que inversores e estruturadores segan desenvolvendo a súa actividade, que dende alí o ICO do goberno de España, poña atención ao financiamento, á Xunta de Galicia habilitación de liñas especiais de avais, elaboración dun Programa de desenvolvemento e industria naval e promover, dende o Goberno de España conxuntamente coa Unión Europea, facer posible co sector naval supere a crise, crear instrumentos financeiros, promover dentro da Unión Europea novos mecanismos de financiamento a longo prazo, habilitar mecanismos transitorio de carácter excepcional para ter dereito á prestación de desemprego das persoas que perderan o seu posto de traballo no propio sector naval e no punto sétimo, a decisión do colexio de comisarios proposta polo comisario Almunia ten posto en perigo o futuro do sector naval, por este motivo o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

a) Declarar “persoa non grata” para a cidade ao comisario europeo Joaquín

Almunia

b) Instar ao comisario europeo Joaquín Almunia a presentar a súa dimisión no goberno da Unión Europea e que dita dimisión se leve a cabo de forma urxente e inmediata.

Procedemos a votación, lles parece aos grupos?

SRA. VELOSO RÍOS: Eu entendo que o que é importante desta declaración institucional é que é unha declaración institucional acordada por consenso das tres forzas políticas e que traemos aquí como un acordo conxunto tal e como ademais falamos na Xunta de Voceiros, que non tería sentido traela aquí para ter que debatela e votala senón que o importante é que isto non o temos que votar, que é un acordo das tres forzas políticas, tampouco nos imos opoñer a que se vote porque vai ser aprobada por unanimidade.

A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do contido do presente expediente.

3.5(132).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2013. EXPTE. 7251/540 (697/1101)

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro municipal, por escrito de data 17 de xullo de 2013, informa do que segue:

“INFORME.-

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

1. Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
2. Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o

texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

INFORME.-

I.- O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos.

II.- A estes efectos, o apartado 4º do artigo 216 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece que:

“4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a remuneración de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a remuneración de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a

Administración aprobese a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.”

Neste sentido, o artigo 222.4 da LCSP, relativo ó cumprimento dos contratos, dispón que:

“4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración Pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a devandita recepción, o prazo de trinta días contarase dende que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

E, por fin, no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 235 da LCSP, en relación ó cumprimento do contrato de obras, establécese un prazo máximo de tres meses, contados a partir da recepción da obra, para que o órgano de contratación aprobe a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo de trinta días previsto no artigo 216.4.

III.- O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio

(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>) , que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

1. Pagamentos realizados no trimestre.
2. Intereses de demora pagados no trimestre.
3. Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
4. Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os

correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

IV.- No caso do Concello de Vigo, e dado que a circular informativa da Intervención Xeral de data 6 de agosto de 2012 establece que os responsables que teñan ó seu cargo a sinatura dos documentos cobratorios, tales como facturas ou certificacións, disporán dun máximo de cinco días naturais a partir da data do rexistro, para conformar o documento e remitilo á Intervención para a súa fiscalización, o prazo de trinta días previsto na LCAP compútase, ós efectos de determinar o cumprimento dos prazos de pago establecidos na citada Lei, unha vez transcorridos cinco días dende a data de rexistro da factura ou certificación correspondente.

V.- En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2013 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

3. Número de pagos: 1.747
4. Importe total: 19.365.373,89 euros

Fora do período legal de pago:

5. Número de pagos: 330
6. Importe total: 5.216.661,97 euros

Período medio de pago (PMP): 22,84 días

O "*Periodo medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 17,29 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

Intereses de demora pagados no trimestre.

- 7. Número de pagos: 0
- 8. Importe total de intereses: 0,00 euros

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- 9. Número de operaciones: 178
- 10. Importe total: 784.481,48 euros

Fora do período legal de pago:

- 11. Número de operaciones: 29
- 12. Importe total: 118.758,51 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 24,69 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 53,51 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- 13. Número: 15
- 14. Importe total: 190.987,53 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 151,04 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos."

No expediente figuran catro cadros contables debidamente dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 22 de xullo, tomou coñecemento de todo o anterior.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis seguimos falando das contas do ano 2013, neste caso é o informe trimestral de Tesourería dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo neste segundo trimestre.

Os datos reflicten que no segundo trimestre do ano 2013 realizáronse un total de 2.077 pagos, por un importe total de 24,5 millóns de euros, aquí está o que a vostedes non lles cadraba que pagamos 22 millóns de euros. Sendo o período medio de pago deste período 22,84 días repito, o período medio de pago deste trimestre é de 22,84, é o máis baixo dende a entrada en vigor no ano 2010 da normativa pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade. A estes efectos lembramos que a normativa establece a obriga da administración de aboar un prezo nun prazo máximo de 30 días dende que se acredite a conformidade, pois ben, nós estamos nun 22,84 días, polo tanto, estamos case oito días por debaixo do que marca a lei. Isto é o que nos permite dicir, unha vez máis, que somos unha das administracións máis cumpridoras, que somos a administración que menos paga porque o que estamos a dicir é que dende que entra a factura no Concello tárdase 22 días en pagar. Nestes momentos ningunha administración, nin concello, ni do Goberno Central, nin a nivel autonómico

poden dicir que pagan nun período inferior a 30 días.

Estamos aí de novo traballando por toda a cidade, polos cidadáns, neste caso estamos falando dos nosos provedores, das pequenas e medianas empresas, sabemos a dificultade financeira pola que están pasando, polo tanto, tamén é a nosa obriga ofrecer ese servizo o máis rápido que podamos, e temos este compromiso de estar pagando nun prazo entornado aos 20-22 días. Sabemos da necesidade de financiamento que teñen, así como noutros concellos hai empresas que teñen verdadeiros problemas porque tardan moito en cobrar, nós non queremos que ese sexa un problema para as empresas. E outra forma de poder axudar a estas pequenas e medianas empresas, que o prazo de pago da administración sexa o máis rápido posible, no noso Concello é de 22,84 días e a lei marca 30 días.

SR. FIDALGO IGLESIAS: A administración ten a obriga de abonar as facturas dentro dos 30 días seguintes a súa presentación, en Vigo este prazo é de 35 días porque aquí establececese que os responsables de cada unidade de gasto teñan cinco días dende a data de rexistro para conformar os documentos, logo ese prazo empeza a contar a partir do quinto día dende a data de rexistro, non me equivoco.

Teño que recoñecer Sra. Díaz, que por isto lle dicía antes que tiña talento, que neste punto, no pago das facturas vai mellorando, progresa adecuadamente, o cal tampouco era nada difícil porque no período anterior máis da metade das facturas pagábanse fora de prazo, o 53% das facturas, entón ten moito marxe para mellorar. Pero non se confíe porque aínda existe moito marxe de mellora, porque neste período que vostede analiza houbo 330 facturas por importe de 5.200.000 euros que se fixeron fora de prazo, vostede fala de períodos medios, pero si unha as paga moi pronto e outras as paga moi tarde a media sáelle, pero porque hai 330

provedores, empresas as que se lles paga a factura con moito atraso, por que?

Ademais, ao final do trimestre quedaron sen pagar vinte e nove facturas que xa excederan do prazo legal, e miren se lles queda marxe de mellora porque hai quince facturas que levan máis de tres meses e nin sequera se tramitaron o corresponde expediente, unha media de máis de 150 días que levan estas quince facturas sen pagar, e iso entra e ten moito que ver cos gastos que se realizan sen control, encárgase o gasto e despois xa cho pagarei, xa armarei o expediente, iso leva moito tempo evidentemente, unha vez que se presenta a factura.

Por isto pedímoslle que non presuman porque aquí hai moitos buratos negros na súa xestión económica, por exemplo en Urbanismo, Sra. Silva, quérolle dicir que hai moitos buratos negros en xestión económica, moitos pozos sen fondo. A Xerencia de Urbanismo é un pozo sen fondo porque costa doce millóns de euros e ingresa 1,5 millóns de euros, o urbanismo está paralizado pero alí segue habendo moito traballo, parece ser, e moito gasto e os cidadáns de Vigo non se poden permitir gastarse doce millóns de euros e ingresar 1,5, non llo poden permitir gastalo nun Urbanismo que está paralizado, por isto este Concello necesita xestión, rigor nas contas. As empresas que traballan para o Concello non teñen porque sufrir nas súas carnes o atraso dos pagos, Sra. Díaz. A culpa, que iso encántalle ao Sr. Alcalde, non é nin do Sr. Rajoy nin do Sr. Feijóo, nin do Sr. Louzán, nin sequera do Sr. Almunia, a culpa de que se paga tarde a ten o Sr. Alcalde, que é quen ten a responsabilidade de pagar a tempo.

Por isto pedímoslle que organice a súa casa e non busque culpables fora, terá algún día que asumir a súa responsabilidade.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Vostede fala de culpables de pagar tarde, a que se refire? Aos 500 millóns de euros que a Xunta deixou de pagar e tardou

case un ano en pagar, refírese vostede a isto? Que tivo que vir o Tribunal de Contas e chamarlle a atención, refírese a isto ou a que o propio Estado nalgúns ministerios está pagando, o Ministerio de Cultura, en 1.153 días como media, refírese a isto porque aquí estamos a falar de medias, é certo, e a media é actualmente 22,8 días. Pero é que cando chegamos estábamos cerca de 70 días, era o que se estaba a pagar cando gobernaba o Partido Popular nunha media de 70 días, polo tanto, se a media era de 70 días vostedes nin cedo nin tarde, todo tarde porque vostedes din que 22 días significa que algunhas as pagan moi pronto e outras moi tarde, pois cunha media de 70 días é que nin moi pronto as pagaban vostedes, todas por encima desa data.

Estamos traballando porque entendemos que o mellor é ofrecer liquidez as nosas empresas, a lei fala de 30 días, e nós estamos moi por debaixo deses 30 días. Eu quero que cite aquí vostede que administración é mellor xestora que nós e está pagando por debaixo deses 22 días de media, dígame, a Xunta de Galicia? Non, a Deputación de Pontevedra? Non, o ano pasado estaba pagando nun prazo de 70 días, recoñecido polo Interventor, cando a lei marcaba 40 días, 18 as facturas que saíron á luz, veremos as que non saen á luz, a ver si pasa como o Consello de Contas que despois dáse conta que había facturas doutros anos.

O que está claro é que estamos falando do Concello de Vigo, e que o Concello de Vigo dende que vostedes gobernaban ata agora fixo un cambio de xestión impresionante. Cando chegamos había facturas metidas no caixón, que non estaban recoñecidas por ninguén, que non se sabían de onde viñan, que non se sabía a que se correspondía, non había nin contratos, non había nada, vostedes din é que se encarga e se paga, iso é o que facían vostedes non o que fai este goberno e esa é a diferenza, ou lémbrolle todo o mobiliario do Areal do despacho da Sra. Porro, se quere volvemos lembrar todo aquilo, a lembrar as reformas, as

cortinas, as mesas, as lámpadas, non o Areal non custou nada, iso estaba todo metido debaixo, e así era como traballan vostedes e este goberno non, o recoñecen os informes de Tesourería, as facturas chegan, confórmanse polo servizo e páganse en 22 días, ogallá a Xunta de Galicia fixera o mesmo cos provedores da cidade de Vigo, ogallá o ministerio fixera o mesmo con tódolos cidadáns, ogallá fixeran o mesmo porque a eles si que lles queda moito camiño por recorrer. Dígolle, unha vez máis, e a vostede o que non lles gusta é que neste momentos, en Madrid, a Vigo ponse como exemplo de concello saneado e xestión eficiente e eficaz.

A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do contido do presente expediente.

3.6(133).- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 81530/301. (682/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 30 de maio, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, D. Gustavo Rodríguez Bartol, emite o seguinte informe proposta:

“I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL), na súa sesión extraordinaria e urxente de data 30.11.2011 acordou aprobar a proposta de cesión temporal, por 2 anos, ó Concello de Vigo dos bens patrimoniais da «Fundación “Casa del Pescador” – Institución Valeriola”», ofrecida no documento asinado polo Presidente do Padroado desta Fundación que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 25.11.2011 (Doc. nº 110151979; Exp. nº 69737/301), no que se daba conta do acordo adoptado en tal sentido o 17.11.2011 polo Padroado e das condicións particulares que rexerían a mesma, que alí se describían polo miúdo.

I.2. Ó mesmo tempo, a XGL instou da Xerencia municipal de Urbanismo (XMU) a incoación de expediente para o cambio de uso dotacional, de educativo a asistencial, da parcela na que se sitúa o inmovible (rúa Marqués de Valterra, nº 6; ref. catastral 2261803NG2726S0001OH), para que resultase axeitado ó destino

previsto como Albergue - CIIES («CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO»).

Tal cambio de uso dotacional público foi oportunamente tramitado pola XMU no Exp. nº 13652/411 ó abeiro do previsto no Art. 47.4 da LOUGA e no Art. 5.5.4.3 das NN.UU. do PXOM e resolto por acordo plenario adoptado en sesión ordinaria do 26.03.2012 (BOP nº 82, do 27.04.2012), no que tamén se instaba da Oficina municipal de Patrimonio a modificación da descrición da propiedade municipal de referencia, inscrita no IMBD co nº 000118.

I.3. O 19.12.2011 o Concello de Vigo recibiu as chaves e asumiu directamente a xestión destas instalacións. Coa entrada en funcionamento do Albergue (primeiro como dispositivo de emerxencia contra o frío e, a partir do mes de novembro 2012, xa como Albergue), a XGL do 25.05.2012 aprobou as “Normas de funcionamento interno do Albergue municipal sito na rúa Marqués de Valterra nº 6” (Exp. nº 73183/301) que permitiron regulamentar de inmediato o funcionamento do Centro á espera da tramitación e resolución do procedemento administrativo para a adxudicación da súa xestión mediante procedemento aberto conforme ó TRLCSP e dun Regulamento de réxime interior cunha ordenación máis detallada que integrase todos os dispositivos, programas e recursos por incluír no «CIIES».

Deste xeito, dábase tamén cumprimento ó disposto na Orde do 25 de xaneiro de 2008 da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* da Xunta de Galicia, que estableceu os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, entre os que se menciona a existencia dun Regulamento de réxime interior.

I.4. Asemade, a aprobación de tales “Normas...” para o Albergue municipal constituía unha esixencia para a autorización do cambio de titularidade do Centro (anteriormente xestionado polas “Hermanas Misioneras del Silencio”) e tamén un dos presupostos para a efectividade da cesión de uso recollidos no documento de cesión da «Fundación “Casa del Pescador” - Institución Valeriola» do 17.11.2011.

As “Normas...” foron oportunamente enviadas o 31.05.2012 á Xefa do servizo de inspección nas áreas de servizos comunitarios e inclusión social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

I.5. A XGL, en sesión ordinaria do 02.11.2012, acordou adxudicar á mercantil «ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.», o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do «CIIES» por un prazo de 2 anos, contado desde o 01.12.2012 (BOP nº 37, do 21.02.2013).

I.6. Resolto así o relativo á xestión do Centro, o 18.03.2013 a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar decretou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e aprobación do «REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL [CIIES] DO CONCELLO DE VIGO», encomendando a súa redacción ós servizos técnicos e

xurídicos desta Concellería.

O ámbito obxectivo deste Regulamento abrangue xa, ademáis dos servizos preexistentes de Albergue, comedor social, unidade de hixiene e consigna regulados polas “Normas...”, os recursos e programas de Centro de acollida e inclusión, Centro de día para a inclusión social e Unidade de rúa.

I.7. En execución desa encomenda, e como resultado do traballo conxunto dos técnicos municipais e a colaboración do persoal da entidade que xestiona o Centro, elaborouse unha proposta de Regulamento que inclúe os contidos mínimos recollidos na Orde do 25 de xaneiro de 2008 e os demais extremos necesarios para organizar axeitadamente o funcionamento do centro municipal situado nas instalacións da antiga “Casa do Pescador”.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- Carta Europea da Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985 (Instrumento de Ratificación, do 20 de xaneiro de 1988; BOE nº 47, do 24.02.1989).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- D.254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- D.99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- *Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (derrogado por D.254/2011).*
- *Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria (derrogado por D.99/2012)*
- Orde do 25 de xaneiro de 2008, da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* da Xunta de Galicia, pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, Regulamento de Servizos das

Corporacións locais).

- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo (Pleno 31.05.2010; BOP nº 180, do 17.09.2010).
- «Anteproyecto de Ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local» (“Consejo de Ministros”, 15.02.2013; versión do 18.02.2013).

III. INFORME

III.1. Emítase este informe-proposta en relación co «REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL [CIIES] DO CONCELLO DE VIGO» a pedimento verbal da Xefatura de Área da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo de data 23.05.2013.

III.2. O TAX que subscribe foi adscrito ó posto de traballo de «Asesor xurídico adxunto» da Área de Benestar social do Concello de Vigo mediante Resolución do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013 e, nesa cualidade e a teor da Resolución da Alcaldía - Presidencia do 20.03.2013, emite o informe-proposta solicitado.

III.3. A Constitución Española de 1978, no Capítulo III do Título I, relativo ós principios reitores da política social e económica, compromete ós poderes públicos na promoción das condicións necesarias para garantir e asegurar unha digna calidade de vida a todos os cidadáns.

Neste ámbito encádrase a prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción social, materias nas que, a día de hoxe, o Art. 25.2.k) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Art. 80.2.k) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, atribúen competencias ós municipios, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A este respecto, cómpre advertir que aínda que no «*Anteproyecto de Ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local*» (versión oficial do 18.02.2013), a competencia estricta en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social pasaría a ser de titularidade autonómica, os municipios seguirían ostentando, en todo caso e, de forma obrigatoria para os de máis de 20.000 habitantes, competencias propias en materia de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social» (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) ALRSAL), e isto sen prexuízo do exercicio de competencias delegadas relativas á prestación dos servizos sociais (Arts. 27.2.c) ALRSAL).

III.4. Á marxe desa previsión legal, o certo é que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de Autonomía, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución Española, ostenta a competencia exclusiva en materia de «asistencia social» e, en uso desta competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a vixente L.13/2008,

do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema. Ademais, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de atención, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelle ós concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes, pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos.

III.5. No ano 2007 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o *D.143/2007, do 12 de xullo*, polo que se regulaba o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais; posteriormente derogado polo *D.254/2011, do 23 de decembro*. A citada norma establecía os requisitos xerais que debían cumprir os centros para a súa creación, apertura e posta en funcionamento e remitía a regulación dos requisitos específicos para cada tipo de centro e área de actuación á normativa de desenvolvemento.

III.6. Así, a Orde do 25 de xaneiro de 2008, da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* da Xunta de Galicia estableceu os requisitos específicos que debían cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, en desenvolvemento do *Decreto 240/1995, do 28 de xullo*, no relativo ós equipamentos propios dos servizos sociais de atención primaria; norma hoxe derogada polo *D.99/2012, do 16 de marzo*, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A Orde regula as seguintes tipoloxías de centros: Albergues, Centros de acollida e inclusión, Comedores sociais, Centros de atención social continuada e Centros de día de inclusión social. Ademais, ten por obxecto a determinación dos requisitos específicos esixibles ós centros e establecementos que prestan atención ó colectivo de persoas en risco de exclusión, tanto públicos como privados, co fin de garantir a adecuación das instalacións, a calidade na prestación dos servizos e unha atención adecuada ás necesidades e características das persoas usuarias.

III.7. A precitada Orde do 25 de xaneiro de 2008 establece tamén, entre os requisitos funcionais que deberán cumprir todos os centros de inclusión e emerxencia social, a necesidade de contar cun “REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO”, que recollerá como mínimo a identificación, localización e capacidade máxima do centro, o obxecto e a finalidade deste, os servizos e programas de que dispoña, as persoas usuarias a que vai dirixido, o réxime de pagamento (de ser o caso), os dereitos e deberes das partes, as canles de participación, etc. (Art. 5.1.c).

A esixencia de contar cunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto ós dereitos das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos aparece recollida hoxe no Art. 7.1.b) do *D.254/2011, do 23 de decembro*, polo que se

regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

III.8. O «REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL [CIIES] DO CONCELLO DE VIGO» inclúe todos eses contidos para un recurso que se configura como un centro de atención integral para persoas en situación de exclusión e sen fogar que pretende, ademais de dar cobertura a servizos básicos, realizar unha intervención social de calidade que permita ás persoas atendidas aumentar a súa calidade de vida, procurar contextos que faciliten a inserción socio-laboral e atender situacións puntuais de emerxencia social que poidan suceder na cidade de Vigo. Esta atención prestarase non só a través dos distintos servizos cos que contará o Centro ubicado nas instalacións da rúa Marqués de Valterra, senón tamén mediante a Unidade de Rúa, que atenderá a persoas sen fogar no propio lugar onde se atopen na cidade.

III.9. Formalmente, a parte dispositiva do «REGULAMENTO...» consta de 58 artigos, precedida dunha Exposición de Motivos na que se dá conta do seu fundamento normativo, da necesidade e oportunidade do proxecto así como das características deste equipamento municipal, dos servizos que presta e dos recursos, dispositivos e programas que integra para o cumprimento daquel obxectivo xeral de realización dunha intervención social integral e de calidade. A súa parte final divídese en 2 disposicións adicionais, 1 disposición derogatoria e 2 disposicións finais.

III.10. Do seu contido poderíamos salientar os aspectos referidos a:

- Determinación da natureza, finalidade e obxectivos xerais e específicos do CIIES (Arts. 1, 2 e 4).
- Criterios rectores da xestión do Centro (Art. 3).
- Titularidade, dirección técnica e representación municipal do CIIES (Art. 8).
- Descrición e réxime das instalacións, equipamentos, dispositivos, recursos e programas cos que se conta: Albergue, Centro de acollida e inclusión, Comedor social, Centro de día para a inclusión social, Unidade de rúa, Unidade de hixiene, Servizo de consigna e Servizos de empadronamento e enderezo postal (Arts. 7, 19-49).
- Titulares do dereito de acceso ó Centro, criterios de admisión, réxime de saídas e baixas e duración das estadias (Arts. 5, 12-18).
- Catálogo de dereitos e obrigas das persoas usuarias (Arts. 50-51).
- Normas xerais de respecto e convivencia (Art. 6 e concordantes).
- Réxime disciplinario (Arts. 53-58).

Nas súas disposicións adicionais facúltase expresamente á Concelleira delegada da Área de Política de Benestar para ditar as instrucións de funcionamento interno complementarias que sexan necesarias para o correcto funcionamento do Centro (sen que en ningún caso poidan contradicir o establecido no Regulamento) e para elaborar, tramitar e aprobar toda clase de documentos, como Manuais de organización e funcionamento, Plans, Programas, Cartas de

servizos, etc., que sexan necesarios para o axeitado desenvolvemento e implementación do Regulamento (D.Adics. 1ª e 2ª).

III.11. As ordenanzas e regulamentos municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral (Arts. 55 TRRL, 7 RSCL...), son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e de ordenación dos seus propios servizos e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás Entidades locais nos Arts. 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a) da LALGA; potestade vinculada necesariamente á autonomía local recoñecida nos Arts. 140 e 141 da CE/1978 e que forma parte do seu contido esencial.

III.12. Tal intervención administrativa deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (Arts. 84.2 LRBRL, 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

III.13. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos Arts. 139-141 da LRBRL.

III.14. A concelleira delegada da Área de Política de Benestar ostenta a iniciativa para propoñer ó órgano competente a aprobación desta norma regulamentaria (Art. 88 R.O. do Pleno e Apdo. cuarto, pto. 3, Resolución Alcaldía - Presidencia do 07.02.2013; BOP nº 46, do 06.03.2013).

III.15. Correspóndelle á XGL a aprobación dos proxectos normativos e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Arts. 127.1.a] e 123.1.d] LRBRL); atribución esta última tamén recollida nos Arts. 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

Para a adopción destes acordos plenarios é suficiente a maioría simple de votos (Art. 123.2 pfo. 2º LRBRL), polo que non será necesario recabar o informe da secretaría xeral do Pleno e, non afectando a dereitos ou obrigas de contido económico, tampouco o da Intervención xeral municipal (Art. 54 TRRL, Art. 89 R.O. Pleno).

III.16. De acordo cos Arts. 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do TRRL, e os Arts. 88 e ss. do R.O. do Pleno do Concello de Vigo, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación do proxecto pola XGL.
- b) Remisión do expediente pola Secretaría xeral do Pleno á Comisión competente por razón da materia ("Comisión de Política social, Cultura e Deportes") para

que o seu presidente/a, a través da súa secretaría, traslade copia ós/ás voceiros/as dos distintos grupos comunicando no mesmo acto a apertura dun prazo de 6 días para a presentación de enmendas (á totalidade ou ó articulado) perante a secretaría da Comisión, a non ser que exista acordo de todos os grupos a respecto do proxecto.

- c) Debate, de ser o caso, das enmendas presentadas e ditame da Comisión (de devolución / de proposta de aprobación ó Pleno).
- d) Debate e aprobación inicial polo Pleno, se procede.
- e) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con publicación dos correspondentes anuncios no BOP de Pontevedra, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e na web municipal, nos que se advertirá da posta a disposición dos posibles interesados do expediente completo.

Sinala o Art. 92.2 do R.O. do Pleno que «non se efectuará trámite específico de audiencia cando o obxecto do Regulamento sexa a regulación de órganos municipais ou disposicións que se refiran a organizacións dependentes ou adscritas á Administración municipal, por se tratar de normas de carácter interno».

A xuízo do técnico que informa, non sería de aplicación no caso presente esa disposición. Primeiro, porque non se trata propiamente da regulamentación dun “órgano municipal” nin dunha “organización dependente ou adscrita” a esta Admón., senón da organización e funcionamento dun equipamento público municipal de natureza dotacional-asistencial encadrado nos servizos sociais municipais e adscrito á Concellería de Política de Benestar, que permite prestar un servizo de carácter social, carente de personalidade xurídica propia (Art. 2.3 Regulamento).

Segundo, porque malia a denominación de «REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR...», o certo é que este Regulamento trascende da mera regulamentación interna (como podería ser o regulamento dun arquivo municipal, p.ex.) para incidir necesariamente, «ad extra», sobre os dereitos e deberes das persoas usuarias (incluíndo a previsión dun réxime disciplinario) e, indirectamente, conflúe coa actividade asistencial de distintos colectivos e entidades sociais da cidade, moitos deles colaboradores habituais desta Admón., cuxa participación activa no procedemento de elaboración desta norma xúlgase conveniente para acadar un maior acerto na decisión municipal.

Polo demais, os principios de transparencia, publicidade, información e participación pública e servizo á cidadanía que deben presidir, en xeral, a actuación das Admóns. (Arts. 9.2 e 105 CE/1978; 3.2 e 3.5, LRX-PAC; 5.1 LALGA...), avalarían tamén o sometemento deste Regulamento ó trámite ordinario de información pública previsto no Art. 49 da LRBRL, que configura

un «procedimiento que encarna los valores propios de un sistema democrático en la elaboración de las normas que han de regir la vida ciudadana» (STS 23.10.2002; Rj 2002/9393) e cuxa omisión sería causa de nulidade de pleno Dereito.

- f) De se presentar en prazo reclamacións ou suxestións, recabaranse os informes técnicos/xurídicos que se precisen. A XGL realizará a valoración das mesmas e decidirá en consecuencia sobre a eventual modificación do proxecto inicial ou o seu mantemento.
- g) Remisión do proxecto pola XGL á Secretaría xeral acompañado da memoria que conteña a valoración das alegacións para os efectos do trámite de aprobación definitiva polo Pleno, previo ditame da Comisión competente. De non introducírense modificacións no texto inicial, non se presentarán enmendadas no trámite de Comisión nin no do Pleno. En caso contrario, no trámite de Comisión, os seus membros disporán dun prazo de 3 días para presentalas, que versarán sobre as modificacións introducidas.
- h) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- i) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Neste suposto, ditarase resolución pola Alcaldía-Presidencia declarando definitivo o acordo e dispoñendo a súa publicación nos termos legalmente establecidos. Desta resolución daríase conta ó Pleno na vindeira sesión deste órgano.

III.17. Conforme co previsto nos Arts. 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, unha vez aprobado definitivamente, o Regulamento deberá publicarse de forma íntegra no BOP de Pontevedra e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ó Pleno da Corporación, previa aprobación do proxecto pola XGL, a adopción do seguinte...”

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 7 de xuño de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o proxecto de dito Regulamento.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na sesión de 22 de

xullo de 2013, ditaminou favorablemente a proposta.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Aproveitamos que ven a este Pleno a aprobación inicial do Regulamento de réxime interior do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo, porque gustaríanos lembrar unha acción que desenvolve este Concello de Vigo, un servizo que presta, que ten moita relación co Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social porque é precisamente un servizo de atención e de inclusión a persoas que así o necesitan como é o coñecido como o servizo de Sereos no que se ofrecen cafés, bocadillos etc. a persoas que demandan este servizo e que foi recentemente desprazado a unha unidade móbil dende a súa situación habitual na rúa Elduayen, moi preto do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social que está situado na rúa Marqués de Valterra. Nós vemos que neste Regulamento de réxime interior o que se reflicte son os servizos propios do Centro de inclusión, e non se engade ningunha referencia a este servizo de café que se estaba prestando na rúa Elduayen e que non entendemos por que foi desprazado, cal é realmente a motivación deste desprazamento a un lugar moito máis afastado e máis difícil para que se achegan as persoas usuarias, de feito xa se puido comprobar o descenso importante no número de persoas usuarias deste servizo. Quizais sería o momento, se este traslado está motivado por algunha causa relacionada cos servizos que está prestando este Concello sobre Inclusión e Emerxencia social, quizais sería o momento, agora que falamos do Regulamento de Réxime Interior, que contempla moito máis que o propio Réxime interior senón que contempla os propios obxectivos deste servizo, e contemplar tamén un servizo que parece estar en perigo por unha decisión que non entendemos moi ben por que se tomou, e se ten algunha relación o feito deste desprazamento co funcionamento do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social, e que ao mellor podía ser a oportunidade para relacionar realmente estes dous servizos porque teñen obviamente unha relación moi estreita.

Nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, sempre insistimos en que era preciso ofrecer un servizo de atención as persoas desta cidade que non se limitase a dar

unha cama ou a dar un comedor se non a ofrecer o apoio que necesite cada persoas ofrecendo atención individualizada e ofrecendo servizos de apoio no día a día e tamén durante o día, non só polas noites, para as persoas que así o requiran e de feito a moitas persoas usuarias da nosa cidade.

Votamos en falta nos últimos tempos que se faga realmente este traballo de atención social ás persoas, e queremos aproveitar este momento de aprobación inicial do Regulamento que estamos estudando antes da súa aprobación final para que este goberno local teña en conta esta demanda, esta necesidade e esta alteración nos servizos sociais que están producindo unha demanda de maior atención por parte das persoas usuarias e das persoas voluntarias que xenerosamente están apoiando ás persoas que o necesitan na nosa cidade.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu quería iniciar a miña intervención cun desexo do pronto restablecemento do Concelleiro Sr. Cayetano Rodríguez Escudero que dende a diversidade ideolóxica sempre mantivemos o noso afecto como colegas e de compartir espazos, traballo e pacientes. Espero velo pronto aquí porque os Plenos sen o Sr. Rodríguez para min serán como unha tarde de touros só con banderillas.

Para ir ao que nos interesa que é o a aprobación inicial do Regulamento de réxime interior do Centro de Inclusión, nós felicitámonos porque se achegue hoxe aquí, era algo que xa habíamos pedido, evidentemente tiña que haber vido antes, non sei porque se atrasou tanto Sra. Abelairas, ben vido agora pero espero que recoñeza que a Xunta de Galicia tivo bastante paciencia con este tema e os servizos de inspección esperaron dous anos para que chegase este Regulamento aquí.

Compartimos co Bloque Nacionalista Galego a inquietude pola supresión do servizo de Sereos e dende logo nós non pensamos que teña ningún tipo de relación con este Regulamento, pero o que hai é que darlle unha atención especial a este servizo. Era un servizo que funcionaba, era un logro social desta cidade e nós dende logo non imos aceptar, a Sra. Veloso falaba dunha nova situación, isto non o é unha nova situación, isto é unha auténtica chapuza como xa dixemos, non están nunha unidade móbil, están nunha camioneta que ata

carece de auga, dáselles un bocadillo pero previamente non poder lavar as mans nin facer o máis mínimo aseo. A min como sanitaria preocúpame especialmente o tema da recollida de xeringas e o reparto de kits, preocúpame moito porque non quero volver a situación dos anos oitenta desta cidade, onde a xeringas aparecían cravadas nas árbores. Nós dende logo imos aceptar calquera mellora no servizo pero non que queira dismantelar deste maneira tan ruín, tan vil como se fixo.

Sra. Abelairas, eu tamén quero facerlle unha suxestión respecto do Regulamento do réxime interior do Centro de Inclusión, e é que neste Pleno aprobouse unha moción que presentou o noso grupo, de colaboración co Programa de prevención e tratamento de tuberculose, aprobouse esta moción aquí para darlle un tratamento especial entre ámbalas institucións, entre os profesionais do Centro de Inclusión e os profesionais do Programa, penso que era unha medida moi boa e que debemos manter, simplemente unha matización nun artigo que podería impedir que leváramos a cabo esta iniciativa deste Concello, que é o artigo dos criterios de acceso o 15.1b que di “non padecer enfermidades infecto-contaxiosa de transmisión por vía área no momento do ingreso”, eu suxiro unha modificación neste artigo porque os enfermos infectos-contaxiosos si están cun tratamento adecuado non transmiten, entón a estes enfermos hai que darlle cabida ao Centro de Inclusión, entón simplemente unha modificación nese sentido. Imos ver Sra. Abelairas, se realmente vostede ten máis idea que eu en enfermidades infecto- contaxiosas e transmisibles, simplemente era unha suxestión para que se poda levar a efecto unha iniciativa que foi aprobada neste Pleno, é unha suxestión, é unha matización neste artigo de dúas palabras, pero Sra. Abelairas sen ningún tipo de acritude, vai ter que aceptar algunha outra suxestión porque agora pode haber alegacións porque vai a exposición pública e terá que aceptalas cando sexan razoables, nin sequeira escoitou cal era a miña suxestión porque non lle interesa, pois se non lle interesa remato aquí a miña intervención.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vanme permitir que tamén sen acritude, denuncia e hipocrisía, a hipocrisía do Grupo Popular e do Bloque Nacionalista Galego,

cando vostedes foron os primeiros, os do BNG, en protestar porque se facía botellón e ao Partido Popular tamén esixe unha reparación do que estaba pasando na Praza da Princesa, hipócritas permítanme que llo chame, unha hipocrisía social é a que hai.

Permítanme tamén que lles diga que non teñen nin idea, absolutamente ningunha idea, e que aproveitarse das desgracias dos demais e moi fácil.

Primeiro, non ten nada que ver o Centro de Inclusión Social coa atención que se está prestando dende Sereos, absolutamente nada que ver, e vostede que é médico tería que darse conta, CEDRO e outra cousa completamente distinta onde se están tratando enfermidades, adiccións, competencia exclusiva da Xunta de Galicia, problemas sanitarios grave onde os haxa, asumido polo Concello de Vigo un 1,5 millóns de euros ao ano, competencia da Xunta de Galicia, aprobado como moción neste Pleno, votada por vostedes que tiñan que asumir esas competencias. Se o Concello de Vigo deixa de prestar asistencia sanitaria a todos eses enfermos sería unha auténtica epidemia, non só tuberculose, non teñen nin idea do que están falando, non poden mesturar “churras con merinas”, estamos a falar de cousas distintas, das competencias da Xunta de Galicia, onde está o Programa Sereos, persoas adictas, enfermos, problemas sanitarios, competencia da Xunta de Galicia, a súa irresponsabilidade Sra. Cendón, tamén do Bloque Nacionalista Galego. Retiren o botellón, pois non é ningún botellón e non teñen nin idea, porque en Vigo existen dous puntos móbiles máis, o que pasa é que son tan irresponsables que mellor que non saiban onde están.

Non ten nada que ver un centro de Inclusión Social co Centro Cedro, sanitario é competencia da Xunta de Galicia, asuman as súas competencias.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o «REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL [CIIES] DO CONCELLO

DE VIGO», elaborado polos servizos técnicos e xurídicos da Concellería delegada da Área de Política de Benestar, o texto do cal insírese a continuación.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ó establecido no Art. 49.c] da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. Para estes efectos, a Alcaldía-Presidencia ditará resolución declarando definitivo o acordo e dispoñendo a publicación do texto íntegro do Regulamento no BOP, que entrará en vigor ós quince días da súa publicación

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL (CIIES) DO CONCELLO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978, no Capítulo III do Título I, relativo aos principios reitores da política social e económica, compromete aos poderes públicos na promoción das condicións necesarias para garantir e asegurar unha digna calidade de vida a todos os cidadáns.

Neste ámbito encádrase a prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción social, materias nas que o Art. 25.2.k) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Art. 80.2.k) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, atribúen competencias aos municipios, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

En concreto, a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de Autonomía, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución Española, ostenta a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

En uso da precitada competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema. Ademais, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de atención, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelle aos concellos a

competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes, pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos.

No ano 2007 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regulaba o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais. A citada norma, derogada posteriormente polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, establecía os requisitos xerais que debían cumprir os centros para a súa creación, apertura e posta en funcionamento e remitía a regulación dos requisitos específicos para cada tipo de centro e área de actuación á normativa de desenvolvemento.

Así, a Orde do 25 de xaneiro de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia estableceu os requisitos específicos que debían cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, en desenvolvemento do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, no relativo aos equipamentos propios dos servizos sociais de atención primaria; hoxe tamén derogado polo Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Esta Orde regula as seguintes tipoloxías de centros: albergues, centros de acollida e inclusión, comedores sociais, centros de atención social continuada e centros de día de inclusión social. Ademais, ten por obxecto a determinación dos requisitos específicos esixibles aos centros e establecementos que prestan atención ao colectivo de persoas en risco de exclusión, tanto públicos como privados, co fin de garantir a adecuación das instalacións, a calidade na prestación dos servizos e unha atención adecuada ás necesidades e características das persoas usuarias.

Así mesmo, as condicións arquitectónicas, materiais, de equipamento e de distribución de espazos que se establecen nesa Norma pretenden garantir a seguridade, privacidade, mobilidade e a confianza e desenvolvemento axeitados das persoas usuarias dos centros, procurando, en todo caso, a súa integración no ámbito social máis próximo, facilitando e fomentando a súa relación e integración social.

A precitada Orde do 25 de xaneiro de 2008 establece tamén, entre os requisitos funcionais que deberán cumprir todos os centros de inclusión e emerxencia social, a necesidade de contar cun “Regulamento de réxime interior do centro”, que recollerá como mínimo a identificación, localización e capacidade máxima do centro, o obxecto e a finalidade deste, os servizos e programas de que dispoña, as persoas usuarias a que vai dirixido, o réxime de pagamento (de ser o caso), os dereitos e deberes das partes, as canles de participación, etc.

O presente Regulamento inclúe tales contidos mínimos e os demais extremos necesarios para organizar axeitadamente o funcionamento do centro municipal situado nas instalacións da antiga “Casa do Pescador”, na rúa Marqués de Valterra, no que se prestarán os servizos de albergue, centro de acollida e

inclusión, comedor social, centro de día para a inclusión social, unidade de rúa e unidade de hixiene.

Configúrase, pois, como un centro de atención integral para persoas en situación de exclusión e sen fogar que pretende, ademais de dar cobertura a servizos básicos, realizar unha intervención social de calidade que permita ás persoas atendidas aumentar a súa calidade de vida, procurar contextos que faciliten a inserción socio-laboral e atender situacións puntuais de emerxencia social que poidan suceder na cidade de Vigo. Esta atención prestarase non só a través dos distintos servizos cos que contará o Centro ubicado nas instalacións da rúa Marqués de Valterra, senón tamén mediante a Unidade de Rúa, que atenderá a persoas sen fogar no propio lugar onde se atopen na cidade.

A Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo aposta con este dispositivo por facilitar a normalización e incorporación social das persoas en situación de sen fogar e exclusión desde unha atención integral que garanta unha intervención eficaz.

Polo exposto, e dando cumprimento á obriga de adecuar os Centros e servizos, de autorizalos e inscribilos debidamente e de establecer os requisitos materiais e funcionais, en exercicio das competencias mencionadas anteriormente, o Concello de Vigo, procede a regular os contidos do Regulamento de Réxime Interno do seu Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social.

TÍTULO I MARCO DE REFERENCIA DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL (CIIES) DO CONCELLO DE VIGO

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1: Obxecto

O presente Regulamento ten como obxecto regular a organización e funcionamento do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo (en adiante CIIES/Centro), tendo esta regulación o carácter de Regulamento de Réxime Interior, para o seu coñecemento e aplicación, a fin de garantir unha correcta aplicación do servizo que presta.

Artigo 2: Natureza

2.1. O CIIES é un centro de carácter asistencial para persoas en situación ou risco de exclusión social e sen fogar. Está destinado a proporcionar atención puntual en situacións de emerxencia sobrevida, a acoller con carácter temporal a este colectivo en estado de necesidade e a prestar os medios necesarios que posibiliten e impulsen a efectiva inclusión social é, se é o caso, laboral.

2.2. Trátase de ofrecer solucións de carácter integral que permitan aos usuarios desenvolver verdadeiros procesos de inclusión de carácter permanente, a fin de

acadar maiores niveis de integración e normalización social que posibiliten e impulsen a efectiva inclusión social e laboral ou, de ser o caso, un maior control do deterioro.

2.3. A súa titularidade é municipal, encadrado nos servizos sociais municipais e adscrito organicamente á Concellería de Política de Benestar, reservándose o Concello de Vigo a potestade de acordar o modo de xestión, modificación ou extinción do mesmo. Carece de personalidade xurídica propia.

Artigo 3: Criterios rectores da xestión do CIIES

Son criterios rectores da xestión do Centro os seguintes:

- a) A integración dos recursos humanos, técnicos, financeiros e materiais necesarios para garantir as prestacións básicas e complementarias que correspondan de acordo coa normativa vixente no ámbito de actuación do sistema público de servizos sociais.
- b) A oferta de programas que faciliten a inserción social e laboral das persoas usuarias.
- c) A oferta de servizos para as persoas usuarias que requiran de intervencións puntuais en situacións de emerxencia sobrevida.
- d) A atención, de forma próxima e accesible, ás situacións de necesidade social da poboación á que se dirixe, recibindo esta un tratamento profesional e especializado.
- e) O funcionamento permanente, durante todos os días do ano e durante as 24 horas do día.
- f) O respecto da dignidade da persoa, da súa autonomía e intimidade e do seu benestar, que orientarán a actuación da Dirección municipal, das persoas profesionais e da entidade xestora.

Artigo 4: Obxectivos

4.1. Os obxectivos xerais que o Concello de Vigo se propón coa xestión do CIIES son:

- a) Atender as necesidades das persoas afectadas por situacións valoradas de exclusión social ou en risco de exclusión, se é o caso, que posibiliten e impulsen actuacións programadas que favorezan a súa efectiva inclusión social e laboral.
- b) Abordar dende a perspectiva da integración ou inclusión social a situación das persoas que non poden conservar ou acceder a un aloxamento axeitado e permanente, que proporcione un marco estable de convivencia, xa sexa por razóns económicas ou outras barreiras sociais, ou ben porque presentan dificultades persoais para levar unha vida autónoma.
- c) Ofrecer solucións de carácter integral que permitan aos usuarios desenvolver verdadeiros procesos de inclusión de carácter permanente, a fin de lograr maiores niveis de integración e normalización social ou, de ser o caso, un maior control do deterioro.

- d) Proporcionar atención puntual ás persoas usuarias en situacións de emerxencia sobrevida.

4.2. Establécense como obxectivos específicos do servizo do CIIES os seguintes:

- a) Conter os procesos de exclusión e evitar o seu agravamento e cronificación na persoa.
- b) Xestionar os servizos de promoción, asistencia e reinserción das persoas en situación de exclusión e sen fogar da cidade de Vigo, nos que se desenvolvan as actividades de acollida e acompañamento, ao obxecto de cubrir as necesidades, carencias, alternativas e potencialidades deste sector de poboación.
- c) Desenvolver itinerarios de inserción e procesos educativos que favorezan as condicións para unha vida persoal e familiar autónoma e o acceso a unha vivenda e a un traballo dignos.
- d) Favorecer procesos de socialización, mediante o deseño e oferta de actividades dirixidas á recuperación e/ou adquisición de habilidades sociais.
- e) Apoiar a incorporación laboral e social daquelas persoas usuarias que teñan ou puidesen ter adquirido as habilidades e capacidades necesarias.
- f) Conseguir a vinculación e integración das persoas aloxadas no resto dos sistemas de protección social: sanitarios, prestacións económicas, emprego, etc. e con outras redes de apoio social e comunitario.

Artigo 5: Titulares de dereito

5.1 Poderán acceder ao CIIES as persoas maiores de 18 anos e menores de 65 anos que acrediten a súa identidade e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Persoas sen fogar, en situación de risco ou exclusión e que cumpran os requisitos especificados para cada equipamento.
- b) Persoas que, sen ter a súa residencia na cidade de Vigo, estean en situación de exclusión ou desarraigo e carezan de recursos persoais e económicos para afrontar a súa situación.
- c) Persoas estranxeiras, refuxiadas, etc. sempre de conformidade co disposto nas normas, tratados e convenios internacionais vixentes na materia e sen prexuízo do que se estableza regulamentariamente para as persoas que se atopen en recoñecido estado de necesidade.
- d) Con carácter excepcional: persoas maiores de 65 anos, menores de idade acompañados da persoa ou persoas que exerzan a patria potestade, tutela ou curatela, coa autorización previa da Dirección municipal.

5.2. Terán en todo caso prioridade para acceder aos servizos do CIIES aquelas persoas que carezan de recursos económicos. Para unidades familiares terase en conta as porcentaxes estipuladas pola Xunta de Galicia para a Axuda de Emerxencia Social (AES).

5.3. Dadas as súas especiais características, para acceder ao Programa básico de acollemento e inclusión social, ao Programa de transición á vida autónoma e ao Centro de día, será necesario que as persoas usuarias estean empadroadas en Vigo.

Artigo 6: Normas xerais do CIIES

6.1. No CIIES observaranse as normas de respecto e convivencia indispensables que permitan desenvolver os obxectivos de normalización e integración das persoas usuarias. Para estes efectos, non se permitirá:

- a) Introducir, posuír, consumir, traficar e/ou incitar ao consumo de drogas e/ou alcohol. Tampouco estará permitida a participación indirecta e pasiva no consumo desa clase de substancias. Exceptúase da prohibición anterior o consumo autorizado de bebidas alcohólicas e outras substancias, asociado aos programas de redución do dano que se poidan desenvolver no Centro, nos termos e condicións que se determinen pola dirección municipal.
- b) A entrada con armas ou calquera outro utensilio que poida ser utilizado para poñer en perigo a integridade física das persoas, que deberán depositarse obrigatoriamente na consigna previo aviso ao persoal do Centro.
- c) Fumar dentro das instalacións do Centro.
- d) Comer nos cuartos.
- e) A entrada de animais, a non ser os cans guías que poidan acompañar ás persoas invidentes.
- f) Realizar actividades que causen molestias evidentes a outros usuarios (p.ex. escoitar música a alto volume).
- g) As agresións físicas e/ou verbais.

6.2. En todo momento as persoas usuarias do Centro acomodarán a súa conduta ás normas de convivencia establecidas, debendo:

- a) Respetar o material e o mobiliario do CIIES.
- b) Respetar os horarios establecidos nos servizos básicos, xa que fóra deles non se prestarán os servizos correspondentes.
- c) Manter unha hixiene persoal e uns hábitos de aseo óptimos, seguindo as indicacións dos profesionais.
- d) Non ensuciar as dependencias comúns e proceder á súa limpeza cando sexa necesario.
- e) Respetar as indicacións transmitidas polos profesionais responsables do Programa.

6.3. Queda prohibida a venda de produtos en todos os espazos do Centro e a difusión ou publicidade allea aos servizos municipais sen a preceptiva autorización da Dirección municipal.

6.4. As persoas usuarias serán responsables dos danos e perdas que, por acción ou omisión, causen nas instalacións do Centro e das alteracións da orde que

produzan no mesmo, podendo ser apercibidas polas persoas responsables do CIIES. Ademais, o Concello de Vigo está facultado para emprender as accións necesarias para resarcirse dos danos materiais causados así como para suspender cautelarmente o disfrute dos dereitos de uso das instalacións.

6.5. O Concello de Vigo e as persoas responsables do Centro non se farán responsables dos danos e perdas por accidentes ou contratemplos sufridos polos usuarios fora do Centro.

CAPÍTULO II LOCALIZACIÓN, ELEMENTOS ORGANIZATIVOS E CRITERIOS DE ACCESO, SAÍDAS E BAIXAS

Sección 1ª Localización e instalacións

Artigo 7: Localización e instalacións do CIIES

O CIIES do Concello de Vigo está situado na rúa Marqués de Valterra nº 6 desta cidade, nas dependencias da antiga “Casa do Pescador”. Trátase dun edificio céntrico, próximo ao Casco Vello, de máis de 2.000 m² distribuídos en tres plantas e cun amplo patio de aproximadamente 1.600 m², con acceso polas rúas Marques de Valterra e Jacinto Benavente. Dentro das súas instalacións cóntase cun piso independente e cun Centro de acollida e inclusión; servizo ao que tamén está adscrito outro piso dentro do Termo Municipal.

Sección 2ª Unidades organizativas

Artigo 8: Dirección municipal

A Dirección técnica do CIIES corresponderá á Xefatura do Servizo de Benestar social, que actuará sempre en coordinación permanente coa persoa responsable da entidade xestora do Centro, baixo a supervisión da Xefatura de Área e a superior dirección da Concellería delegada de Política de Benestar do Concello de Vigo, que ostentará a representación municipal no Centro.

Artigo 9: Mecanismos de participación

O CIIES disporá dunha estrutura organizativa que garantirá a existencia de mecanismos de participación que integre a representantes do persoal técnico, asistencial, de servizos xerais e dos usuarios e que permita que todos os seus membros, especialmente as persoas usuarias, sexan oídas e consultadas.

Artigo 10: Coordinación

Os mecanismos de coordinación facilitarán unha comunicación fluída e sen restricións temporais ou formais.

Artigo 11: Persoal laboral

11.1. O persoal laboral deberá ser adecuado en número e cualificación á capacidade dos servizos ofrecidos polo Centro. Con carácter mínimo deberá respectarse o establecido ao respecto pola normativa aplicable en cada momento.

11.2. Existirá persoal responsable da coordinación que terá un nivel mínimo de estudos de diplomado/a

11.3. O traballo desenvolverase por un equipo interdisciplinar no que haberá traballadores coas seguintes titulacións: diplomado/a en educación social, traballo social, licenciado/a en psicoloxía e técnicos de integración social e auxiliares de servizos sociais.

11.4. O CIIES contará con persoal suficiente que desenvolva os servizos de vixilancia, limpeza, lavandería e cociña ou servizo de catering.

Sección 3ª

Criteria de admisión, réxime de saídas e baixas

Artigo 12: Admisión

12.1. Enténdese por admisión o proceso de acceso do usuario ao Centro. Para acceder ao mesmo requirirase ser maior de 18 anos e menor de 65, agás situacións excepcionais no casos dos maiores de 65, debidamente valoradas polo persoal técnico cos servizos competentes na materia.

12.2. De igual modo, a persoa que solicita admisión debe ser válida para o desenvolvemento das tarefas da vida cotiá. No caso de presentar algún tipo de dependencia física, será valorada polo equipo técnico do Centro.

Artigo 13: Vías de acceso

As vías de acceso das persoas usuarias aos distintos servizos do CIIES serán as descritas neste Regulamento para cada un deles.

Artigo 14: Acollida

Enténdese por acollida o proceso polo que a persoa admitida no Centro é valorada en primeira instancia polos profesionais do Centro co fin de avaliar as súas necesidades.

Artigo 15: Criteria de acceso

15.1. Para decidir sobre o acceso ao CIIES teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Presentar situacións de risco persoal e social: enfermidade mental, adicións e dependencias, enfermidades físicas, illamento persoal ou social, carencia de redes de apoio familiar e social.
- b) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa de transmisión por vía aérea no momento do ingreso.
- c) Non ter vixente unha orde xudicial de afastamento por aplicación da normativa de violencia de xénero en relación con outras persoas usuarias do Centro.
- d) Existir prazas vacantes. De non existir prazas vacantes, informarse aos usuarios doutros centros de atención a persoas sen fogar con prestación de aloxamento.
- e) Estar empadroado, para acceder ao Programa básico de acollemento e inclusión social, ao Programa de transición á vida autónoma e ao Centro de día.

15.2. A acreditación da identidades das persoas usuarias poderá realizarse mediante DNI, NIE, Pasaporte, carné de conducir, Libro de Familia, xustificante actualizado de denuncia por perda, roubo ou substración de documentación, acreditación consular ou calquera outro documento válido en Dereito.

15.3. En casos de urxencia e con carácter excepcional, cando a persoa non poida acreditar a súa identidade no momento do acceso, poderá acceder temporalmente coa condición de facer os trámites pertinentes para regularizar a súa situación. █

15.4. Para acceder por primeira vez ao Centro deberán xustificar os seus ingresos económicos, ben mediante certificado oficial ou ben asinando unha declaración responsable de non dispoñer de ingresos suficientes. Para as sucesivas veces deberá acreditar os ingresos económicos a través de certificación oficial, valorándose a necesidade de acompañamento por parte do persoal do Centro para a súa obtención.

Artigo 16: Réxime de saídas

Como instrumento de intervención técnica, institucional e profesional, establécese o seguinte réxime de saídas:

- Todos os usuarios poden entrar e saír de acordo aos horarios establecidos no Centro ou no seu proxecto individualizado. Naquelas situacións en que se prevea a imposibilidade de cumprir esta norma terase que informar ao equipo técnico para valorar a posibilidade de entrada fóra da hora.
- Segundo o deseño de intervención individual, o equipo técnico poderá propoñer ao usuario a permanencia no Centro sen saídas, correspondendo non obstante, a decisión última sobre a saída ao propio interesado.

Artigo 17: Motivos de baixa

Serán causas de baixa no Centro:

- a) A perda ou desaparición dalgún dos requisitos que deron lugar á admisión.
- b) A proba de falsidade voluntaria na acreditación dalgún dos datos, dende o momento en que se teña coñecemento ou se valoren tales circunstancias.
- c) O reiterado incumprimento das normas establecidas no Centro e o incumprimento das obrigas das persoas usuarias.
- d) O abandono voluntario do Centro ou servizo.
- e) A ausencia do Centro non xustificada e sen previo aviso, agás valoración de casos particulares. No Albergue, será causa de baixa a ausencia unha noite sen previo aviso ou o día posterior e para acceder de novo deberán transcorrer 10 días contados desde o seguinte á ausencia. A ausencia no comedor unha vez sen previo aviso ou o día posterior suporá tamén a baixa e, para acceder novamente a él deberán transcorrer 5 días contados desde o seguinte á ausencia.
- f) O traslado a outro Centro.
- g) O falecemento.

Artigo 18: Duración da estadía

18.1. A estadía no Centro entenderase sempre transitoria e a súa duración concreta virá determinada polo tipo de equipamento, o nivel de ocupación existente en cada momento e as necesidades das persoas usuarias, debidamente valoradas.

18.2. No Centro de acollida e inclusión e Centro de día, a estadía virá determinada polo cumprimento do proxecto individual asinado pola persoa interesada.

18.3. Outras circunstancias que poden determinar a finalización da estadía das persoas usuarias no CIIES son:

- a) A posibilidade de atopar outro aloxamento alternativo axeitado ás súas circunstancias persoais.
- b) A negativa a efectuar o ingreso noutro Centro máis idóneo cando exista un informe técnico valorando a idoneidade noutro dispositivo.
- c) A derivación a outros programas de tratamento que conleven a prestación de aloxamento.

TÍTULO II DO CONTIDO DO CENTRO

CAPÍTULO I DOS EQUIPAMENTOS E SERVIZOS

Artigo 19: Prestacións

19.1. O CIIES, para a prestación dos distintos servizos que inclúe, realizará

previamente a acollida, valoración e asesoramento das persoas usuarias.

19.2. O Centro responde a diferentes tipoloxías que se integran dentro dunha mesma edificación, polo que é necesario compartir aquelas instalacións susceptibles de uso común, sempre respectando as superficies mínimas esixidas por usuario e acreditando a súa independencia funcional.

19.3. O CIIES do Concello de Vigo ofrece as seguintes prestacións e servizos:

Albergue.

Centro de acollida e inclusión.

Comedor social.

Centro de día de inclusión social.

Unidade de rúa.

Unidade de hixiene, que inclúe:

- Hixiene
 - Roupeiro
 - Lavandería
- 2)Servizo de consigna.
- 3)Servizos de empadronamento e enderezo postal.

Sección 1ª

Albergue

Artigo 20: Obxecto

O Albergue ten por obxecto favorecer, con carácter temporal, o aloxamento e mantención a todas aquelas persoas que se atopen en situación de emerxencia social na cidade de Vigo, que non dispoñan de vivenda e carezan de medios para acceder a outro recurso residencial.

Artigo 21: Persoas destinatarias

O Albergue está destinado a persoas maiores de 18 anos que presentan como característica común a carencia dun teito ou aloxamento estable e que, como consecuencia de procesos persoais e sociais de exclusión, sofren situacións de desarraigo, illamento social e pobreza.

De maneira excepcional e por razóns de emerxencia poderase dar acollida a menores sen acompañar, para o que será preceptivo comunicar esta circunstancia de maneira inmediata á unidade administrativa competente na área de menores.

Artigo 22: Réxime

22.1. A temporalidade da estadía no Albergue determinarase, en cada caso, en función do seu grao de ocupación.

Excepcionalmente, poderase autorizar a ampliación da estadía polo tempo estritamente necesario para solucionar a situación singular que a motiva, previa solicitude da persoa interesada ou a pedimento dos técnicos dos servizos sociais

comunitarios, do equipo técnico do CIIES ou dos técnicos das entidades sociais, logo da oportuna valoración e aprobación da Dirección técnica municipal e sempre e cando a ocupación do Centro o permita.

22.2. O número de prazas previstas para esta prestación ascende a 40, delas, 32 son preferentemente para homes e, 8 preferentemente para mulleres. En casos de emerxencia poderanse habilitar 5 prazas a maiores.

22.3. As persoas usuarias deberán acceder voluntariamente, mediante solicitude de praza no propio Centro, por derivación do Equipo de rúa, por derivación interna, por derivación das Unidades de Traballo Social ou das diferentes organizacións da cidade, efectuándose a entrada pola rúa Jacinto Benavente, en horario de 20:00 horas a 22:00 horas ou fóra deste horario, cando se trate de situacións de emerxencia detectadas polas forzas de seguridade local ou nacional, servizos de emerxencia ou outros de análoga natureza.

Como regra xeral, deberán abandonar as instalacións todos os días entre as 08:00 e as 09:00 horas, aínda que, por motivos xustificados, poderán facelo antes das 08:00 horas, comunicando esta circunstancia, como mínimo, a noite anterior.

22.4. Para acceder aos cuartos portarase exclusivamente roupa e aparellos persoais tales como libros, medicación, radio, teléfono móbil ou outros, quedando os restantes aparellos depositados en consigna.

22.5. É obrigatorio o uso das duchas para acceder aos servizos do Albergue.

Artigo 23: Servizos que inclúe

- a) Acollida, valoración, asesoramento e orientación. Horario de acollida: ata as 22:00h.
- b) Aloxamento: horario de 20:00h-09:00h, de luns a domingo.
- c) Manutención: almuerzo e cea de luns a domingo.
- d) Duchas.
- e) Lavandería.
- f) Roupeiro.
- g) Consigna.
- h) Empadroamento e enderezo postal.

Artigo 24: Requisitos funcionais

Haberá un rexistro dos ingresos e saídas das persoas usuarias que utilicen os servizos do Albergue.

Entregaráselle a cada usuario unha tarxeta identificativa e de rexistro de asistencia no momento do acceso por primeira vez ao Centro. Deste xeito, facilitarase a entrada aos servizos e os propios usuarios disporán da información referente a cantos días levan usado o recurso e cantos días lles quedan por

disfrutar.

Sección 2ª Centro de acollida e inclusión

Artigo 25: Natureza e obxecto

O Centro de acollida e inclusión é un programa residencial de media estadía, que se presta mediante dúas vivendas, unha situada nas instalacións de Marqués de Valterra e a outra nun piso independente situado tamén na cidade de Vigo.

O obxecto deste servizo é realizar actuacións programadas que posibiliten oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

Artigo 26: Programa básico de acollemento e inclusión social

26.1. Definición

Trátase dun programa destinado a persoas que, aínda que presenten certa autonomía, requiren da presenza continua de apoio profesional, principalmente destinado a dinamizar a convivencia, apoiar en determinadas tarefas domésticas e adestrar e educar habilidades da vida diaria (actividades básicas e actividades instrumentais). Ademais, está dirixido a persoas que participan nun proxecto de inserción encamiñado ao logro da súa incorporación social e/ou laboral.

26.2. Persoas destinatarias

Atenderase a todas as persoas que cumpran os seguintes requisitos: homes e mulleres maiores de 18 anos e sen fogar que demanden o servizo e carezan de enfermidades que requiran atención sanitaria continuada, que non presente alteracións graves da conduta e que dispoñan de autonomía dabondo para realizar as actividades básicas da vida diaria (ABVD), ata cubrir a capacidade total do piso.

26.3. Réxime

26.3.1. O número de prazas prevista inicialmente é de 12: 5 para mulleres e 7 para homes.

26.3.2. As persoas usuarias deberán participar nun proxecto de inserción personalizado e individualizado (PIP) e estarán obrigadas a ter solicitadas as prestacións a que teñan dereito.

26.3.3. O tempo de estadía será de ata 6 meses, prorrogables en función de avaliación do persoal técnico do Centro e previa valoración positiva por parte da Dirección municipal.

26.3.4. As persoas usuarias deberán acceder por derivación interna ou por derivación da Unidade de Traballo Social, previa valoración da Dirección

municipal e, en proba de conformidade, asinar o contrato de alta e permanencia no programa.

26.3.5. As persoas participantes que dispoñan de ingresos económicos deberán realizar unha achega económica de carácter mensual que, como máximo, será equivalente á cantidade que se estipula no programa de subvencións directas individuais de emerxencia, en concepto de alimentación, aprobada polo Concello de Vigo, que se destinará á cobertura dos gastos básicos persoais.

26.4. Horario

Estará en funcionamento de luns a domingo, 24 horas ao día, todos os días do ano.

26.5. Prestacións:

1. Aloxamento: 24 horas, de luns a domingo.
2. Manutención.
3. Duchas.
4. Lavandería.
5. Roupeiro.
6. Consigna.
7. Empadramento e enderezo postal.
8. Programas de inserción social, actividades ocupacionais e atención psicosocial.

Artigo 27: Programa de transición á vida autónoma

27.1. Natureza e finalidade:

É un centro residencial temporal no que se desenvolve a normalización e a integración de persoas usuarias do Centro mediante actuacións programadas. A normalización terá como obxecto o estudo, diagnose e atención individualizada, coa finalidade de conseguir a adecuación persoal e comunitaria. A integración terá como obxecto a promoción persoal e sociolaboral no ámbito funcional.

O programa de intervención específico adaptarase ás características e ás necesidades sociais a que pretende dar resposta.

En función dos obxectivos, o Centro organizará a súa actividade mediante o deseño, a execución e a avaliación dos proxectos de traballo que se desenvolvan a través de diferentes programas de atención.

27.2. Persoas destinatarias

Persoas maiores de 18 anos que presenten déficits e carencias persoais que teñan efectos temporais e que poden desaparecer coa participación nunha estrutura normalizada que lles permita o desenvolvemento das capacidades e

habilidades que require levar unha vida autónoma.

Dada a orientación do programa as persoas destinatarias deberán contar con ingresos regulares, coas excepcións que serán valoradas individualmente.

27.3. Réxime

27.3.1. O programa funcionará as 24 horas do día e contarase cun piso para 8 homes con 5 habitacións, cociña e dous baños

27.3.2. O acceso a este servizo realizarase previa valoración do persoal técnico ou por derivación da UTS, previa valoración e autorización da Dirección municipal.

27.3.3. O programa ten un réxime de pagamento. As persoas usuarias cubrirán o aloxamento, manutención e hixiene mediante unha achega económica que poderá estar suxeita a variación en función dos gastos, sen que en ningún caso as persoas usuarias teñan que aboar máis do 40% dos seus ingresos económicos. Se carecesen deles, será o Concello de Vigo quen subsidiariamente faga esa achega ata o límite representado pola cantidade estipulada en cada momento para as axudas de emerxencia social en concepto de alimentación.

27.3.4. A estadía máxima nestas instalacións será de ata 6 meses, prorrogables segundo o proxecto de intervención e previa autorización da Concellería da Área de Benestar Social. A prórroga da estadía non superará, en ningún caso, un ano.

27.3.5. As persoas usuarias destes servizo poderán disfrutar do uso das instalacións durante todo o día, debendo xestionar as súas pertenzas e facerse cargo da limpeza e orde das mesmas.

27.3.6. O uso da ducha será obrigatorio para acceder os servizos deste Centro.

27.4. Prestacións:

1. Acollida, valoración, asesoramento e orientación.
2. Aloxamento.
3. Manutención (almorzo, xantar e cea).
4. Hixiene.
5. Lavandería.
6. Roupeiro.
7. Consigna.
8. Empadroamento e enderezo postal.
9. Programas de atención integral para a adquisición de comportamentos e habilidades sociais e itinerarios de incorporación sociolaboral, atención ás necesidades educativas, sociais, de saúde e apoio para preservar a autonomía persoal cara a unha vida autónoma.

Artigo 28: Normas de uso dos pisos

28.1. Ademais das regras xerais de respecto e convivencia do CIIES, nos pisos vencellados a este Programa as persoas usuarias deberán observar as seguintes normas:

- a) A limpeza xeral diaria debe facerse individualmente e cadaquén limpará e recollerá as súas cousas.
- b) As tarefas ordinarias domésticas, como recoller, ordenar e facer a cama, realizaranse antes da hora do almorzo. A vaixela utilizada lavarase despois do seu uso e o baño deixarase tamén limpo despois de ser usado. A lavadora poderá ser usada de xeito individual ou con pezas de diferentes persoas. As persoas usuarias encargaranse tanto do lavado coma do tendido das pezas. Terán preferencia os usuarios que leven máis tempo sen lavar. Unha vez seque a roupa haberá que recollela do tendal o antes posible. A roupa de cama cambiarase unha vez por semana no horario establecido.
- c) Manter sempre as portas entreabertas.
- d) Usar a televisión no horario sinalado. A canle elixida decidirase por votación maioritaria e moderarase o volume para non molestar ás demais persoas.

28.2. As persoas usuarias deberán levar con elas a súa equipaxe no momento en que remate a súa estadía nesta vivenda. En caso contrario, o Centro non se fará responsable delas.

28.3. No caso do piso do Programa de transición á vida autónoma, as persoas usuarias deberán gardar todas as súas pertenzas nos armarios que teñan asignados. As do Programa básico de acollemento e inclusión social poderán gardar parte das súas pertenzas na consigna das instalacións e, nos armarios asignados, o imprescindible para o uso diario.

Artigo 29: Requisitos funcionais

Haberá un rexistro de ingresos e saídas das persoas usuarias e tamén un rexistro de participación nas diferentes actividades ofertadas. Ademais, disporase dunha base de datos onde diariamente quedará rexistrada e gardada toda a información relativa aos usuarios.

Sección 3ª Comedor social

Artigo 30: Natureza e obxecto

30.1. O Comedor social do CIIES é un establecemento que ofrecerá servizo de xantar con carácter temporal a persoas sen fogar ou en risco de exclusión social, tendo prioridade de acceso todas aquelas persoas que carezan de ingresos económicos suficientes.

30.2. O obxecto deste dispositivo é o de cubrir a necesidade básica de manutención e, cando o equipo técnico o valore, cubrirá tamén as necesidades

de hixiene, lavandería e roupeiro.

30.3. Este servizo de alimentación cumprirá coas normas de seguridade alimentaria e normativa relativa ao sistema documentado de autocontrol.

Artigo 31: Persoas destinatarias

Persoas maiores de 18 anos ou menores acompañados ou autorizados polo titor ou representante legal correspondente, en risco ou en situación de exclusión social e con necesidades de alimentación.

Artigo 32: Réxime

32.1. Este servizo disporá dunha capacidade de 70 prazas todos os días do ano. Prestarase en horario de 12:30 horas a 14:30 horas.

32.2. O Comedor social disporá dun servizo de acollida, valoración, asesoramento e derivación.

32.3. Os períodos de prestación do servizo de Comedor social estableceránse en función da demanda e necesidades das posibles persoas usuarias, do grao de ocupación do Comedor e da valoración profesional dos casos particulares, procurando sempre dar a maior cobertura posible do servizo.

32.4. As persoas non aloxadas no Centro disporán do servizo de comida.

32.5. A alimentación será acorde á dieta mediterránea e ás estacións do ano, atendendo igualmente ás necesidades por franxas horarias e, no su caso, dietas específicas por enfermidades e/ou motivos relixiosos ou culturais. Nas datas de Noiteboa, Nadal e Fin de Ano ofreceranse comidas especiais acordes a estas festas.

32.6. As persoas usuarias deberán acceder ao servizo voluntariamente, mediante solicitude no propio Centro, por derivación do Equipo de rúa, por derivación interna do CIIES, por derivación das Unidades de Traballo Social ou polas diferentes organizacións da cidade de Vigo.

Artigo 33: Servizos

As persoas usuarias do comedor terán acceso aos seguintes servizos:

1. Duchas.
2. Lavandería.
3. Roupeiro.
4. Consigna.

Artigo 34: Réxime e requisitos funcionais

As persoas usuarias do servizo serán as responsables de recoller o material utilizado unha vez finalizado o xantar, seguindo en todo momento as indicacións dos técnicos de intervención social e do persoal de limpeza.

Haberá un rexistro dos ingresos e saídas das persoas usuarias que utilicen os servizos do Comedor. Para estes efectos, abrírase un expediente por cada persoa e todos os datos recollidos nas entrevistas, seguimentos dos usuarios e os documentos acreditativos de ingresos quedarán gardados diariamente nunha base de datos.

Sección 4ª Centro de Día para a Inclusión Social

Artigo 35: Natureza e obxecto

É un espazo socio-educativo de réxime diúrno, para uso das persoas usuarias aloxadas ou non, coa finalidade de facilitar a ocupación do tempo libre e as relacións interpersoais, rompendo a súa habitual incomunicación e creando oportunidades de mellora da inclusión social, de autocoidado e de axuste persoal. Así mesmo, ten como obxectivo cubrir as necesidades básicas das persoas usuarias, facilitar o acompañamento social e o acceso aos recursos sociais.

Artigo 36: Persoas destinatarias

Poderán ser usuarias deste dispositivo as persoas maiores de 18 anos, con problemáticas sociais e/ou persoais que impliquen situacións de marxinação ou risco de exclusión social, aloxadas ou non no Centro.

Tamén poderán ser beneficiarias das actividades destinadas á mellora da empregabilidade as persoas menores en idade laboral previa aprobación da Dirección municipal.

Artigo 37: Réxime

37.1. O número de prazas destinadas a este servizo será, como mínimo, de 20.

37.2. O tempo de estadía será de 3 meses, prorrogables ata un máximo de 1 ano sempre tendo en conta o uso que a persoa estea facendo do servizo e as necesidades detectadas.

37.3. Os usuarios poderán acceder ao servizo a través de derivación interna do CIIES ou por derivación dos servizos sociais comunitarios.

37.4. O Centro ofrece os seguintes servizos puntuais: hixiene, roupeiro, comedor social, consigna e lavandería. Ademais, disporá dun programa específico en función do colectivo atendido e das necesidades detectadas, proporcionando servizos de autocoidado, habilidades sociais, ocio, educación para a saúde,

atención/rehabilitación psicosocial, intermediación, prospección laboral e formación prelaboral.

Artigo 38: Requisitos funcionais

Haberá un rexistro de entrada e saída das persoas usuarias así como de asistencia aos programas específicos que se estean a desenvolver. Ademais, toda a información relativa aos usuarios quedará diariamente almacenada nunha base de datos.

Entregaráselle a cada usuario unha tarxeta identificativa e de rexistro de asistencias no momento do acceso por primeira vez ao Centro. Deste xeito, facilitarase a entrada aos servizos e os propios usuarios disporán da información referente a cantos días levan usado o recurso e cantos días lles quedan por disfrutar.

Sección 5ª Unidade de rúa

Artigo 39: Natureza e finalidade

A Unidade de rúa é un servizo de intervención no medio aberto cuxa principal característica reside en que os profesionais de atención interveñen no contexto da persoa usuaria e, no caso específico das persoas sen fogar, refírese á intervención na rúa. Con este servizo trátase de abordar unha das dificultades que supón a intervención con este colectivo: o problema de acceso aos recursos sociais.

Artigo 40: Persoas destinatarias

Este servizo está dirixido ás persoas sen fogar pero tamén ás incursas en situación de risco de exclusión ou emerxencia social, que se atopen na rúa, para a detección de situacións de emerxencia e a derivación cara aos distintos recursos dispoñibles.

Artigo 41: Servizos

Os servizos ofrecidos pola Unidade de rúa serán os seguintes: detección, valoración, orientación, información, derivación e seguimento das persoas destinatarias, achegamento ás persoas usuarias máis receosas á rede de atención dos Servizos sociais e sensibilización da poboación en xeral.

Artigo 42: Horario

A Unidade de rúa terá horario de mañá e tarde, de luns a venres. Os usuarios que accedan acompañados pola Unidade de rúa poderán acceder aos servizos do CIIES sen restrición horarias.

Sección 6ª Unidade de hixiene

Artigo 43: Obxecto

Ten como función facilitar as condicións mínimas de hixiene persoal das persoas usuarias mediante a utilización de duchas, material de aseo así como a realización de actividades relacionadas con hábitos saudables.

Artigo 44: Persoas destinatarias

Todas as persoas usuarias do CIIES e as non usuarias previa valoración.

Artigo 45: Réxime

45.1. Duchas

45.1.1. O uso das duchas será en todo momento obrigatorio para os usuarios do Albergue e do Centro de acollida e inclusión.

45.1.2. Facilitarase un kit de hixiene completo para cada usuario do servizo.

45.2. Roupeiro

45.2.1. Existirá un servizo de roupeiro para cubrir, de maneira excepcional, as necesidades de roupa e calzado que puideran presentar as persoas usuarias do Centro, atópense ou non aloxadas neste.

45.2.2. Existirá unha coordinación directa con outras entidades para cubrir correctamente este servizo.

45.3. Lavandería

A limpeza da roupa persoal realizarase nas distintas zonas de lavandería asignadas a cada un dos servizos de aloxamento do mesmo, e sempre con cita previa en función da capacidade.

Sección 7ª Servizo de Consigna

Artigo 46: Obxecto

O obxecto deste servizo é cubrir a necesidade de almacenaxe e custodia das pertenzas das persoas sen fogar ou en risco de exclusión social. Comprenderá o servizo de gardarroupa e pertenzas das persoas usuarias aloxadas no Centro. Tamén se facilitará a todas aquelas persoas que non dispoñan dun espazo onde deixar os aparellos persoais.

Artigo 47: Réxime

47.1. Informarase ás persoas usuarias do funcionamento deste servizo e ofreceráselles o documento de rexistro no que se fará constar que aceptan as normas do Centro.

47.2. Na despedida, serán entregadas as pertenzas depositadas na consigna e ofrecerase ao usuario o documento de retirada das mesmas.

47.3. Dentro deste servizo ofreceráselle aos usuarios a posibilidade de recargar os móbiles, eximindo de toda responsabilidade ao Centro polas averías ou danos que se poidan ocasionar.

Sección 8ª Servizos de empadronamento e enderezo postal

Artigo 48: Obxecto

O obxecto destes servizos é cubrir as necesidades de empadronamento e enderezo para recibir correspondencia. Desta forma, ofrécese a posibilidade, cando se valore oportuno, de que o usuario se empadroe no CIIES para garantir o acceso aos servizos que o requiran e utilice o enderezo do Centro para recibir a súa correspondencia.

Artigo 49: Réxime

En todos os casos nos que se utilice este servizo, as persoas usuarias deberán asinar os correspondentes documentos de autorización ou de solicitude de acceso ao servizo, no que constarán os seus dereitos, deberes e compromisos.

CAPÍTULO II DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 50: Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do CIIES terán os seguintes dereitos:

- a) A ser informados das normas de funcionamento do Centro.
- b) A recibir o material preciso para facer uso dos distintos servizos.
- c) A usar as dependencias e servizos do Centro no horario e nas condicións que en cada caso se establezan.
- d) A utilizar os servizos e equipamentos en condicións de igualdade e sen discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, minusvalía, ideoloxía, crenza, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social.
- e) A recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal como das persoas implicadas no Centro, programa ou servizo.

- f) A unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas e a recibir información, orientación e asesoramento profesional verbo da súa situación persoal.
- g) Á confidencialidade, sigilo e respecto en relación aos seus datos persoais e información que sexa coñecida polo servizo en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso a estes no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- h) Á calidade dos servizos e prestacións recibidas, podendo presentar suxestións e reclamacións á dirección do Centro.
- i) Ao respecto aos dereitos lingüísticos das persoas usuarias.
- j) Ao respecto dos demais dereitos que, en materia de servizos sociais, recoñeza a normativa vixente en cada momento.

Artigo 51: Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias do CIIES terán os seguintes deberes:

- a) Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso ao CIIES, facilitando información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para a súa utilización e comunicando as variacións que experimenten estas.
- b) Comunicar ao persoal de referencia calquera cambio significativo de circunstancias que puidese implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta polos servizos sociais.
- c) Colaborar co persoal encargado de prestarlles a atención necesaria, acudindo ás entrevistas con estes e seguindo os programas e orientacións que lles prescriban.
- d) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais, participando activamente no proceso que xere a intervención social das que sexan destinatarias.
- e) Participar de xeito activo no seu proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- f) Destinar as prestacións recibidas para o fin que foron concedidas.
- g) Contribuír, de ser o caso, ao financiamento do custo dos servizos.
- h) Respetar ás persoas profesionais, empregadas e ás demais residentes do Centro.
- i) Respetar as conviccións políticas, morais e relixiosas das demais persoas residentes, así como do persoal que presta os seus servizos no Centro.
- j) Gardar as normas de convivencia, hixiene e aseo establecidas.
- k) Usar de forma respectuosa e responsable as instalacións, mobiliario e pertenzas do Centro.
- l) Poñer en coñecemento da dirección do Centro as incidencias ou irregularidades que se observen no mesmo.
- m) Coñecer e cumprir as normas de convivencia do Centro e as regras de funcionamento dos distintos servizos e equipamentos.
- n) Manter o respecto pola contorna do CIIES.

- o) Manter e conservar en bo estado os materiais que se lle entregan ao acceder ao Centro e, de ser o caso, devolvelos ao rematar a estadía.
- p) Cumprir os horarios establecidos.
- q) Cumprir os demais deberes que, en materia de servizos sociais, recoñeza a normativa vixente en cada momento.

Artigo 52: Incumprimento das obrigas

O incumprimento das obrigas sinaladas nos artigos anteriores poderá dar lugar á perda da condición de persoa usuaria e, como consecuencia, do dereito á utilización dos servizos que se prestan no Centro.

TÍTULO III REXIME DISCIPLINARIO

Artigo 53: Principios

53.1. O CIES é un espazo de convivencia de usuarios e traballadores para lograr os obxectivos sinalados neste Regulamento. A actividade do Centro require, para o bo funcionamento, o establecemento de normas de convivencia e a previsión das consecuencias ante os incumprimentos das mesmas.

53.2. O incumprimento das normas de funcionamento interno e dos deberes das persoas usuarias do Centro poderá motivar a perda do dereito á utilización dos seus servizos de forma temporal ou definitiva, de acordo co réxime disciplinario establecido neste Título.

53.3. En todo caso, as sancións disciplinarias que se poidan impoñer deben ser persoais e a súa finalidade non será exemplarizante senón educativa e correctiva, valorándose sempre as circunstancias persoais do usuario infractor.

Artigo 54: Faltas disciplinarias

Considéranse faltas disciplinarias as infraccións ou os incumprimentos dos deberes establecidos no presente Regulamento de réxime interno. Clasifícanse, en función da súa gravidade, en leves, graves e moi graves.

Artigo 55: Faltas leves

Consideraranse faltas leves aquelas que non poidan ser cualificadas como graves ou moi graves e, expresamente, as seguintes:

- a) Non respectar as normas básicas de funcionamento do Centro que garanten o normal desenvolvemento da convivencia, como son as relacionadas co cumprimento dos horarios, o uso adecuado das instalacións ou o trato respectuoso co persoal do Centro e as persoas residentes, sempre que non revistan a consideración de incumprimentos graves ou moi graves.
- b) Acceder ao Centro fóra do horario establecido sen comunicación e autorización previa.

- c) Non comunicar nin xustificar a ausencia do Centro durante un período superior a 24 horas.

Artigo 56: Faltas graves

Constitúen faltas graves as seguintes:

- a) A comisión de tres faltas leves no termo dun ano.
- b) Falsear ou ocultar datos persoais, económicos, familiares ou sociais relevantes para obter prestacións ou servizos do Centro.
- c) Alterar de xeito habitual as regras de convivencia creando situacións de malestar no Centro.
- d) A substración de bens ou de calquera clase de obxectos propiedade do Centro, do seu persoal ou das persoas usuarias, a non ser que, atendendo á súa importancia, poida ser cualificada como falta moi grave.
- e) Fumar en espazos e áreas non habilitadas para o efecto.
- f) A resistencia pasiva a cumprir as normas do Centro.
- g) Causar danos por negligencia grave na utilización das dependencias, materiais ou efectos do Centro ou ás pertenzas doutras persoas.
- h) Introducir, posuír ou consumir no Centro drogas, substancias psicotrópicas, estupefacientes ou bebidas alcohólicas ou substancias que estean prohibidas polas normas de funcionamento interno.
- i) Portar ou exhibir armas, obxectos punzantes ou elementos intimidatorios.
- j) Autolesionarse como medida reivindicativa ou simular lesións ou enfermidades para evitar a realización de actividades obrigatorias.

Artigo 57: Faltas moi graves

Constitúen faltas moi graves:

- a) A comisión de dúas faltas graves no termo dun ano.
- b) Promover, instigar ou participar en motíns, plantex, altercados, rifas ou pelexas de calquera tipo, cando se produza unha alteración moi grave da convivencia ou danos a terceiros.
- c) Levar a cabo actitudes e condutas de ameaza grave, agresión física ou psíquica, intimidación e/ou coacción cara o persoal laboral ou usuaria do Centro.
- d) O tráfico de drogas, medicamentos ou de calquera outra substancia cuxo tráfico se tipifique na lexislación penal como delito contra a saúde pública.
- e) Exercer a prostitución no interior do Centro ou beneficiarse da mesma.
- f) Exercer calquera tipo de explotación, abuso ou atentado grave contra os dereitos fundamentais da persoa.
- g) Resistirse activa e gravemente ao cumprimento das normas do Centro.
- h) Inutilizar deliberadamente as dependencias, materiais ou efectos do Centro ou as pertenzas doutras persoas.

Artigo 58: Sancións disciplinarias

58.1. Sancións por infraccións leves das normas de convivencia:

- a) Amoestación verbal ou escrita.
- b) Limitación na participación en determinadas actividades.
- c) Realización de tarefas que contribúan ao mellor desenvolvemento das actividades do Centro, dirixidas a reparar os danos causados ou a mellorar o contorno do Centro, durante un tempo determinado.
- d) Outras medidas positivas, como a asistencia obrigatoria a determinadas actividades de carácter educativo.
- e) Redución do tempo de estadía no Centro durante o día.
- f) Baixa no Centro e prohibición de entrada por un período non superior a 15 días.

58.2. As sancións que se poderán impor por infraccións graves das normas de convivencia serán as seguintes:

- Suspensión da participación en actividades do Centro por un período non superior a 6 meses.
- Suspensión, por igual período de tempo, doutras medidas positivas acordadas no proceso de intervención.
- Baixa no Centro e prohibición de entrada ao mesmo por un período de ata 3 meses.

58.3. As sancións pola comisión de infraccións moi graves das normas de convivencia poderán consistir en:

- a) Prohibición temporal de entrada ao Centro por un período de ata 6 meses.
- b) Expulsión definitiva e baixa do Centro.

58.4. Sen prexuízo do anterior, todas aquelas accións que revistan carácter penal serán obxecto de denuncia perante os órganos xudiciais competentes.

58.5. As sancións serán impostas pola Concellería delegada da Área de Benestar social, previo informe razonado da Dirección municipal e da/s persoa/s responsable/s da entidade xestora, xustificando a gravidade da conduta, a pertinencia da sanción proposta e, de ser o caso, as medidas cautelares adoptadas, que poderán incluír a baixa provisional no Centro. Observaránse na súa tramitación as normas do procedemento administrativo común e sancionador que resulten aplicables.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para o axeitado desenvolvemento e implementación deste Regulamento, a Concellería delegada da Área de Política de Benestar poderá elaborar, tramitar e aprobar toda clase de documentos, como Manuais de organización e

funcionamento, Plans, Programas, Cartas de servizos, etc.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Facúltase expresamente á Concelleira delegada da Área de Política de Benestar para ditar as instrucións de funcionamento interno complementarias que sexan necesarias para o correcto funcionamento do Centro, sen que en ningún caso poidan contradicir o establecido neste Regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan expresamente derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao presente Regulamento, quedando sen efecto desde a súa entrada en vigor as normas de funcionamento interno do CIIES do Concello de Vigo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 25.05.2012.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta disposición que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, do Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, este Regulamento entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.”

4.- PROPOSICIÓN MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

4.1(134).- PROPOSICIÓN DO ALCALDE REFERENTE Ó AEROPORTO DE VIGO. EXPTE. 709/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de xullo de 2013, a Alcaldía presentou a seguinte proposta referente ó Aeroporto de Vigo, co texto que se transcribe deseguido.

“O Aeroporto de Vigo sufriu nos últimos anos un descenso continuado de tráfico, rutas e pasaxeiros que ten como resultado unha redución dun 41% dos pasaxeiros nos últimos 5 anos. En 2013 as proxeccións estatísticas estiman un número non superior aos 600.000 pasaxeiros, cifra que fai perigar o futuro do aeroporto e da economía viguesa.

Neste dato incide de forma significativa e fundamental a competencia desleal que esta a sufrir o aeroporto de Vigo, xa que o aeroporto de Santiago recibe axudas a voos por parte da Xunta de Galicia, o aeroporto de A Coruña por parte do concello ; o aeroporto de Porto recibe axudas do Goberno de Portugal mentres que o Aeroporto de Vigo non recibe ningunha axuda.

O Concello de Vigo, dando resposta ao sentir cidadán, ven mantendo nos últimos meses reunións e contactos con compañías aéreas tales como GRUPO IBERIA, AIR NOSTRUM, VUELING, VOLOTEA, AIR EUROPA ou AIR FRANCE para desenvolver propostas de colaboración que permitan a recuperación de tráfico e pasaxeiros no aeroporto e a promoción da cidade turística e economicamente.

Como resultado das accións ata a data desenvoltas, na ruta Vigo - Madrid conseguíuse recuperar a operativa con avións a reacción por parte de Air Europa a partir do mes de setembro, así como, un aumento nos horarios, frecuencias e nun 8% nas prazas, ofertadas por Iberia Express.

Tendo en conta o anteriormente exposto do cal se da debida conta no informe que se xunta o pleno do Concello de Vigo acorda o desenvolvemento das seguintes iniciativas:

1. Implantar, recuperar e potenciar as distintas rutas do Aeroporto de Vigo nos seguintes termos:

- a) Potenciación da ruta Vigo - Madrid mellorando os horarios e ampliando as frecuencias por medio do diálogo activo e continuado coas compañías aéreas Iberia Express e Air Europa.
- b) Potenciación a ruta Vigo - Barcelona, mellorando os horarios e ampliando as frecuencias mediante a negociación coa actual operadora da mesma, Vueling Airlines, cun orzamento máximo de 250.000,00€.
- c) Implantación de voos transversais dende o Aeroporto de Vigo acordando coa compañía VOLOTEA a implantación progresiva de rutas a Sevilla, Valencia, Alacante, Málaga, Bilbao, Palma de Mallorca, Ibiza, Menorca e Illas Canarias no período 2014-2017 con axudas decrecentes en relación ó número de prazas ofertadas que finalizarán no ano 2017.

As achegas a VOLOTEA articularanse de acordo co seguinte calendario:

2013	2014	2015	2016	2017
300.000,00	700.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00
€	€	€	€	€

Estas cantidades deberán figurar nos orzamentos do Concello de Vigo desde 2013 (mediante modificación orzamentaria) ata 2017.

- d) Potenciación da ruta a París por medio da mellora de frecuencias e horarios a través do diálogo activo con Air France.
- e) Recuperación da ruta Vigo - Londres, iniciando de forma inminente, contactos con diversas compañías aéreas destinando un orzamento máximo de 500.000,00€ ás axudas á súa posta en marcha.
- f) Recuperación da ruta Vigo - Bruxelas así como a súa declaración, por parte do Ministerio de Fomento, como Obriga de Servizo Público.
- g) Implantación, no medio prazo, dunha ruta Vigo - Múnic que garanta a conectividade da cidade co mercado Alemán.

2. O financiamento das accións acordadas se realizará en base aos seguintes principios:

- a) A Xunta de Galicia achegará 2 millóns de euros á promoción do Aeroporto de Vigo, cantidade equivalente a achegada en 2012 e 2013 ao aeroporto de Santiago. No ano 2014 e seguintes dedicará a mesma cantidade que destine ao resto dos aeroportos galegos.
- b) O custe remanente das necesidades de financiamento satisfarase nun 50% pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.
- c) En todo caso o Concello de Vigo aceptaría unha política baseada na inexistencia de axudas directas ou indirectas a ningunha compañía aérea nin aeroporto por parte de institución algunha sempre e cando se resarza ao aeroporto de Vigo do diferencial de axudas non recibidas nos anos 2012 e 2013.

O comezo do Pleno a voceira do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte emenda de substitución:

“O Aeroporto de Vigo sufriu nos últimos anos un descenso continuado de tráfico, rutas e pasaxeiros que ten como resultado unha redución dun 41% dos pasaxeiros nos últimos 5 anos e de máis dun 50% das mercadorías no último ano. En 2013 as proxeccións estatísticas estiman un número non superior aos 600.000 pasaxeiros, cifra que fai perigar o futuro do aeroporto e da economía viguesa.

Neste dato incide de forma significativa e fundamental a competencia desleal que está a sufrir o aeroporto de Vigo, xa que o aeroporto de Santiago recibe axudas a voos por parte da Xunta de Galicia, o aeroporto de A Coruña por parte do concello, o aeroporto de Porto recibe axudas do goberno de Portugal mentres que o aeroporto de Vigo non recibe ningunha axuda.

A Xunta de Galiza ten a obriga de asumir as súas competencias, o presidente do goberno galego non debería facer deixación de funcións e asumir as súas

responsabilidades. Un presidente e un goberno galego que si gobernara, tamén para Vigo, non tería abandonado Peinador ata chegar a unha situación como a actual.

A xestión e a aposta decidida polo futuro dun sistema aeroportuario galego onde o aeroporto de Peinador xogue un papel chave na recuperación económica e na creación de emprego en Vigo e a súa área de influencia require fomentar consensos e xerar un movemento reivindicativo de todo un espazo económico que entende o aeroporto como un instrumento útil e necesario para poder saír da recesión social e económica.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o pleno do concello de Vigo acorda o desenvolvemento das seguintes iniciativas, tal e como aparecen no estudio anexo:

1. Implantar, recuperar e potenciar as distintas rutas do Aeroporto de Peinador nos seguintes termos:
 - a) Potenciación da ruta Vigo - Madrid mellorando os horarios e ampliando as frecuencias por medio do diálogo activo e continuado coas compañías aéreas Iberia Express e Air Europa.
 - b) Potenciación da ruta Vigo - Barcelona, mellorando os horarios e ampliando as frecuencias mediante a negociación coa actual operadora da mesma, Vueling Airlines.
 - c) Implantación de voos transversais desde o aeroporto de Vigo acordando coa compañía Volotea a implantación progresiva de rutas a Sevilla, Valencia, Alacante, Málaga, Bilbao, Palma de Mallorca, Ibiza, Menorca e Illas Canarias no período 2014-2017 con axudas decrecentes en relación ao número de prazas ofertadas que finalizarán en 2017.
 - d) Potenciación da ruta a París por medio da mellora de frecuencias e horarios a través do diálogo activo con Air France.
 - e) Recuperación da ruta Vigo - Londres, iniciando de forma inminente contactos con diversas compañías aéreas.
 - f) Recuperación da ruta Vigo - Bruxelas así como a súa declaración, por parte do Ministerio de Fomento, como Obriga de Servizo Público.
 - g) Implantación, no medio prazo, dunha ruta Vigo - Múnic que garanta a conectividade da cidade co mercado alemán.

2. O financiamento das accións acordadas se realizará en base aos seguintes principios:

a) A Xunta de Galicia garantirá o trato igualitario dos tres aeroportos galegos, atendendo cada un deles segundo as súas necesidades, destinando, cando menos, a mesma cantidade ao aeroporto de Peinador que ao resto dos aeroportos galegos e achegando 2 millóns á promoción do aeroporto vigués, cantidade equivalente a achegada en 2012 e 2013 ao aeroporto de Santiago.

b) A Deputación de Pontevedra asumirá as súas competencias de promoción turística asumindo, de acordo coa Xunta de Galicia, a cantidade precisa para cubrir as necesidades de financiamento dun aeroporto que presta servizo a toda a provincia.

c) En todo caso o Concello de Vigo aceptaría unha política baseada na inexistencia de axudas directas ou indirectas a ningunha compañía aérea nin aeroporto por parte de institución algunha sempre e cando se resarza ao aeroporto de Vigo do diferencial de axudas non recibidas nos anos 2012 e 2013.

d) No caso de que a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra se neguen a asumir as súas responsabilidades e competencias, e non apoiem a proposta do Pleno da Corporación sobre o aeroporto de Peinador para saír da crise que está atravesando, coas consecuencias económicas e sociais que ten para Vigo e a súa área de influencia, o pleno do concello tratará de novo esta cuestión.

3. No exercicio das competencias municipais que poden ter incidencia no funcionamento do aeroporto de Vigo, o goberno local desenvolverá as seguintes accións:

a) Planificación e desenvolvemento dun centro loxístico vinculado ao aeroporto de Vigo, con características de concentrador e pasarela e a xeito de nodo de encontro entre o transporte aéreo e o resto de modalidades de transporte. Nesta plataforma realizaríanse actividades loxísticas relacionadas coas actividades industriais, de transporte e de distribución comercial. No seu fomento e impulso cumprirá implicar diversas administracións que impulsarían as iniciativas dos operadores loxísticos, permitindo establecer unha área loxística do aeroporto no obxectivo de converter Peinador nun aeroporto relevante no tráfico de mercadorías.

b) Mellora dos enlaces e frecuencias de interconexión directa entre a estación de tren, porto e estación de autobuses co aeroporto mediante transporte urbano.

c) Promoción e difusión do aeroporto e dos seus accesos na cidade.

d) Accións de promoción turística da cidade.”

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Un aeroporto define a economía dunha cidade, define o futuro, sen un aeroporto con capacidade de competir non é posible situarse na modernidade porque é de iso do que falamos cando defendemos o Aeroporto de Peinador. Defendemos que esta cidade poida seguir a ser motor que move, e ten que seguir a mover, a economía de Galicia, sen Vigo non hai modernidade e sen aeroporto Vigo estará lastrado. Isto é o que a Xunta de Galicia quere un Vigo lastrado, porque aínda non entenderon a Galicia moderna, a da industria, a do automobilismo, a do naval, a da pesca, a da tecnoloxía, a da internacionalización, a do emprego, porque a realidade é que o Aeroporto de Vigo ten que soportar que o de Santiago de Compostela e o de A Coruña fagan competencia desleal, que impide que Vigo poida ter as rutas, as frecuencias e os prezos que lle permitan responder ás demandas económicas da primeira urbe de Galicia.

Por isto, hoxe traemos unha proposta que parte da análise obxectiva da realidade, que propón escenarios que farán posible que Vigo recupere o liderado que nunca debeu perder, e que pon enriba da mesa unha proposta necesaria, posible, xusta e rigorosa, porque é preciso lembrar que Vigo se constitúe como a maior área de captación de pasaxeiros de Galicia, con máis de tres millóns de usuarios potenciais, 700.000 viaxeiros máis que as áreas de A Coruña ou Santiago de Compostela, e non o dicimos solo nós, dio Aena. Este dato non lles parece que é suficiente para dicirle á Xunta de Galicia que ten que apoiar ao noso aeroporto, para dicirle á Deputación de Pontevedra que ten que comprometerse coa cidade que é o núcleo neuráxico da provincia na que goberna. Estes datos falan por si sós para argumentar a importancia de apoiar ao noso Aeroporto, pero tamén o feito de que Peinador non pode seguir tolerando os ataques doutras administracións, sen que os seus representantes políticos locais se revelen abertamente. Non podemos admitir que os Aeroportos de A Coruña e Santiago de Compostela sexan apoiados con axudas e o de Vigo non reciba nin un só euro. Son demasiados anos observando o apoio á Lavacolla e a Alvedro, que reciben achegas millonarias e Vigo non, da igual a data ou as administracións que elixamos, a realidade sempre é a mesma, Vigo é maltratada na política de axudas, Vigo sempre por detrás, por detrás en millóns de euros de

axudas que si reciben A Coruña e Santiago de Compostela. A política do Goberno da Xunta de Galicia é unha aposta firme e continua polo Aeroporto de Santiago de Compostela, a Xunta de Galicia dálle axudas ao Aeroporto de Santiago de Compostela con cartos de toda Galicia e polo tanto tamén dos vigueses. Achégase a Santiago de Compostela con cartos de Vigo, dixeron que ían retiralas pero o certo é que aí seguen, e que Vigo non reciben nin un euro.

Se falamos de A Coruña, atopámonos con que preto do 50% das prazas dispoñibles teñen financiamento municipal, se falamos de O Porto estímase que recibe un financiamento de doce millóns de euros e a outra cara da moeda e o noso Aeroporto, que en 2013 non recibiu ningún tipo de axudas para promoción dos seus destinos, por iso chegou a hora de poñer as cartas boca arriba e de que todos nos retractemos, deixando claro quen apoia a Vigo e quen lle da as costas. Por isto, presentamos unha proposta para potenciar a ruta a Vigo-Madrid e Vigo-Barcelona, mellorando horarios e ampliando frecuencias e que o Alcalde xa estivo negociando coas compañías que as operan. Unha proposta que propón implantar voos transversais acordando coa compañía Volotea a implantación de rutas a Sevilla, Valencia, Alicante, Málaga, Bilbao, Illas Baleares e Canarias, unha proposta que formula potenciar a ruta a París, a recuperación do Vigo-Londres, de Vigo-Bruselas e unha ruta entre Vigo e Munich, que ten unha clara proposta de financiamento que lle corresponde á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra. A Xunta de Galicia terá que aportar dous millóns de euros, só pedimos o que nos corresponde, o mesmo que teñen A Coruña e Santiago de Compostela, o mesmo que recibiu Santiago de Compostela nos anos 2012 e 2013, o resto dos remanentes o satisfarían a Deputación e o Concello de Vigo. Eu espero que toda a Corporación vote a favor desta proposta, o contrario sería traizoar unha vez máis a Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: Recibimos esta proposta por parte da Alcaldía propoñéndonos unha resolución do Pleno do Concello de Vigo e nós como sempre, insistimos na necesidade de crear realmente unha fronte común de defensa do Aeroporto de Peinador, da nosa cidade. Para nós é fundamental que poidamos chegar a un acordo, porque as divisións entre as forzas políticas e a busca de apaños para

solventar que as administracións competentes non están realmente facendo o que necesita o Aeroporto de Vigo para sacalo da crise, non nos leva a ningún sitio, de feito levamos meses xa enleados neste debate, xa falamos tódalas forzas políticas, xa expresamos a nosa posición e nós insistimos sempre na necesidade de chegar a acordos e reclamar das administracións competentes que asuman as súas responsabilidades.

A situación do Aeroporto de Peinador non é a que é porque unha compañía aérea determinada decidise estar, vir, marchar, non é unicamente por iso, as compañías aéreas son empresas que buscan o seu beneficio e toman as súas decisións tamén como consecuencia das decisións políticas que se toman dende os gobernos sobre os aeroportos, neste caso.

E se falamos das decisións políticas que se tomaron sobre o Aeroporto de Peinador, podemos realmente pensar en moitas das decisións que se tomaron dende o goberno do Estado nos últimos anos, e dende o goberno da Xunta de Galicia que teñen agora as consecuencias que están tendo.

Podemos falar xa do propio intento de privatización dos servizos aeroportuarios, a privatización de Aena que finalmente non se levou a cabo completamente tal e como pretendía o Ministro Sr. Blanco, porque realmente ten consecuencias fundamentais para o funcionamento dos servizos aeroportuarios. Por exemplo, agora mesmo aquí en Vigo, estamos vendo como Aena non quere pagar os comuneiros de Guizán 7,8 millóns de euros polos terreos que lles están ocupando, co recoñecemento xa de dúas sentencias xudiciais, existindo debido a esta situación casas a menos de 150 metros da pista do Aeroporto de Vigo, mentres que Aena, a mesma que non quere pagarlle aos comuneiros de Guizán, merca o Aeroporto de Londres Luton por 502 millóns de euros, converténdose no sexto aeroporto de Aena, o quinto aeroporto de Gran Bretaña. Esas decisións evidentemente teñen consecuencias, ogallá lle dedicasen a parte correspondente, simplemente deses 502 millóns de euros ao Aeroporto de Peinador que de feito recibiu o 10% de investimentos que recibiu o Aeroporto de Lavacolla, un aeroporto que quizais foi sobre dimensionado e agora tamén se atopa con problemas de funcionamento porque realmente é necesario pagarlles ás compañías aéreas para que os avións despeguen e aterren no Aeroporto de

Lavacolla.

Nós queremos insistir neste feito, queremos insistir no descenso de pasaxeiros, tamén no descenso do tráfico de mercadorías, un 50% nin máis nin menos no último ano, e por iso propoñemos esta emenda que presentamos e xa trasladamos a tódolos grupos municipais para realmente insistir na necesidade de que asuman as súas competencias dende a Xunta de Galicia e dende o Goberno do Estado. A nós non nos interesa especialmente a situación das compañías aéreas que se describen no estudo, está ben quizais como documento dun director comercial, pero como documento do plano do Concello nos parece ben, porque realmente está recollendo rutas que xa estaban recollidas basicamente no Plan director que prepara xa o Bloque Nacionalista Galego e que levará xa ao Parlamento Galego onde foi rexeitando cos votos do Partido Popular, e non imos discutir as rutas aéreas que se propoñen parécenos ben realmente. Pero a nós o que nos interesa é que as administracións asuman as súas competencias, por isto propoñemos esta emenda na que aceptamos as propostas de rutas que se fan, nas que insistimos en que entendemos que as axudas se existen teñen que ser iguais para todos, e iguais para todos quere dicir en funcións das súas necesidades, se son necesarias máis para Peinador, son necesarias máis para Peinador. Tamén insistimos en que teñen que ser a Xunta de Galicia e a Deputación quen asuma os custes destas medidas para que Peinador saia da crise que está atravesando, e tamén propoñemos unha serie de medidas por parte do goberno local, que poden apoiar o funcionamento do Aeroporto de Peinador e que si son da súa competencia.

SR. FIGUEROA VILA: Vou ir un pouco rápido porque despois de tantos días de debate temos só cinco minutos para un dos temas máis importantes dos últimos anos na cidade de Vigo.

Hoxe estamos realizando este Pleno porque o Partido Popular presentou o 13 de xuño unha convocatoria de Pleno extraordinario con dous puntos da orde do día: Instar ao Alcalde de Vigo a presentar unha proposta ante o Pleno municipal, e que o Alcalde constitúa nun prazo de sete días un grupo de traballo formado polo grupos políticos. Na primeira hai unha proposta, que falaremos dela despois e na

segunda, está sen convocar, Sr. Alcalde, eu creo que é moi simple convocar a tódolos grupos para poder falar deste tema tan importante, por iso hoxe estamos debatendo esta proposta concreta.

Con respecto ao Aeroporto todos temos historia, Sr. Alcalde, o Partido Popular gobernou nesta cidade e o Partido Socialista está a gobernar agora mesmo. Os datos son moi claros e moi concretos, no ano 2004 tiñamos 911.000 pasaxeiros, gobernando o Partido Popular subiu a 1,5 millón no ano 2007 e cando vostede colleu o goberno un descenso vertixinoso ata 500.000 pasaxeiros. Iso está aí, que fixo o Partido Popular? Que isto hai que recordarllo a cidadanía, chegaron a Peinador, Iberia, Air Europa e Air France, tres aeroliñas que se consolidaron, o Aeroporto pasou de 800.000 pasaxeiros a 1,4 millóns, non houbo políticas de axudas directas ás compañías e o Bipartito da Xunta de Galicia do que formaban parte compañeiros de vostede, deron cero euros a Peinador e catro millóns a Lavacolla, estes son os datos que están enriba da mesa. Que fixo o Partido Socialista dende que goberna? Nin unha soa aeroliñas se consolidou, boicoteou o Comité de Rutas, rebentou o consenso da cidade a través da fundación ProVigo, gozou de case preto de cinco millóns de euros en axudas públicas ás aeroliñas e descendeu en pasaxeiros 500.000 aproximadamente. Cal é a súa traxectoria con respecto aos aeroportos Sr. Alcalde? Foi nomeado fillo adoptivo da cidade de A Coruña, por que potenciou o Aeroporto de Alvedro no ano 88. No ano 2006 vostede fixo un estudo con varios compañeiros, Estudo do Eixo Atlántico, onde dicía claramente “Galicia e o norte de Portugal deberán de construír os seus catro aeroportos nun sistema aeroportuario integrado, a estes efectos debe promoverse que as diferentes compañías aéreas que operen ou consideren aos seus efectos opcionais como tal”, isto era o que dicía vostede a parte de axudar no seu día ao Aeroporto de A Coruña.

Tamén hai que dicirlle a compañeiros do seu partido que agora falan do apoio a Lavacolla, que investiron 250.000 millóns de euros en instalacións que agora están totalmente paralizadas.

A súa traxectoria con respecto ao Aeroporto de Peinador, dende que vostede goberna non se consolidou nin unha nova rutas e perdeu varias das que operaban só promesas valeiras, novas rutas consolidadas en Peinador? Ningunha.

Rutas que se perderon dende que vostede goberna? Londres, Bruxelas, Sevilla, Zaragoza, Córdoba, Valencia, podo darlle a hemeroteca de todos estes datos, pero o máis importante, promesas incumpridas do Alcalde Huesca, México, Málaga, Milán, Frankfurt, Munich, Roma, é dicir, Sr. Alcalde vostedes con moitas promesas, a maioría delas incumpridas. Con cinco millóns de euros de subvencións, igual a 577.000 pasaxeiros perdidos en Peinador, a política de subvencións non é o modelo a seguir.

O Partido Popular de Vigo, sempre mantivo a mesma postura dende o ano 2004, apoio a mercadorías e pasaxeiros, recuperación do consenso que nós fixemos naquel momento con tódolos grupos políticos, Comité de rutas e potenciación, buscar a complementariedade, coordinación e especialización e mellorar as xestións.

A falacia do reparto non é equitativo, é mentira o que están dicindo vostedes, no goberno do Sr. Feijóo, datos oficiais, entre o ano 2009 e 2012, inversión en Lavacolla catro millóns, inversión en Alvedro 3,5 millóns, inversión en Peinador 3,8 millón euros. Goberno do Sr. Pérez Touriño que vostede coincidiu con el e nós tamén nunha parte do seu goberno, inversión en Lavacolla 3,4 millóns de euros, inversión en Alvedro 300.000 euros, inversión en Peinador cero euros, esta é a falacia que vostedes están permanentemente pronunciando por aí do reparto equitativo dos aeroportos.

Con respecto ao plan que vostedes presentan, non se di nada do Comité de Ruta, non hai diálogo cos grupos municipais pese a estar en minoría, non se di nada de coordinar accións ou esforzos con axentes locais turísticos ou de negocios, non hai xestións feitas e menos aínda consolidadas. O documento é unha declaración de intencións, iso si vestida de cifras e un informe moi pobre que non ten nin autor, como un concello de estas características pode presentar un informe sen autor? Non sabemos quen é o autor, nos gustaría que vostede nolo dixera.

SRA. SILVA REGO: Eu cría que o Partido Popular ía facer un esforzo de rigor, para intentar apoiar ó Aeroporto de Vigo, non esperaba que volveran aquí co mesmo discurso do Pleno anterior, eu de verdade esperaba que vostede, Sr. Figueroa, lles dixera aos seus xefes de Santiago de Compostela e ao Presidente da

Deputación de Pontevedra, da que vostede e Vicepresidente, que si ou si tiñan que apoiar ó Aeroporto de Vigo. Eu esperaba que vostede deixara de estar de xeonllos ante aqueles que vostede cree que van a ser os avalistas de que vostede sexa o próximo candidato do Partido Popular en Vigo, equívócase Sr. Figueroa, porque sabe o que vai pasar, que os cidadáns que están aí fora non van entender a súa intervención hoxe, non a van entender. Porque sabe o que quedou claro? É que vostede non está porque Vigo teña o mesmo tratamento que ten Santiago de Compostela e A Coruña.

Pero como pode vostede dicir que o Partido Popular mantivo sempre a mesma posición de non dar axudas ás compañías aéreas, pero si é a Xunta de Galicia a que da máis de tres millóns de euros ao Aeroporto de Santiago de Compostela e é o Alcalde de A Coruña do Partido Popular o que lle da ás compañías aéreas en A Coruña axudas por valor de catro millóns de euros; pero como pode vostede asumir tanta desvergoña Sr. Figueroa, e perdoe que utilice esta palabra, pero a verdade que é para estar indignado, eu teño a mesma indignación que teñen os cidadáns/as de Vigo porque esta cidade necesita que o Aeroporto de Vigo, sexa un aeroporto competitivo. Se vostede é capaz de dicirme aquí agora mesmo, que a Xunta de Galicia non vai dar un duro máis a Santiago de Compostela e capaz vostede de dicirme que o Alcalde de A Coruña non vai a dar un duro máis para o Aeroporto de A Coruña, agora mesmo lle digo que este grupo, o Socialista, o goberno municipal aplaude que iso sexa así, pero é mentira, non é certo a Xunta de Galicia vai seguir dándolle cartos a Santiago de Compostela e o Concello de A Coruña vai seguir dándolle cartos A Coruña, e Vigo non recibe nin un euro, vostede ten que reflexionar, vostede foi elixido polos cidadáns de Vigo e os está traizoando. Sr. Figueroa, sabe o que pasa? Que Roma non paga traidores, fin da cita.

A PRESIDENCIA: Entendo que acepta a emenda de engádeda do Bloque Nacionalista Galego [substitución]. Queda aceptada esa emenda.

Cumpre en primeiro lugar votar a inclusión do punto na orde do día, despois votaremos a emenda e logo a resolución definitiva.

VOTACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DIA: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase a inclusión da proposición na orde do día.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase aprobar dita emenda.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposición do Alcalde referente ó Aeroporto de Vigo co texto resultante da emenda presentada polo grupo político municipal do BNG transcrito nos antecedentes deste acordo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de

silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(135).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA MELLORAS NAS INSTALACIÓNS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE VIGO. EXPTE. 698/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo, número 698/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro da cadea de valor do transporte de viaxeiros por estrada, as estacións de autobuses desempeñan un papel relevante como eslavón necesario para a adecuada prestación do servizo de transporte público. Non debemos esquecer a importancia que o sistema de estación de autobuses ten para a actividade económica e a cohesión territorial, xa que permite garantir a mobilidade dos cidadáns dentro dun territorio e cara o exterior.

No Concello de Vigo, se reciben varias queixas e suxestións en relación co funcionamento e a calidade dos servizos prestados na Estación de Autobuses de Vigo, sita na Avenida de Madrid. Esta estación se xestiona de forma indirecta, a través dunha concesión administrativa. Sen embargo, esta circunstancia non pode facer esquecer a súa titularidade pública e a súa afección a un servizo público. Polo tanto, a responsabilidade última das condicións das súas instalacións e da calidade dos servizos prestados corresponde a Administración Pública titular - neste caso, a Xunta de Galicia-.

Se denuncian aspectos en relación cos sistemas de información aos usuarios (como a inexistencia dunha megafonía de calidade para as persoas con perda de audición que anuncien tanto as saídas como as chegadas, paneis informativos en zonas clave como na sala de espera a través dos cales se proporcione a información relevante), coas condicións de salubridade e hixiene (como a falta de realización de servizos de limpeza con asiduidade, a falta de papeleiras no entorno das paradas de taxis), coa falta de seguridade e vixilancia, co acceso aos usuarios (como a falta de indicacións e carteis, o estado da escaleira mecánica) ou co nivel dos servizos conexos ou complementarios (cafeterías, por exemplo).

É necesario realizar melloras nas instalacións da estación de autobuses que garantan que as prestacións e servizos ofrecidos nas mesmas sexan

satisfactorios para os viaxeiros que as utilizan e fomentar así a utilización do transporte público, menos contaminante e mais eficiente.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a que realice melloras nas instalacións da Estación de Autobuses de Vigo, situada na Avenida de Madrid, para garantir unha prestación eficaz e de calidade aos usuarios.

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A Estación de Autobuses de Vigo está sempre en boga, e non é polo seu bo funcionamento.

Ao Concello de Vigo chegan numerosas queixas dos nosos veciños/as describindo a súa mala situación e o estado de abandono, traemos ao Pleno dous exemplos de dous veciños: Eduardo, queixa presentada o 22 de xuño do ano 2013, “estou na Estación de Autobuses de Vigo, hoxe son as sete da mañá, a cafetería non abre os sábados, isto é ridículo debe traballar sete días á semana, non hai papeleiras non entorno das paradas de taxis, os asentos son fríos e de aceiro, ningún asento ten repousacabezas onde poder durmir un pouco, chegan os autobuses e nada se di pola autoportante”.

Tamén outra queixa de Juan Bautista deste mesmo ano que di o seguinte, “o cidadán protesta do mal funcionamento da Estación de Autobuses, o mantemento das escaleiras mecánicas é nulo dende hai xa anos, as instalacións non funcionan, son máis que deficientes e ninguén fai nada, para remedialo pedímoslle ao Concello que medie ante as administracións competentes”.

Tamén os medios de comunicación fanse eco desta mala situación xa dende o ano 2011 sen que a autoridade competente, a Xunta de Galicia do Partido Popular, faga nada para remedialo.

Víamos que en maio do 2011 a prensa local titulaba “os viaxeiros e as empresas denuncian o lamentable estado da Estación de autobuses, as escaleiras

mecánicas están paradas dende hai máis dun mes”, isto o dicían en maio de 2011, hoxe pola mañá esas escaleiras seguían paradas. Un elevador de reducidas dimensións que na maioría dos usuarios non sabe se existe ou non existe, un dos maiores problemas desta estación é a sucidade, as baldosas dos servizos están esbarranchadas con pintadas, os papeis e outros desfeitos desbordan dunhas papeleiras de plástico rotas e as cristaleiras da fachada están tatuadas con marcas de po no alto. As portas automáticas de acceso, ademais de sucias, levan avariadas bastante tempo, polo que o modelo de sensor non está neste mercado. Reformas urxentes, os viaxeiros esperan que chegue un autobús na sala de espera sen saber cando chega xa que non teñen nin pantallas que os avisen nin megafonía que o avisen.

Pero en xullo do ano 2012 a Xunta de Galicia facía unha auditoría e detectaba novas anomalías graves, si digo ben, en xullo do ano 2011 a Xunta de Galicia detectaba nove anomalías graves na Estación de Autobuses de Vigo, consideraba necesario a posta en funcionamento das escaleiras mecánicas de acceso á dársena, e un dos ascensores que tamén se atopaba inoperativo, obrigando aos pasaxeiros a cargar coa súa equipaxe para desprazarse entre o recibidor e as plataformas. O documento tamén fai referencia a escasa iluminación, e tamén fai referencia ao cheiro desagradable que hai nesta estación de autobuses. Ademais reflicte que os espazos reservados para o estacionamento carecen de tacos de freado, tanto na dársena como no recibidor, e igual que fixeron tanto usuarios neste Concello, os comerciantes tamén se suman a esta crítica e solicitude de que se mellore esta estación de autobuses.

En xulño do ano 2012 seguían as queixas e a estación de autobuses seguía igual ou peor, así o reflectía a prensa local, os asentos de espera estaban rotos, con queimaduras e pintadas, nalgúns puntos incluso foron arrancados de raíz, o panorama era naqueles momentos moito peor, e nestes momentos segue sen solucionarse moitas das deficiencias. As cadeiras de banco perderon as prazas e as poucas que se conservan locen unha extensa colección de borróns e de manchas.

Críamos que ano 2012 ía ser o punto final pero non, neste mesmo ano víamos que a Xunta de Galicia, máis de dous anos despois de facer un estudo, aínda

estuda se axeita a estación de autobuses despois de esixilo por escrito nun informe. En xullo deste ano alertou a existencia de nove deficiencias graves, sen embargo ningún deses anuncios, nin en máis de dous anos de larga espera, a Xunta actuou na Estación de autobuses de Vigo. Estamos completamente sorprendidos desta situación, xa que dentro da cadea de valor do transporte de viaxeiros por estrada, as estacións de autobuses desempeñan un papel relevante, como eslabón necesario para a educación da prestación dun servizo de transporte público adecuado. Non debemos esquecer a importancia do sistema da Estación de Autobuses que ten para a actividade económica e a cohesión.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente nós coincidimos coa situación de abandono que sofre a Estación de Autobuses da nosa cidade porque é evidente, calquera que pase por alí ve cal é a situación da estación de autobuses que dende logo non se corresponde coa estación de autobuses coa que ten que contar unha cidade como a nosa, como Vigo.

Nós estamos de acordo coa necesidade de instar a Xunta de Galicia que realice melloras nas instalacións da Estación de Autobuses de Vigo, para garantir unha prestación eficaz e da calidade aos usuarios, porque hai cuestións básicas como é poder utilizar os baños, como poder contar con unha cafetería, cuns asentos nos que poder estar etc. Pero ademais si que é certo que necesita unha reactivación e un mellor funcionamento non só en canto a infraestrutura e a cuestións materias, senón tamén polo propio funcionamento da Estación de Autobuses, é dicir, que conte cos servizos que ten que ter unha estación de autobuses, que sirva para transportarse comodamente, iso parece que é básico, exactamente igual que uns baños ou que uns asentos.

Por iso nós tamén propoñemos engadir, aproveitar esta moción e engadir dous acordos máis un, instar ao Goberno Local a impulsar o transporte metropolitano que garanta un servizo máis eficiente para a poboación de Vigo e a súa área de influencia, esta é unha demanda ademais que se leva facendo moitos ano en Vigo porque é evidentemente que un transporte metropolitano podería ofrecer un servizo de transporte público moi máis eficiente para toda a cidadanía, que isto por suposto ten que contar ademais co apoio e co impulso da Xunta de Galicia.

Ademais, instar ao Goberno Local a establecer liñas de transporte urbanas que comuniquen a Estación de Autobuses coa estación de Adif e co Aeroporto de Peinador. Non ten ningún sentido que sexa tan difícil realmente chegar a través do transporte público á Estación de Autobuses, que non haxa posibilidade, unha posibilidade cómoda, práctica de ir en transporte público dende a estación do ferrocarril, de Adif, ou dende o Aeroporto de Peinador á Estación de Autobuses, que unha persoa que veña de Nigrán non teña un autobús directo dende a Estación Autobuses ao Aeroporto de Peinador, por exemplo, para coller un voo dende o Aeroporto de Peinador ou que unha persoa que veña de Redondela e chegue en tren, non teña un autobús que lle permita ir a estación de autobuses e ten que desprazarse a calquera outro lugar, e que teña que coller un autobús que saia de alí.

Realmente hai serias dificultades para utilizar a Estación de Autobuses, iso fai que sexa unha infraestrutura que estea mal rendibilizada, mal utilizada e que ademais presente realmente esa situación de case abandono porque dende logo, que para unha cidade como a nosa, unha estación así da unha sensación de ser unha estación practicamente abandonada porque non se está utilizando para o servizo de transporte como debería utilizarse e porque non se está mantendo a propia infraestrutura para prestar os servizos necesarios para os usuarios/as da estación.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Concelleiro, señores do Goberno Municipal, señores Socialistas, está claro que o Sr. Regades vive nunha nube, esta moción que vostedes rexistran o día 17 do mes xullo chega tarde ao seu debate en sesión plenaria, eu cría que hoxe a ía a retirar.

En tempos pasados, e vostede recordou moita historia, todos compartimos o deterioro da instalación da Estación de Autobuses, é certo que o abandono das instalacións perpetuouse durante anos, pero tamén non é menos certo que nas últimas semanas se emendaron as deficiencias denunciadas polos usuarios. Deficiencias que vostede reiterou, que a Concelleira Sra. Veloso reiterou e que dan mostras de que vostedes non pisan a estación de Autobuses.

Tanto o meu compañeiro Sr. Araújo responsable de mobilidade no noso grupo

como eu mesmo, visitamos todas e cada unha das instalacións da Estación de Autobuses hai uns días, e comprobamos que non existe en absoluto a descrición que vostede acaba de facer dunhas instalacións que non se corresponden cun servizo que a día de hoxe se presta aos cidadáns de Vigo e aos cidadáns que acoden tamén doutros lugares.

As deficiencias que se denuncian na súa moción emendáronse, comprobando que alí acometéronse traballos como a instalación de oito portas de cristal nos dous accesos da Estación tanto pola rúa Doblada como pola Avenida de Madrid, instaláronse papeleiras tanto no interior como no exterior, reparáronse e revisado os dous ascensores alí existentes, se repintou e reforzada a sinalización das prazas para discapacitados, renovouse todo o directorio interior tanto na zona de vestíbulo como nas dársenas, mellorouse a iluminación exterior e interior das dársenas, reparáronse tódolos danos en portas e instalacións en xeral, pavimentouse as zonas deterioradas das dársenas, o falso teito reparouse, as escaleiras mecánicas funcionan perfectamente e a megafonía tamén, así como a limpeza en xeral das instalacións.

Dito isto e ante a situación descrita que reflicte un escenario ben distinto ao que se denuncia, cabería preguntarnos si para unha infraestrutura como esta, que xa acumula máis de dúas décadas de vida, vinte e dous anos en concreto, debemos esixir unha forte inversión para adecuala e modernizala ou polo contrario apostar polo seu traslado a estación intermodal de Thom Mayne. Mentres se debate e estuda esta segunda alternativa, que parecería a máis lóxica, nosa esixencia e reclamación debe dirixirse evidentemente á Xunta de Galicia para que a súa vez traslade e esixa á empresa concesionaria da Estación, o cumprimento do prego de condicións polo cal se adjudicou a prestación de servizo para que a empresa que a xestione manteña en perfecto estado de calidade o servizo aos usuarios da mesma.

Compartimos que Vigo non poida atender unha demanda tan importante como a que presta a Estación de Autobuses, receptora permanente de usuarios habituais e persoas que por primeira vez utilizan o transporte público por estrada para desprazarse a ou dende a nosa cidade e a outros puntos da xeografía en condicións deficitarias.

Con estes argumentos presentamos a este Pleno unha emenda á moción para súa aprobación no sentido de que unha vez reparadas e emendadas as deficiencias, como así comprobamos, trasládeselle á Xunta de Galicia o noso acordo para que esixa a súa vez á concesionaria o mantemento da Estación en perfecto estado, tal e como deben cumprir e denuncian os usuarios do servizo. Eu voulle facer chegar, e pídolle por favor a este compañeiro do Concello, unhas fotografías feitas o pasado venres tanto á portavoz do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Veloso Ríos, e as máis grandes para o Sr. Regades para que aprecie que non ten nada que ver o estado actual da Estación de Autobuses de Vigo con o que vostedes acaba de describir falseando a realidade. Nada máis.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Podíamos ler este ano, non o século pasado, na prensa local un periodista que dicía “ a muller atravesa o hall cargada cunhas avultadas bolsas da compra, acada as escaleiras mecánicas que baixan ás dársenas, pousa o paquete no chan e o asombro que debuxa o seu rostro é que a cinta mecánica permanece inmóbil”, isto pasaba a principios de este ano nun xornal local e isto pasaba esta mañá porque a escaleira mecánica segue sen funcionar, Sr. Bernárdez. Como eu xa sabía que despois de presentar esta moción vostedes ían mandar limpar a Estación, estas fotos foron realizadas esta mañá, veciños/as de Vigo, Vigo non se merece esta Estación de Autobuses, veciños/as, membros da Corporación non nos merecemos esta estación de autobuses, eu non quero, o Goberno desta cidade non quere, o Bloque Nacionalista Galego non quere como anunciou neste Pleno, que está sexa a entrada para os turistas e para os veciños, queremos que dignifique a Estación de Autobuses.

Si é verdade que se cambiaron unhas portas, pero unhas portas non son todas as deficiencias desta Estación de Autobuses, segue sen funcionar esas escaleiras mecánicas, segue habendo pintadas nese entorno, segue non sendo digna para a primeira cidade de Galicia. Pero eu pensaba que o Partido Popular íase sumar a pedirlle ao Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular que arranxaran a Estación de Autobuses, é cal a miña sorpresa? Que non, novamente póñense de xeonllos ante a dirección do Partido Popular e non se poñen a colaborar e a traballar para os veciños/as de Vigo, que foron quen os puxeron nesa bancada,

elección tras elección ides minorando os resultados e seguredes minorando os resultados.

A evidencia está aí, e hoxe pola mañá antes de virme ao Pleno quixen ir á Estación de Autobuses de Vigo, quitar esta fotos e ver esta situación, quen estará nunha nube? Ao mellor non é que os señores do Partido Popular estean nunha nube, ao mellor é que non están nesta cidade, ese é problema que teñen.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, por suposto que as dúas propostas que vostedes non fan as aceptaríamos sen ningún problema, só fariamos unha engádeda, cando din “instar ao Goberno Local a impulsalo transporte metropolitano” as competencias deste transporte metropolitano son da Xunta de Galicia, nós aceptaríamos esta moción si puxese “que non tería custe ningún para os vigueses/as, para o Concello de Vigo o traslado dos viaxeiros doutras localidades, que sería a Xunta de Galicia quen sufragara este gasto”.

Sorpréndeme moito que esta moción señores do Partido Popular e cando se fala de transporte metropolitano, porque concellos gobernados polo Partido Popular estanse dirixindo de forma constante ao Concello de Vigo para que o transporte de Vigo chegue a esas áreas, xa que a Xunta de Galicia abandona día tras día o transporte metropolitano, ou teñan uns accesos decentes co Concello de Nigrán, de Mos...

SRA. VELOSO RÍOS: En referencia ás emendas que presentamos a esta moción non teríamos problema en engadir neste punto, tal e como nos solicita o Sr. Regades, que as competencias pertencen á Xunta de Galicia pero ademais despois de ver as fotos, que amablemente nos facilitou o Sr. Bernández, a nós gustaríanos se é posible engadir unha emenda “in voce” ás emendas que presentamos a esta moción do Partido Socialista instando á Xunta de Galicia a que rotulación da Estación de Autobuses sexa en galego, cumprindo coa Lei de Normalización Lingüística en Vigor.

A PRESIDENCIA: Non se acepta a emenda de substitución do Grupo Popular e polo tanto procedemos a votar as emendas do Bloque Nacionalista Galego coas matizacións que fixo o Sr. Regades, incluída esta emenda “in voce” sobre a lingua

da rotulación.

No transcurso do debate, a voceira do grupo político municipal do BNG, Sra. Veloso Rios presenta a seguinte emenda de engádeda:

- Instar ao goberno local a impulsar o transporte metropolitano que garanta un servizo máis eficiente para a poboación de Vigo e a súa área de influencia.
- Instar ao goberno local a establecer liñas de transporte urbanas que comuniquen a estación de autobuses coa estación de Adif e co Aeroporto de Peinador.

Así mesmo, a mesma concelleira presenta outra emenda “in voce” de engádeda:
“Que a rotulación dos paneis informativos das liñas se realicen en Galego”

Ao seren aceptadas as anteriores emendas de engádeda polo relator da moción, Sr. Regades Fernández, a Presidencia somete a votación as anteriores emendas.

VOTACIÓN DA EMENDAS: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aceptar as emendas de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández

Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Partido Socialista, Sr. Regades Fernández, coas emendas de engádeda formuladas pola concelleira do BNG, Sra. Veloso ríos, co texto dispositivo que se transcribe a continuación:

-Instar a Xunta de Galicia a que realice melloras nas instalacións da Estación de Autobuses de Vigo, situada na Avenida de Madrid, para garantir unha prestación eficaz e de calidade aos usuarios.

-Instar ao goberno local a impulsar o transporte metropolitano que garanta un servizo máis eficiente para a poboación de Vigo e a súa área de influencia.

-Instar ao goberno local a establecer liñas de transporte urbanas que comuniquen a estación de autobuses coa estación de Adif e co Aeroporto de Peinador.

-Que a rotulación dos paneis informativos das liñas se realicen en Galego.

5.2(136).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Á DEPUTACIÓN A CUMPRIR O PROMETIDO COA INSTITUCIÓN CULTURAL “ASOCIACIÓN AMIGOS DA OPERA” . EXPTE. 700/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo, número 700/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Socialista, Sr.

López Font, formula a seguinte moción:

"A crise, tódalas crises, son a escusa perfecta nas políticas neoliberais para recortar dereitos e liberdades. E esta vez a situación non é diferente. O PP está aproveitando os recortes e a austeridade para atacar por tres frentes diferentes: a educación, a sanidade e a cultura.

Desde o Grupo Municipal Socialista/Goberno Local repudiamos o comportamento da Deputación que segue abandonando a cidade de Vigo e agora tamén deixa de lado ata a institucións particulares, non abonando neste caso, á Asociación Amigos da Ópera os 15.000 euros aos que se comprometeu para apoiar a súa programación en 2012 e que supoñen máis do 40% do orzamento co que contaba este colectivo.

Este incumprimento certifica unha vez máis o desatino no enfoque do modelo cultural que quere o Partido Popular para Vigo, ignorando o papel que cumpre a cultura na transformación da cidade e tamén como medio de xeración de emprego.

Desde o Concello de Vigo ofrecemos o apoio a Amigos da Ópera "para que sigan facendo o seu traballo tan ben e con tanta calidade como ata agora" ante o impago e incumprimento da Deputación de Pontevedra.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación ou seguinte ACORDO:

- Instar á Deputación de Pontevedra a cumprir o prometido con esta institución cultural, a que poñen en risco a súa continuidade e ós seus 55 anos de historia porque "os convenios fanse para ser pagos".

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: En multitude de ocasións reiteramos neste Pleno o abandono ao que somete a Deputación provincial de Pontevedra á cidade de Vigo, que digo abandono máis ben desprezo e o maior sectarismo que se pode aplicar en política. Hoxe, tódolos vigueses saben desta marxinación á que nos somete a Deputación, todo isto está agravado por ser Vicepresidente da Deputación un concelleiro deste Concello, un concelleiro que só ten os votos da cidade de Vigo, votos que pola actuación da Deputación Provincial de Pontevedra convértense en

contra desta cidade. Non imos cansarnos de denunciar esta situación, porque vostede Sr. Figueroa é Vicepresidente da Deputación por Vigo, non o é nin por designación real, nin por gracia divina e é moi triste que vostede sexa o artífice do roubo ao que se somete a esta cidade.

O dúo agresor a Vigo, é dicir, o Sr. Louzán e Sr. Figueroa, executan este sectarismo dende a Deputación, un terzo do Orzamento da Deputación, é dicir, cincuenta millóns corresponde ao esforzo dos vigueses, en canto se resarcen aos vigueses? En cero, non imos parar de denunciálo, imos esixir estritamente o que corresponde a esta cidade, porque esixir o que corresponde a esta cidade non é localismo como vostedes din. O outro día no Pleno de Zona Franca o Sr. Louzán, cando o Alcalde pediu que as inversións de Zona Franca se executasen nesta cidade, tachou esa postura de localismo, o meu maior recoñecemento para o Alcalde pola defensa que fixo da cidade de Vigo, ogallá o houbera escoitado tódolos vigueses e ogallá tamén houberan escoitado tódolos vigueses ao Sr. Louzán.

O abandono da Deputación de Museos, decatámonos recentemente que con motivo da volta ciclista a España vanse facer cinco concertos pagados pola Deputación de Pontevedra e aquí absolutamente cero. Nós esiximos da Deputación algo moi sinxelo, cando se senten a planificar que pensen que un terzo ten que recaer sobre a nosa cidade, porque cumprindo iso teríamos mellores infraestruturas, exemplo Carretera Provincial, cumprindo iso teríamos máis plans de emprego e polo tanto menos vigueses estarían no desemprego, e cumprindo esa premisa a Teleasistencia pagaríaa a Deputación e non a teríamos que pagar os vigueses.

Todo isto é a obra do Vicepresidente da Deputación, concelleiro deste Concello, como imaxino que se poñen nerviosos sobre porque non falo da moción si vou falar da moción, a moción a presentamos pero ten o seu fundamento en todo o que dixen anteriormente. Si, á Asociación de Amigos da Opera de Vigo a Deputación a marxina por ser de Vigo, estou seguro que se esa asociación de Amigos da Opera fose de Pontevedra, de Mos ou de Porriño eses problemas administrativos, ridículos que di o Vicepresidente da Deputación, estarían resoltos, non digo xa se a Asociación de Amigos da Opera fose de Ribadumia

seguro que estaría inclusive moito máis primada, non habería problemas administrativos, non se levaría un ano de atraso e non se porían en perigo cincuenta e cinco anos de historia, de aportar á cultura desta cidade por parte desta asociación.

Descoñezo que pecado cometeu esta asociación coa Deputación, pode ser o que teñan boa relación institucional co Alcalde de Vigo, non o sei pero estou seguro de que se cometeron algún pecado deste tipo aplícanlles o manual, o talón que se entrega para a foto atrásase e perderse a subvención. Todo isto ten explicación no que dicía ao principio, no sentido de que ese dúo agresor á cidade, Sr. Louzán- Sr. Figueroa, aplica esa política sectaria. Nós defendemos unha institución de Vigo, sen preguntar quen a preside nin quen forma parte, porque evidentemente coa actuación da Deputación sabemos que son unhas máis das vítimas políticas de sectarismo da Deputación de Pontevedra.

SR. ALONSO PÉREZ: Neste Pleno nós de maneira reiterada non nos cansaremos de facelo porque nós parece que aí está o problema, pedimos a supresión das Deputacións, as Deputacións son institucións que naceron no século XIX nun estado centralizado, hoxe coa situación dun estado descentralizado onde existen comunidades autónomas e nacionalidades, as Deputacións o único que fan é solapar o traballo dos concellos e da Xunta de Galicia.

Polo tanto, de aí nace o problema, nace que hai unha institución que o que fai é entre os concellos e a Xunta de Galicia estar tratando de influír naqueles cartos que teñen para subvencionar sen ningún criterio obxectivo.

O problema está na propia institución, o Partido Popular que fala tanto de aforro, que fala tanto de que hai que aforrar nas administracións e poñer teito de gasto, resulta que na nova Lei de Administración Local, non só non elimina as Deputacións senón que as reforza, ese é o gran problema político que as Deputacións segan existindo cando non cumpren ningunha función.

Logo efectivamente, unha vez que teñen que dar subvencións, que teñen que facer un traballo fano en función de clientelismo político e vézolo continuamente, porque non é só os exemplos que acaba de poñer o compañeiro do PSOE e que hai máis e máis graves. Unha situación como a de desemprego o

que son os bolseiros da Deputación, ningún ten beca en Vigo. Eu creo que ademais o problema que hoxe padece o compañeiro da Corporación o Sr. Relova, non é un problema persoal con eles é un problema de toma de decisión continua da Deputación. O Sr. Relova e membro vocal do Marco como son eu, e vimos como o Sr. Figueroa, Presidente da Deputación, marcha do Marco e deixa ao Marco sen ser membro do padroado á Deputación, faino con educación, non deu ningún portazo, pero marchouse e deixou a unha institución cultural como é o Marco sen os cartos que necesitaba para subsistir e o mesmo o fai coa Asociación de Amigos da Opera. Sr. Relova e todos aqueles que presidiron ou que presiden entidades culturais, sociais, deportivas, sabemos que viven gracias a que hai xente que lle gusta o deporte, a cultura e gracias ao sacrificio dos socios destas entidades, gracias a iso é do que viven e do que perviven.

A propia Asociación Amigos da Opera, na asemblea do 2012, tiña unhas contas saneadas e tiña máis de cinco mil euros de remanentes nun banco, de acordo coa asemblea da propia asociación, e incluso había socias que solicitaban na asemblea duplicar a cota de socia para manter a asociación. Efectivamente o esforzo dos asociados sempre é porque queren realmente que sobrevivan porque lles gusta ese aspecto da cultura. Pero, a Deputación de Pontevedra non ten eses baremos, non traballa por iso, por iso están preocupados cando exista a programación lírica do ano 2012, efectivamente hai un compromiso de achega de 15.000 euros e logo non se fai, pero o que si fai porque iso si que lle preocupa a Deputación, é que os folletos e vallas publicitarias leven o nome da Deputación, diso non se esquece a Deputación, despois todo son problemas.

Eu supoño que a estas alturas do Pleno este tema estará resolto, non? Como o tema da Estación de Autobuses, senón sería grave, eu espero que agora aquí nos sorprenda o Sr. Figueroa e o Sr. Relova, compañeiros do partido, e por 15.000 euros non está infundindo unha institución que leva cincuenta e cinco anos na cidade. Supoño que agora que estou falando, e comentábamos a compañeira Sra. Veloso e eu, vannos a sorprender e dicir que está solucionado porque senón non tería sentido por 15.000 euros, porque sería grave que unha vez máis prevaleza o criterio de castigo a cidade de Vigo a resolver un problema de fácil solución.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Antes de subir o pano quero tamén sumarme, igual que fixo a Sra. Cendón, os nosos desexos do grupo municipal do Partido Popular a que don Cayetano Rodríguez Escudero se poña e mellor posible e veña pronto para os Plenos, polo menos o que eu voto de menos e que non grita tanto, ten un punto de voz moi suave, educado e iso si que se votará de menos. Pedíralle que lle transmitise os nosos mellores desexos.

Eu non acabo de entender, creo que hai unha mala información, a Deputación xa clarexou que hai un problema burocrático como poder haber no Concello de Vigo cos cheques sociais, con asociacións que non cobraron aínda do Plan de Emprego etc., eu non vexo ningún tipo de drama en todo isto, sinceramente.

Voulle contar a historia rápida, Sr. Font, de Amigos da Opera porque no ano 2005 a antiga xunta directiva decide disolver a asociación porque non atopaban apoios por ningún lado, o antigo presidente decidiu disolver esta asociación, e algún membro da asemblea decidiu buscarse a vida, loitar, porque esta é unha cidade de loitadores, de emprendedores, e entón buscaron solucións. Entre as solucións, perdóenme este acto pero dígoo humildemente, chamáronme a min para que lles votase un clave e aceptei ese clave e tiven que aceptar ser o Presidente desta asociación, pero é curioso o primeiro clave que realmente nos votou dende o ano 2005 ata o ano 2012-2013 foi a Deputación, foi a única que se acordou de nós durante todo este período de tempo dende o 2005-2006 ata o 2013, foi a Deputación, a única patrocinadora que durante todos estes anos nunca nos fallou, é máis, voulle dicir a cifra que alcanzou tódalas axudas de todos estes anos, 162.000 euros.

Non creo que veña a conto meterse co Sr. Figueroa, non o vou permitir porque é o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, é unha persoa a que aprecio moito e a axuda persoal, o ánimo persoal que deu a esta asociación e a moitas outras cuestións culturais dentro desta cidade dóeme e saio en defensa del como compañeiro de Grupo de Partido Popular, desta persoa do Sr. Figueroa, que xa está ben de ver fantasmas onde non os hai, a min iso me doe francamente.

Pero dóeme máis, Sr. Font, vostede non está ao tanto de algo que lle quero contar, no 2010, pódeo comprobar, o Alcalde recibíunos a Amigos da Opera de

Vigo a toda a xunta directiva, a unha ampla xunta directiva, prometeunos o ouro e o mouro, todo boas palabras e ata saín encantado do Sr. Alcalde, eu non tiña ningún tipo actividade política nese momento, saín encantado do trato que nos deu, pero nunca máis se soubo.

No Nadal de 2011, volveunos a recibir pero non puido, entón o Sr. Rodríguez Díaz e un membro do seu gabinete, tamén os dous moi atentos, dixéronnos moi boas palabras, que xa nos chamarían nese Nadal para falar do proxecto do futuro da Opera en Vigo, nunca máis se soubo.

E o terceiro capítulo xa foi que nos invitaron a facer unha visita guiada que gran honor, o guiador era nada máis e nada menos que, no Auditorio Mar de Vigo, o Alcalde guiounos e lembro preguntas como a dunha señora allea a Amigos da Opera, porque eran varios grupos culturais da cidade na visita, como “Sr. Alcalde hai un piano de cola previsto?” “Si esta de camiño” “e a concha acústica tamén?”, “si está de camiño”, miña nai que dea o nome rapidamente da axencia de transportes para nunca chamala para nada, porque levan tres anos sen vir, deveu de perderse.

Somos vigueses distinguidos, levamos máis de cincuenta e cinco, xa son case cincuenta e nove anos de historia, pero hai unhas sorpresas tamén que lle quería apuntar e eu agradézolle, primeiro, as gracias que o Concello haxa decido apoiar a Amigos da Opera, por suposto que si, pero non había necesidade de vir a enfrontarnos ao Sr. Figueroa e a min, e a Amigos da Opera e ao meu grupo, non había ningunha razón para vir buscar ningún tipo de confrontación política e de amizade persoal entre estas dúas persoas o Sr. Figueroa e eu. Amigos da Opera son persoas que levan loitando, non cincuenta e oito senón case un século entre unhas cousas e outras. Vostedes chámanlle, na exposición de motivos, a “Amigos da Opera unha institución particular”, non somos nin institución nin particular, somos unha asociación sen ánimo de lucro. Segundo, cópianme das miñas mocións unha frase de corta e pega, “cultura na transformación da cidade tamén como medio de xeración de emprego” esa frase é miña, agradézolle moito. Tamén ao final din “instar á Deputación de Pontevedra a cumprir en risco os seus cincuenta e cinco anos de historia”, voulle a dicir que a historia comeza no porto do mar de Vigo, cando a principio do século XX as grandes compañías de opera

viñan a Vigo a coller os barcos para irse a La Habana, Miami, New York e quedaban aquí uns días, entón aí é cando empeza o amor, o público, etc. Tamén lembrarlle que non se pode utilizar a Cultura como un instrumento político e como un instrumento persoal.

A PRESIDENCIA: Quero agradecerlle a súa mostra de solidariedade co noso concelleiro, co Sr. Rodríguez Escudero que certamente é un gran concelleiro, un gran profesional e sobre todo unha gran persoa. Eu creo que debería aplicarse o modo de intervención do Sr. Rodríguez Escudero.

SR. LÓPEZ FONT: Dixen textualmente que defendemos a esta Asociación sen preguntar quen a preside, nin quen forma parte da mesma.

Sr. Relova, eu non enfronto a ninguén, absolutamente a ninguén, non o mencionei nin a vostede nin ao Sr. Figueroa na relación que manteñen como grupo político sobre este tema.

Eu vin aquí a defender a unha Asociación que non o dixen eu Sr. Relova, o dixeron vostedes, están ao borde da desaparición. O que eu me pregunto é cando saiban os asociados, Amigos da Opera, o que dixo vostedes a ver que opinión merece, porque vostedes estaban ao borde da desaparición, esta é a realidade, eu non enfronto a ninguén. Vostede está utilizando politicamente a súa condición de Concelleiro non para defender á Asociación de Amigos da Opera, senón para defender a posición política do Sr. Figueroa. Iso é o que está facendo vostede, non me veña con historias de cando se constituíu a asociación, non me veña con historias do Auditorio. O que si é real é que aquí hai unha foto na que están vostedes dous e eu non fixen ningunha mención, aquí é o exemplo, como tantos outros, de que no ano 2012 díciase que se ía dar unha subvención e unha axuda e non se deu, e ten que ser verdade cando o Sr. Figueroa tivo que dicir que isto é unha cuestión de problemas burocráticos e administrativos.

Polo tanto, nós defendemos a tódalas institucións, as que vostede presida e as que non, o que si é certo é que aquí a política que está aplicando o que senta a súa dereita é de marxinação e sectarismo a Vigo, esta é a realidade.

A realidade é que vostedes fóronse do Marco, a Deputación de Pontevedra, e a

realidade é que os que utilizan a cultura e todo o que representan a cultura son vostedes aquí, porque se houbera que facer o sétimo ou oitavo edificio do Museo de Pontevedra, en Pontevedra, seguro que o Sr. Louzán e o Sr. Figueroa corrían para atopar as subvencións e o propoñían e o facían. Esta é realidade, e polo tanto non me desdigo da nada do que dixen, non tiven ningunha referencia a que vostede fora o presidente, nin vin a enfrontar. O problema é que como vostede non tiña argumentos e se senta simplemente aí para defender ao Sr. Figueroa e ao Partido Popular, tivo que facer unha defensa de algo que é inasumible, e é que hai que cumprir cos convenios que se firman. Coa asociación que vostede preside tampouco a Deputación Provincial de Pontevedra cumpriu, de desaparición faláronvos vostedes.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Partido Socialista, Sr. López Font, referente ó cumprimento do acordado coa Institución Amigos da Opera, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3(137).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Ó SERGAS A INCREMENTAR O PERSOAL SEGUNDO AS NECESIDADES, QUE GARANTA OS TEMPOS MÁXIMOS DE ESPERA E INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A RECUPERAR A CONCESIÓN DO NOVO

HOSPITAL. EXPTE. 707/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xullo, número 707/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A saúde en España é hoxe un drama. Os plans de privatización fomentan a exclusión sanitaria dos máis desfavorecidos e no único que é eficiente é en trasladar o diñeiro do peto dos cidadáns ás empresas que xestionarán os centros, proba diso témolo en Madrid e Valencia, buques insignia deste plan.

Galicia non se queda atrás. A demora media para operarse nun hospital da rede do Sergas aumentou en 9 dos 14 centros hospitalarios ó peche do primeiro semestre do ano con respecto ao mesmo período de 2012 e a espera media global ascendeu en nove días, de 59,5 a 68,5, segundo os datos a 30 de xuño de 2013 publicados recentemente.

Deste xeito, a maior subida en demora media correspondeu ao Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (Chuvi), que pasou de 75,6 a 30 de xuño de 2012 a 105,8 ó peche do primeiro semestre de 2013, o que supón 30 días máis.

Tamén subiu a espera media noutros oito hospitais do Sergas.

Ó peche de xuño había 37.679 persoas esperando por unha operación cirúrxica en Galicia --delas 4.959 en Povisa--, segundo os datos do Sergas, das cales 700 agardaban máis dun ano; 26.083, menos de tres meses; 8.337 entre tres e seis meses e 2.559 entre medio e un ano

En xuño deste ano, uns 350 facultativos do Chuvi solicitaron un incremento dos recursos para usar as infraestruturas sanitarias mañá e tarde. Argumentan que “os axustes padécenos os usuarios e poñen en risco a saúde dos cidadáns”, polo que “non queren ser cómplices desta situación”. Así mesmo denuncian que o novo hospital de Vigo realizarase con 70.000 m2 menos, polo que non cubrirá as necesidades futuras nin os postos de traballos que se perden polas xubilacións non cubertas. O deterioro faise máis profundo coa chegada da época estival e a supresión de centos de camas, antepoñendo o suposto aforro ás necesidades da poboación.

En Vigo en xullo haberá 110 camas menos e 190 ata setembro. A plataforma “SOS Sanidade Pública” cualificou de trampa tremenda a Lei de Garantía de Prestacións Sanitarias aprobada pola Xunta porque é imposible cumprir cos prazos establecidos.

Xerará desigualdade entre as persoas con menos recursos económicos porque só

a xente dun nivel de renda máis alto poderá desprazarse a outro hospital.

Máis datos alarmantes:

- Máis de 400 próteses de cadeira e xeonllo pendentes colapsan a lista de espera
- O 99 % dos galegos con máis de medio ano de demora son de Vigo
- A espera no Chuvi nunca fora tanta. Fai un ano, eran 370, e agora 1.198, o triplo
- O número de enfermos que levan seis meses ou máis esperando a chamada para entrar en quirófano quintuplicouse, ao pasar de 120 a 635
- O 2012 rematou con 6.061 pacientes na lista de espera oficial e 69 días de demora media para cada operación. Agora son 7.863 e 105, respectivamente.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

-Instar ao SERGAS a incrementar o persoal segundo as necesidades da demanda contratando interinos e cubrir as prazas vacantes con ofertas públicas de emprego e traslados.

Así mesmo, establecer unha norma que garanta que os tempos máximos de espera (cirúrxica, diagnóstica e consultas externas) se cumpran, e demandar ao SERGAS o compromiso de incrementar o financiamento sanitario, para beneficio de todos.

-Instar á Xunta de Galicia a recuperar a concesión do novo hospital de Vigo, de tal forma que volva ser público. “

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: Como dicíamos na exposición de motivos a Sanidade en España é un drama, é un drama pola política do Partido Popular en materia dos dereitos máis básicos e sociais. Os grandes logros deste país, ós que todos contribuímos, estanos a cargar o Partido Popular, e digo todos porque evidentemente tamén os votantes e afiliados do Partido Popular contribuíron a que teñamos un sistema sanitario que vostedes queren facer desaparecer. Aos socialistas, aos traballadores non nos enganan, a crise, a austeridade, a acusación de

dilapidación é a escusa perfecta, non para recortar ou para ter peores servizos sanitarios, senón para privatizar a Sanidade porque vostedes o que queren trasladar é un dereito cidadán que ven de moitos anos ao negocio privado.

Os que temos memoria política sabemos que as privatizacións, a intención de privatizar a sanidade ven do Sr. Aznar, unha maioría simple primeira e unha maioría absoluta posterior, sentaron as bases destas privatizacións, fallou a folla de ruta e perderon as eleccións aos oito anos. Houbo que esperar, por parte do Partido Popular, a estes tempos para atopar unha boa escusa. Señores do Partido Popular en Sanidade non hai que aforrar nada, a saúde non pode estar condicionada a criterios económicos, ninguén, tampouco vostedes poden xogar con esta ruleta rusa, nin teito de gasto nin rabo de gaitas. Tódolos que se mobilizan en Madrid están equivocados? Non, é o claro exemplo dunha privatización do sistema sanitario, peor, para xestionala antigos conselleiros do goberno da Sra. Esperanza Aguirre.

Eu imaxínome que en Galicia pode pasar o mesmo, non me estrañaría que algún día viramos algúns dos dirixentes do Partido Popular ou algún cargo xestionando a privatización da Sanidade en Galicia, igual algún deses que xestionarán no futuro séntase neste Pleno.

A xestión do SERGAS é absolutamente catastrófica para toda Galicia pero especialmente para Vigo. Os datos que figuran na moción farían avergonzarse a calquera polo maltrato que significa a Vigo. O fracaso do anterior equipo directivo da área Sanitaria de Vigo foi o maior coñecido, o Sr. Feijóo tratou de que pasara sen pena e sen gloria, pero os resultados son evidentes, que a área Sanitaria de Vigo é a máis castigada, os vigueses indígnanse coas políticas da Xunta, a que creen vostedes que obedece o resultado que obteñen? Os resultados son arrepiantes, é todo unha alarma para os vigueses, a mensaxe, entre outros, parece que sería clara, non se poñan vostedes enfermos nin en xullo, nin agosto, nin setembro porque haberá centos de camas menos, pena que estean na lista de espera para operacións en Vigo porque aqueles que esperan máis de seis meses o 99% son de Vigo.

As nosas peticións son concluíntes, nin un só recorte en Sanidade, manter a estrutura para que se ofrezca o mesmo servizo sanitario en verán que en inverno,

sen escusas, porque evidentemente o único que se pretende como dicía ao principio son as privatizacións. A demora para operarse na área Sanitaria de Vigo incrementouse en nove días, a demora no CHUVI son 30 día máis con respecto ao ano anterior. Hai un dato certamente importante para aqueles que se enchen a boca aquí de falar de diálogo e é que 350 facultativos do CHUVI pediron a mellora destes ratios, pediron o cese destes recortes, recoméndolle aos que aquí veñen a dicir diálogo e a pedir diálogo sobre determinados temas que o apliquen. En xullo a realidade é que houbo 110 camas menos no noso ámbito territorial e ata setembro haberá 190. Como lles dicía anteriormente, isto debería facer ruborizar, un paciente da área viguesa tarda o triplo que o resto do galegos en ser operados.

SRA. VELOSO RÍOS: Pois a situación do Sistema Sanitario Galego é realmente preocupante, e no caso da cidade de Vigo máis aínda, porque na cidade de Vigo agora mesmo temos as listas de agarda máis longas de todo o país, porque temos unha área Sanitaria que agora mesmo non está cuberta pola sanidade pública, que agora mesmo xa está cuberta, en parte, por un hospital privado e que polo tanto depende da situación dese hospital privado, dos convenios etc. para poder atender á cidadanía, por iso precisamente temos a lista de agarda máis longa de todo o país.

Fronte a isto, fronte a un hospital público saturado dende hai moito tempo, colapsado absolutamente, como recoñecía o Partido Popular cando chegou ao goberno da Xunta pero fronte ao que non fixo absolutamente nada dende que está gobernando neste país, senón máis ben todo o contrario porque atopámonos agora mesmo cun hospital que debería estar en construción e que está paralizado, porque é un hospital que se privatizou e que tense que financiar a través dos servizos de financiamento que consigan empresas privadas, e como non tiñan ese financiamento, esa obra está paralizada. Que agora teñan o financiamento e se retomen as obras do hospital, confirma o que levamos moito tempo denunciando dende o Bloque Nacionalista Galego e denunciando tamén dende a Plataforma pola defensa da Sanidade Pública de que este é un hospital privado, porque a súa construción non está dependendo dos fondos cos que

conta a Xunta de Galicia senón que dependen única e exclusivamente de que empresas privadas consigan financiamento no mercado financeiro.

Esa é a realidade, e agora mesmo temos un hospital polo tanto privado coa construción paralizada, as listas de agarda máis longas de todo o país, servizos pechados, pacientes trasladados a hospitais doutras cidades do país para ser atendidos, podemos falar da cirurxía cardíaca pero podemos falar dunha situación que se da só nesta cidade en todo o país, como que aquí non haxa un hospital infantil, en Vigo non hai un hospital infantil e non o vai haber tampouco, porque ademais neste hospital privado que se está construíndo ou que debería construírse cando se retomen as obras, tampouco está contemplado porque é un hospital que se foi reducindo de tal maneira que vai estar saturado antes de comezar a funcionar.

Esa é a realidade, a Sanidade neste país e nesta cidade será unha sanidade diferente para ricos e para pobres, dependerá a nosa saúde dos recursos económicos que teñamos, xa está pasando agora e a situación vai agravarse cada vez máis.

Por iso nós tamén apoiamos esta moción e sobre todo insistimos, seguiremos insistindo no Concello de Vigo, no Parlamento Galego e en tódalas institucións nas que esteamos presentes, na necesidade de recuperar a concesión do novo hospital de Vigo para que sexa un hospital público e que realmente garanta a igualdade de acceso a un servizo básico como é o servizo sanitario.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu non vou perder o tempo na análise dos datos que vostedes presentan porque sésgannos, os manipulan, misturan a cirurxía co ingreso, coa CMA, coas Artroplastias, ou sexa non saben os datos que presentan, entón non vou entrar niso e non o vou facer por unha razón, porque eu hoxe quero facerlle unha homenaxe aos profesionais do SERGAS e quero facerlle unha homenaxe pola impecable actuación que vimos por parte do Servizo Galego de Saúde no desastre da traxedia de Santiago de Compostela, no accidente do tren de Santiago de Compostela.

Os sanitarios dobraban quendas voluntariamente, os traumatólogos non se querían ir do hospital cando saían da quenda e permaneceron alí tres días por

propia vontade, incorporáronse os profesionais sanitarios de vacacións, os xubilados ofreceron os seus servizos e o que é máis a organización sanitaria de Galicia afinouse onde tiña que estar no CHUS para organizar dende alí a atención sanitaria e así funcionou ben. Aquela desastrosa noite gustárame saber onde estaban vostedes.

A min interésame máis entrar no tema do hospital, con respecto ao novo hospital de Vigo xa lles anuncio nós nunca imos solicitar nin o rescate nin as paralizacións, nin os atrasos que supón ese rescate, nós o único que imos pedir é axilización das obras, como sempre o fixemos e o único que lle imos solicitar á Xunta de Galicia é que se axilice o máximo posible o ritmo de obra, e por suposto co modelo de financiamento PFI porque iso xa non é discutible, pero, Sr. Font é que nin sequera o discute o Sr. Pérez Touriño que antes tanto calaba agora fala e fala de marabilla e o Sr. Pérez Touriño dixo este modelo é o que eu tiven enriba da mesa como o mellor para levar a Vigo un hospital economicamente posible, e dixo o único que me paralizou foi as consecuencias políticas, iso o dixo o Sr. Pérez Touriño.

Pero non imos falar do pasado e o que lle quero dicir é mentres vostedes non se felicitan da obtención do financiamento adicional de 250 millóns para axilizar as obras, a maioría dos cidadáns de Vigo si se felicitaron, nós por suposto felicítámonos e o diario médico máis lido por tódolos profesionais sanitarios de España tamén se felicitan estes días e ademais ten unha sección que se chama “el Termómetro” onde resaltan as actuacións máis relevantes en sanidade e as máis denostadas e curiosamente a cidade de Vigo saía neste termómetro e sabe porque saía, saía no Top negativo non polos profesionais sanitarios senón por un político o Sr. Abel Caballero e léolle o que dicía textualmente “o Alcalde de Vigo, Abel Caballero non parece valorar a importante inxección económica recibida por UTE que está construíndo o hospital da cidade galega, a vulgar polas súas declaracións está máis pendente de criticar á Xunta de Galicia e de considerar privado un hospital que dará un servizo público, é lamentable que coa dificultade que hai en España para obter crédito, tanto para as institucións e empresas como para os particulares, o Alcalde Sr. Caballero non saiba recoñecer que contar con 250 millóns para unha infraestrutura esencial no

desenvolvemento da cidade é unha bendición, e que non pode ser de ningunha das maneiras unha mala noticia". Unha vez máis Vigo é noticia polas excentricidades do Sr. Abel Caballero, o Partido Popular sempre se puxo na foto do si, e vostedes sempre na foto do non ao hospital; iso é o que vai pasar a historia señores, a nosa actitude é a que se vai lembrar.

Esta é a súa foto, detrás da pancarta na que piden a paralización do hospital esta vai ser a súa foto, a nosa vai ser esta na que pedíamos a axilización do hospital de Vigo, a única infraestrutura sanitaria que pode mellorar a situación sanitaria das esperas nesta cidade, porque o que necesitamos son camas para o ingreso, e as camas só as pode aportar este hospital. Por favor, únense a esta petición e non intenten paralizar este hospital, pidan a axilización do hospital como nós .

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Cendón voulo a dicir e xa lle anticipo que non o vou a retirar, é indigna vostede desta Corporación, sento vergoña de compartir Corporación con vostede, a utilización que acaba de facer dunha traxedia é indigna dunha persoa responsable que mañá pode ter responsabilidades de goberno, totalmente indigna esa utilización, onde estabamos? Onde tiñamos que estar, ofrecendo toda a colaboración ao Concello de Santiago de Compostela, en Policía Local, en Bombeiros e en Protección Civil, aí estábamos e vostede estaba nun concerto, Sra. Cendón, esa é a realidade, xa que me tira do xenio dígollo, aí estaba vostede. Paréceme absolutamente indigno que cando todos estamos preocupados por esa situación vostede veña a sacar partido cunhas declaracións. Non quero perder máis tempo niso, Sra. Cendón, excentricidades ningunhas, mire desa foto non só non nos avergoñamos senón que estamos orgullosos porque aí falta unha terceira foto, a foto de vostedes, do Sr. Núñez Feijóo cos poderosos economicamente asinado un hospital privado por cinco veces máis do que vale e como o tiña proxectado o Sr. Touriño. Esa é realidade, Sra. Cendón, nós non imos gabar o que vostedes conseguiran financiamento, sabe por que? Porque é a proba de algodón de que vostedes estiveron mentindo aos cidadáns de Vigo, porque cando unha operación necesita de financiamento privado é porque a levan algúns con cargo ao seu negocio e con cargo a saúde dos demais. Polo tanto, o que conseguiron precisamente reafirmarnos no que dixemos sempre,

que nós queremos un hospital público, Sra. Cendón, e denunciámolo e vostedes están privatizando a Sanidade. Si a súa forma de diálogo e a forma de diálogo de goberno é a que están mantendo con POVISA pois que veña Dios e o mire, así de claro porque agora están tratando de reunirse cos responsables da Xunta de Galicia e non sei, espero que non, porque diría moi pouco da súa forma de actuar, é posible que desaloxen aqueles que se queren entrevistar en defensas dos dereitos dos traballadores.

Polo tanto, reafirmo a nosa aposta pola sanidade pública, reafirmo a nosa aposta de que non se pode facer ningún recorte, reafirmamos o que vostedes tiveron parado un hospital cando a Conselleira, literalmente en xullo de 2012, dixo que isto estaba resolto e concluído no 2013, que vergoña Sra. Cendón.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Egerique Mosquera)

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Partido Socialista, Sr. López Font, instando ao SERGAS ó incremento do persoal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS

DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(138).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de xuño e 26 de xullo de 2013.

1.2(139).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de xuño e 26 de xullo de 2013.

1.3(140).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DA “DECLARACIÓN DO LOITO OFICIAL POR SETE DÍAS EN SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS DO ACCIDENTE FERROVIARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 24 DE XULLO DE 2013”.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de xullo de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“A traxedia acontecida na cidade de Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013 tivo como consecuencia de alomenos oitenta vítimas mortais e máis dun cento de

feridos, producindo en toda a cidadanía en xeral, pero na galega en particular unha grande conmoción e dor.

A cidade de Vigo quere amosar publicamente a súa solidariedade, apoio e condolencias tanto ás vítimas do accidente, como aos seus familiares, amigos e demais achegados afectados por esta desgracia.

Manifestado o total apoio da Corporación, a través da Xunta de Voceiros procede a declaración de sete días de loito oficial, tal e como ten declarado así mesmo a nosa Comunidade Autónoma, polo que en exercicio das competencias legalmente atribuídas a esta Alcaldía

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar o loito oficial en toda a cidade de Vigo, durante sete días, dende o 25 de xullo, en solidariedade coas vítimas do accidente ferroviario acontecido en Santiago.

Segundo.- Suspender a celebración das festas na cidade de Vigo durante dito período, no que as bandeiras ondearán a media asta, cun crespón negro.

Terceiro.- Trasladar as condolencias e o pésame da cidade de Vigo aos familiares das vítimas do accidente, así como ao Alcalde do Concello de Santiago e ao Presidente da Xunta de Galicia.

Cuarto.- Dar publicidade a esta resolución para o xeral coñecemento, dando conta da mesma ao Pleno da Corporación.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1(141).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO LOCAL Á PRESENTACIÓN NO PLENO DUN PLAN ANUAL DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS . EXPTE. 701/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo, número 701/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“É obriga das administracións públicas atender as demandas da cidadanía e ofrecer os servizos que esta precisa de acordo ás súas competencias. En tempos de crise económica, o bo uso e xestión dos recursos públicos debe ser especialmente escrupuloso evitando o malgasto e o uso partidista dos cartos de todos e de todas. O gasto en publicidade e propaganda é un elemento especialmente sensible pois resulta moi doado traspasar a liña entre a información que precisa a cidadanía para participar na vida pública e o simple autobombo dos gobernos e cómpre ser especialmente austeros e rigorosos cando as demandas son moitas e os recursos cada vez menos. Nos últimos tempos puidemos ver accións publicitarias por parte do actual goberno local que poderían ser cuestionadas polo seu custe e a súa función, como os gastos na celebración dunha concentración convocada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, a redución da convocatoria do plan social contra a crise para dedicar 250.000 € a propaganda no canto de darllos á cidadanía para comer e vestir ou unha exposición con accións políticas desenvolvidas por outros gobernos e administracións no barrio histórico da cidade. Consideramos preciso que esta corporación municipal teña a oportunidade de facer un seguimento máis detallado dos gastos publicitarios co obxectivo de limitar a comunicación publicitaria á súa función democrática, de interese público, de sensibilización sobre os valores e principios democráticos e sempre respondendo á verdade.

Mentres non contemos cunha lei autonómica que regule a publicidade e a comunicación institucional, propoñemos que o pleno da corporación municipal adopte os seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao goberno local a utilizar para publicidade e propaganda unicamente as partidas designadas con esta denominación nos orzamentos municipais, sen detraer en ningún caso das partidas doutros programas, nin sequera para a difusión dos propios programas.
2. Instar ao goberno local á presentación no pleno da corporación dun plan

anual de publicidade e comunicación no que se incluírán as campañas institucionais que se prevea desenvolver especificando os seus obxectivos e o custe previsible, comunicando calquera gasto excepcional sobrevido.

3. Instar ao goberno local á presentación no vindeiro pleno, logo da aprobación desta moción, se é o caso, dunha memoria dos gastos de publicidade e propaganda realizados ata esa data, e da previsión dos gastos que se realizarán ata finais de ano.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Presentamos esta moción a este Pleno dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego porque estamos preocupados xa que nun momento de crise como esta, na que hai tanta necesidade de recibir apoio dende as administracións públicas por parte da cidadanía, nunha cidade que temos unhas cifras de persoas no desemprego altas, as máis altas da historia, na que os servizos básicos, falabamos na moción anterior do servizo sanitarios, poderíamos engadir os servizos educativos, os servizos sociais, en xeral están sendo recortados de maneira cruel por parte do goberno do Estado e da Xunta de Galicia, nestes momentos nos que hai que realmente estar á altura e dar respostas ás necesidades da cidadanía e máis importante que nunca que os recursos públicos deste Concello, que os cartos dos vigueses/as se utilícen precisamente en priorizar a atención á cidadanía, á creación de emprego, ós servizos sociais, niso insistimos constantemente dende o Bloque Nacionalista Galego.

Esa é a liña que nos guiou en tódalas emendas que propuxemos neste Concello e para os Orzamentos Municipais, nós queríamos que a maior parte dos Orzamentos se dedicasen precisamente a atender esas necesidades, por iso introducimos emendas nos Orzamentos para que houbera seis millóns de euros dedicados á creación de emprego, introducimos unha emenda para crear unha partida de 3.200.000 euros para axudar ás persoas sen ingresos e recursos da nosa cidade para que puidesen comer e vestir, para as cuestións básicas,

queremos ademais que esas partidas orzamentarias, que eses recursos se utilicen e se xestionen de maneira áxil e eficaz.

Dende logo que nestes momentos non nos parece en absoluto prioritario dedicar os cartos públicos á publicidade e propaganda, sabemos que as administracións públicas teñen a obriga de dedicar unha parte dos seus recursos a difundir a información que necesitan ter os cidadáns/as para saber a que se dedican os seus cartos públicos, sabemos que é preciso tamén desenvolver campañas que reforcen os valores democráticos da nosa sociedade, por suposto nós non entendemos, como algunha outra forma política, que as campañas contra a violencia de xénero sexan publicidade e propaganda por suposto, nós entendemos que son campañas necesarias para reforzar os valores democráticos da nosa sociedade. Pero tamén é certo que é moi doado traspasar a liña entre información que precisa a cidadanía para participar na vida pública e chegar ao simple autobombo dos gobernos, e compre ser cada vez máis austeros e rigorosos cando as demandas son moitas e os recursos cada vez menos, e os recursos para este Concello cada vez serán menores porque así o decidiron os gobernos estatais e autonómico.

Nos últimos tempos puidemos ver algunhas actuacións, algunhas accións publicitarias por parte do actual goberno local que poderían ser cuestionadas precisamente polo seu custe e pola súa función, como exemplos precisamente do doado que é traspasar esa liña entre a información e o simple autobombo, referímonos a cuestións das que xa falamos neste Pleno, por exemplo, de onde saen os cartos para pagar a publicidade e para pagar toda a propaganda que rodeou á concentración convocada polo Grupo Municipal Socialista sobre o Aeroporto de Peinador, ou que pasou cos 250.000 euros da partida do Plan Social contra a crise que non se incluíron nas axudas nin para comedores, nin para familias, pero logo si vimos en carteis, en tódolos xornais, si escoitamos cuñas na radio, cando realmente nós entendemos que eses cartos, tal e como estaba previsto, tiñan que utilizarse para dar as axudas e dende logo os potencias demandantes non mercan o periódico cada domingo para decatarse de que poden solicitar esas axudas, ou unha exposición sobre o Casco Histórico que estivo colocada no centro da cidade co que poderíamos realmente facer un

traballo importante de coidado e mantemento do Casco Histórico, Casco Vello que ultimamente foi realmente descoidado.

Por iso propoñemos uns acordos que buscan precisamente garantir o control por parte das forzas políticas destas accións de publicidade e propaganda, porque non hai unha lei autonómica como si hai noutras comunidades autonómicas e pedimos que neste Pleno se aprobe.

SR. LÓPEZ FONT: Compartimos con vostedes gran parte da súa exposición de motivos, compartimos que debemos atender as demandas da cidadanía, compartimos o bo uso dos recursos públicos e compartimos evitar o mal gasto e o uso partidista, compartímolo Sra. Veloso, e ninguén mellor que vostedes para sabelo. Catro anos compartindo goberno, compartindo un proxecto de cambio histórico para esta cidade e compartindo preocupación por todo o social, compartindo e aprobando conxuntamente medidas que fixeron e fan posible todo isto. Pero tamén dous anos compartindo goberno, se quere entre comiñas, na cidade vía orzamento que é o documento máis importante. Porque o goberno executa o Orzamento, porque o hai e porque foi definido con prioridades e nesas prioridades sociais, emprego e en materia social, nós e vostedes somos un para a cidade, evidentemente o Partido Popular non, e así se viu nos debates orzamentarios, bastante teñen no Partido Popular con preocuparse en defender ao Sr. Rajoy e Sr. Feijóo.

Elemento sensible o gasto en “publicidade e propaganda” si, coa mesma sensibilidade nestes dous anos, a mesma sensibilidade tivo este goberno que nas aproximadamente dúas cincocentas Xuntas de Goberno que celebramos do 2007 ao 2011 e non sei cantas extraordinarias, asegúrollo coa mesma sensibilidade. Polo tanto, vostedes saben da sensibilidade deste goberno como cando compartíamos sala de goberno.

Polo tanto, creo que non deben preocuparse porque nos coñecen e estivemos de acordo e estamos preocupados polo mesmo que vostedes, conxuntamente recibimos críticas, moitas, entre outras pola Universiada, polas axudas ao comercio, pola bolsas comedor, polas compañías que vostede mencionaba relativas á violencia de xénero e normalización lingüística e naquel momento, o

lembran, eramos sensibles para non traspasar o autobombo, como moi conscientes do que propoñen vostedes entre información e autobombo, nin a Universiada era autobombo como dicían algúns, nin as axudas ao comercio, precisamente estábamos xuntos nesa tarefa e eu sei, posiblemente un dos que máis poida sabelo, que vostedes asumen o que fixeron e o que fixemos conxuntamente e na miña opinión isto hónralles.

Din algúns que o duro en política é estar na oposición, escoitei algún inclusive dicir que na oposición fai frío, ou que non lembro a quen llo dixo. Aquí é onde posiblemente haxa, Sra. Veloso, unha pequena, quero crer que unha pequena, diferenza de matiz no ano 2013, os orzamentos que executa este goberno teñen o seu voto a favor, polo tanto cada unha das partidas gozou da súa aceptación e así como foron aprobadas as executamos e vostedes pódeo comprobar.

Pero chegamos ao que considero o núcleo central da súa moción, como di o Sr. Rajoy, se mo permite collo prestadas as súas palabras, di textualmente “información que precisa a cidadanía”, e aquí empezan as preguntas porque evidentemente creo que aquí si que discrepamos nalgunha cuestión, a cidadanía necesita estar informada sobre “salvemos Peinador”? Eu creo que si, esta mañá o dicía vostede na radio, máis alá de como nos parezan as campañas, vostedes esta mañá dicía na radio que había que salvar Peinador, eu si considero que si é unha obriga deste goberno dicirlle aos cidadáns é posible que vostedes se queden sen Aeroporto. Necesita a cidadanía coñecer esta información completa na que figuran requisitos, documentación que se ten que presentar ao Plan Social, único e máis importante que hai nos concellos de toda España de tres millóns para axudar aos necesitados, pois eu creo que si. Polo tanto, é aquí onde cremos que non estamos traspasando ningunha liña, dende o ano 2008 ao ano 2013 este gasto reduciuse nun 40%, e a parte da redución do 40% tamén debo dicirlle que Tenencia de Alcaldía reducimos o 100% porque o gasto é cero.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Nunca pensei que concretamente vostedes señores do Bloque Nacionalista Galego traerían ao Pleno unha moción para tratala “publicidade e propaganda”, perdón, publicidade partidista e propaganda electoralista dos seus socios de goberno. A cal nos teñen tan acostumbrados no

último mandato entre a Alcaldía e Tenencia de Alcalde, isto si que é hipocrisía e dobre moral, que pouco se queixaban entón do dispendio e reparto publicitario ao que nos tiñan acostumados aos vigueses. Pero o que aquí subxace é moito máis grave, estamos falando do uso continuado por parte do goberno das partidas en publicidade de forma totalmente partidista, electoralista e discrecional, estamos a falar de reparto económico, de marchandizaxe do Alcalde. Non lles chega con gastar 1,25 millóns de euros en publicidade e representación segundo os orzamentos do 2013, senón que aínda por enriba destinan 250.000 euros do Plan Social contra a crise para publicitalo, saben vostedes cantas familias poden deixar de beneficiarse dese Plan gracias que vostedes destinaron 250.000 euros en publicidade? Seis meses son corenta e dúas familias, iso dise rápido, como son capaces de xustificar tremendo gasto? Como lles van dicir a corenta e dúas familias que non se poden acoller a este Plan? Iso é o que nos teñen que explicar, iso é o que estamos debatendo agora aquí, porque esta moción trátase de transparencia, xa sabemos o que van facer, votaran que si e seguirán facendo o que lles de a gana.

Non se trata só dos gastos de publicidade, lémbrense coa moción de contratos menores en xuño do 2012? Votaran que si, segue todo na escuridade, non se declara nada séguese facendo os contratos menores da mesma forma que estabamos denunciando anteriormente, o mesmo que a ampliación do contrato de Aqualia, escurantismo, modificación do contrato do Auditorio tres cuartos do mesmo. Vostedes segan así, nestes momentos onde máis se necesitan eses recursos económicos, expliquen como xustifican os seus carteis de Alcaldía, os seus bancos con letreiros de Alcaldía, os gravados, os coxíns en épocas electorais, os gastos da Universiada, as axendas da Alcaldía, e tamén, xa postos, segan inaugurando rúas a golpe de piano, que claro repartir os cartos alleos é moi sinxelo, ou as farándulas para apoiar ao Aeroporto de Peinador porque vamos como deixaron Vigo, se iso lles parece coherente e correcto na época actual na que estamos, habería que discutilo moi seriamente.

En media un 10% das inversións, gastos e programas son destinados a publicidade, máis ben repartidos de forma discrecional a publicidade partidista e electoralista, ímolo chamar o 10%, o diezmo publicitario, van volver a implantar o

diezmo? Porque lémbrolles que nin estamos na idade media nin vostede é o señor feudal, o cabaleiro don Abel, nin os vigueses como os seus vasallos.

SRA. VELOSO RÍOS: Os acordos que propoñemos nesta moción son moi sinxelos, en realidade, porque parece que estamos propoñendo algo moi estraño pero non, é algo moi sinxelo. Nós estamos instando ao Goberno Local a utilizar para “publicidade e propaganda” unicamente as partidas designadas con esta denominación nos Orzamentos Municipais, que polo que di o Sr. Font é xa o que están facendo así que non entendo que problema terían en aprobalo. Nós entendemos que temos un caso concreto moi claro e moi recente que é o Plan Social contra a crise, no que hai 250.000 euros que non están, co cal preocupáanos que isto se poida reproducir nalgún momento e por iso simplemente instamos ao Goberno Local a que isto non pase, porque efectivamente había unhas partidas adicadas “publicidade e propaganda” que emendou tamén o Bloque Nacionalista Galego nos Orzamentos e reduciu en máis de medio millóns de euros.

Ademais instamos ao Goberno Local á presentación dun Plan Anual de publicidade e comunicación e que se aprobe por parte do Pleno, si realmente hai unha sensibilidade tan grande e compartimos tantas cousas non vexo tampouco cal é o problema de traer a este Pleno ese Plan. A nós preocupáanos porque ademais hai algo que é moi diferente de 2007 ata agora, que é moi diferente mesmo de 2011 ata agora e é que nesta cidade a maioría da cidadanía non se imaxinaría nunca estar agora na situación na que está, porque nós mesmos, os representantes políticos da cidadanía, non nos imaxinaríamos que estaríamos neste Pleno falando de copago sanitario, falando de ter que pagar as próteses, de ter que pagar os libros de texto, de que suban os prezos dos comedores, de que teríamos que estar falando de que non se conceden RISGAS, que hai persoas que non teñen ningún tipo de ingreso porque non teñen axudas por parte da Xunta de Galicia, que non estaríamos falando de persoas que mesmo as que se lle retiraron axudas concedidas con carácter retroactivo, como por exemplo as persoas que tiñan axudas ás hipotecas de Navia, en vivendas sociais, que iamos ter un goberno do Partido Popular na Xunta e no Estado que nos ía deixar

practicamente sen orzamentos e que ademais nos ía establecer un teito de gasto como ben explicou a Sra. Díaz, anteriormente neste Pleno, que non nos permitiría axudar a toda a xente que o necesita, non imaxinaríamos hai dous anos que tivésemos que adicar seis millóns dos Orzamentos municipais, que non ten competencia en emprego, á creación de emprego nesta cidade porque non nos compete a nós, non imaxinaríamos ter que dedicar 3.200.000 euros para darlle de comer á xente, de vestir. Por iso agora a situación cambiou, e pedimos simplemente se tan convencidos están que se traia a este Pleno un Plan de comunicación anual, algo que xa está recollido en leis autonómicas co que aquí non contamos porque dende logo o Partido Popular non vai querer aprobala, senón teríamos que cuestionar os 640.000 euros en publicidade para asociar valores relativos á maternidade que vai dedicar agora a Xunta de Galicia.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sr. Figueroa Vila e a Sra. Egerique Mosquera).

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e dez abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do grupo político do BNG, Sra. Veloso Rios, instando ao Goberno Local a presentación dun plan anual de Publicidade e Comunicación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2(142).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A RESPECTAR O ACORDO PLENARIO ACERCA DA EMAO. EXPTE. 702/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo, número 702/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“Pasaron xa dous cursos académicos desde que o grupo municipal do Partido Popular, e máis dun ano, que se presentou ante o pleno un Plan de Estudos para a Escola de Artes e Oficios de Vigo. A corporación municipal votou por unanimidad o mencionado plan e o goberno non fixo o mínimo movemento para cumprir as súas responsabilidades ante a cidade e ante o pleno.

Por iso:

Instamos ao goberno municipal a respectar o acordo plenario acerca da EMAO de Vigo.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RELOVA QUINTEIRO: Eu Sra. Silva é que de verdade afeoume a boa educación e a boa vontade do Grupo Popular desexándolle o mellor ao Sr. Rodríguez Escudero e como hai xente persoas novas, pois creo que non debemos de dar os políticos esa imaxe de intolerancia e darlle a volta á tortilla á boa educación das persoas, non podo retirar o que dixen en honor á xente nova que me escoita.

Fíxense vostedes que aquí isto ocorrésese a famosa expresión do can do campesiño que “nin come nin deixa comer” nesta moción xa porque están a un paso de converterse no can do campesiño e a ese só o quere o campesiño.

Levamos trinta e sete mocións presentadas dende o mes de xullo do ano pasado do 2012, o Partido Popular, desas trece, tres aprobáronse por unanimidade e trinta e tres son incumpridas, entre elas está a da EMAO que xa vai para un ano e medio que se presentou e xa pasaron dous cursos académicos e catro

concelleiros, en tres anos. Aquí hai un problema evidentemente, e a verdade é que non sabemos porque non se intentou utilizar. Eu vou lembrar un pouco esa moción, e ademais utilizar unha frase coa que empecei o outro día, “un emprendedor ve solucións alá onde outros só ve problemas”, unha frase de Michael Gerber, e fin da cita.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular intentamos facer unha oposición leal, responsable e construtiva, e precisamente é a responsabilidade ante a cidadanía e ante a xuventude a que nos leva a presentar esta moción e o recoñecemento do prestixio da Escola de Artes e Oficios e o seu exemplar profesorado.

Non pretendemos inventar nada novo, nin tampouco facer unha lista de correccións na EMAO, nin sequera entrar a xulgar o que consideramos unha labor extraordinaria deste centro fronte á sociedade. Pero si é preocupante que en diferentes cuestións vemos como se deterioran, non desexamos expoñer un relato crítico porque consideramos que o noso deber é defender a Escola polo seu significado histórico e a súa labor educativa, e porque cremos que é unha das institucións que máis prestixian ao noso Concello e a nosa cidade.

Na proposta da moción dio claro, solicitábase que se aprobe un compromiso por parte do Pleno de estudar unha proposta de mellora na calidade e organización da Escola de Artes e Oficios. Esta proposta baseábase na total dispoñibilidade do noso grupo a crear, conxuntamente cos concelleiros do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, unha comisión para establecer pautas nos ámbitos das mellores das condicións laborais do profesorado e equilibrar por igual as oportunidades nas súas retribucións, así como unha mellor planificación no que respecta aos horarios, tanto dos docentes como do alumnado, tendo en conta aspectos como a conciliación familiar e laboral. Fíxose un gran esforzo pola mellora dos plans curriculares e establecéronse pautas que deberían alcanzar o máximo posible, pero cremos que deberíamos dar un impulso á Escola e rectificar nalgúns aspectos de organización interna. Nos catro anos anteriores levouse a cabo un gran esforzo por elevar o nivel da escola e mellorar a organización, esforzo que se desenvolveu baixo a dirección da anterior concelleira, dona Laura López Atrio e a absoluta entrega do Bloque Nacionalista Galego e do Partido

Popular.

Fai falla, dada as características singulares da EMAO, dotada dun marco de organización, funcionamento e goberno diferenciado dos centros docentes públicos que imparten ensinanzas de réxime xeral. Isto implica que a escola precisará dunha regulación específica que lle permita poñer en marcha dinámicas de funcionamento propias, nas que concreten tanto os aspectos relacionados co seu goberno e administración como aqueles de tipo organizativo que permitan realizar de maneira singular as actividades académicas e artísticas propias deste centro. Era naquel momento e agora, a finalidade desta proposta organizar os criterios comúns para a organización e funcionamento da EMAO, tanto no pedagógico a través da elaboración dos seus proxectos educativos e a elaboración das súas normas de organización e funcionamento. A finalidade era garantir a calidade e a realización de avaliacións internas por parte do centro e externas baixo a responsabilidade do padroado e do Concello de Vigo.

Esta proposta podería contemplar diferentes puntos, vou dicir algúns pero dende a dirección, xefatura de estudos, secretaría etc. porque, por exemplo, na escola xa existe un director e un xefe de estudos pero ningún dos dous exerce docencia na escola.

A PRESIDENCIA: A efectos do debate dareille un minuto de intervención a Sra. Silva ao rematar o debate.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós imos apoiar que se respecte o acordo plenario acerca de EMAO porque evidentemente nós imos sempre apoiar que se respecten os acordos plenarios que para iso están non? Independentemente de que fosen aprobados co noso voto ou non.

No caso da Escola Municipal de Artes e Oficios a verdade é que nós agora mesmo estamos preocupados pola situación da escola porque por unha banda, evidentemente é unha escola que necesita un esforzo importante de actualización, é dicir, é unha escola senlleira na nosa cidade, que se creou cun obxectivo determinado que nestes momentos ten que adaptarse á situación actual dunha sociedade diferente, cunhas necesidades diferentes pero que

nalgúns eidos, fundamentalmente nos eidos artísticos é un un referente tamén na nosa cidade e tamén no noso país. E precisa realmente dun esforzo por parte do goberno local para facer ese traballo de actualización e para facer tamén, un traballo de rexeneración da propia relación do tódolos axentes implicados no funcionamento da Escola Municipal de Artes e Oficios, empezando polo funcionamento democrático da Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios. Vemos que cada vez é maior o enfrontamento dos distintos axentes que formamos parte da Xunta Reitora da Escola de Artes e Oficios e tamén, aquí, dentro do Concello de Vigo, no Pleno do Concello de Vigo, no que, unha vez máis, en cuestións educativas os enfrontamentos partidistas están facendo dano a unha institución educativa.

Nós votamos en falla un maior compromiso por parte do Goberno Local cunha escola que nun momento determinado se viu ameazada coa súa desaparición por terse proposto a utilización do seu edificio para outro uso. Nós realmente entendemos que o compromiso coa escola debería ser moito maior, que hai unha serie de demandas que están propostas tanto polo profesorado como polo alumnado dende hai moito tempo, ás que non se lle da resposta e que son necesarias ademais para mellorar o funcionamento da escola para conseguir unha mellor implicación da comunidade educativa e o maior respecto e o mellor funcionamento da Escola Municipal de Artes e Oficios. Pero ultimamente é practicamente imposible chegar a ningún tipo de acordo dentro da Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios e creo que todo o mundo nestes momentos, temos facer tamén unha certa autocrítica e temos que facer un esforzo por buscar espazos comúns, por buscar puntos de encontro porque o que non pode ser é que na Xunta Reitora dunha institución de ensino, dunha institución educativa, esteamos discutindo sobre se se envían convites ou non se envían a Grupos Municipais á actos, é realmente penoso que esteamos vendo como non se envían convites a Grupos Municipais que formamos parte da Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios Pero e que iso dende logo que non podería ser, non debería ser en ningún caso o centro do debate da Xunta Reitora dunha institución educativa.

Nós pedimos un esforzo para que se cumpran os acordos plenarios, pero tamén

para que cada un e cada unha de nós fagamos autocrítica e un esforzo para rebaixar a tensión no funcionamento da Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios e para escoitar de maneira activa, é dicir, buscando entender e solucións aos problemas da escola a toda a comunidade educativa, tanto ao profesorado como ó alumnado porque realmente na última Xunta Reitora a representante do alumnado marchou abafada e iso é algo que nos debería abafar a todos/as nós. Eu pido un esforzo para que isto non se limite a acordos plenarios, para que isto realmente sirva para un cambio de actitude e un compromiso real de todos/as coa Escola Municipais de Artes e Oficios.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu en primeiro lugar quixera manifestar que a propia Xunta Reitora do Organismo Autónomo, Escola Municipal de Artes e Oficios, que é o órgano que ten a competencia no Plan de Estudos, aprobou entre outros puntos da orde do día, na sesión do 20 de setembro de 2012 coa abstención dos representantes do Partido Popular e o voto favorable do resto dos que compoñen esta Xunta Reitora, redactar un Plan estratéxico e un novo Plan de estudo da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, e Sr. Relova estase facendo este plan, estase adaptando ao contexto socio-económico e cultural actual e tamén vendo as súas perspectivas de evolución. Estase traballando intensamente na redacción deste Plan e ademais tendo en conta outras experiencias doutros lugares que teñen plan de estudos similares aos nosos, en graos, tanto regrados como non regrados. Dende logo este traballo ten que estar finalizado no último trimestre do ano 2014, pero claro posiblemente vostede ese día tamén chegou tarde e no se decatou de que se había votado ese Plan de Estudos, porque tamén votaron en contra na última Xunta Reitora do Fondo Social destinado aos traballadores, tamén o Partido Popular votou en contra de que os traballadores mellorasen ás súas condicións para poder ofrecer un mellor ensino tamén na Escola Municipal de Artes e Oficios.

Este goberno fala cos alumnos, contamos con todos e dende logo tamén esperamos as súas propostas, porque este goberno presidido polo Alcalde Abel Caballero caracterízase moito e singularmente por non esquecer a educación, por non esquecer a cultura, e sabemos e sabe que é apostar por ambas en tódolos

ámbitos pois non se educa só en idade nin en horario escolar.

A Educación é a mellor política social e a mellor política económica, Sr. Relova, e a Escola Municipal de Artes e Oficios ofrece unha formación versátil, con posibilidade de adaptarse a distintos ámbitos, unha formación suficiente, competente para desenvolver unha labor ou realización persoal. A Escola Municipal de Artes e Oficios é para este goberno, para o Alcalde Abel Caballero, unha parte importante da educación en Vigo, este goberno recoñece o legado que representa e a toda a xente que traballou para que as cousas mellorasen, e séguense traballando con intensidade. Cada nova oportunidade que se ofrece na escola é unha oportunidade de que crecer e evolucionar en tódolos ámbitos das vidas do seu alumnado é tamén de asumir novos retos.

Mire Sr. Relova, se hai compromiso serio deste Goberno coa Escola Municipal de Artes e Oficios, invístense un 1,4 millóns de euros anuais e están alí escolarizados máis de 600 alumnos en diversas disciplinas, fíxese se é unha aposta deste goberno polas escolas tamén municipais de música e de artes onde o 100% do seu custo é asumido por este Concello e quérolle dicir de que hai outras experiencias noutras comunidades autónomas onde pagan un terzo destas escolas as comunidades autónomas, o outro terzo o pagan os concellos e o terzo restante o pagan os alumnos, e aquí o paga o 100% o Concello de Vigo.

Nós o que tratamos é de seguir traballando, facendo investimentos e mellorando tamén para o seu profesorado, polo seu alumnado e pola educación e a cultura da nosa cidade, pero tamén vostedes saben que a imposibilidade de continuar cun sistema de selección e contratación de máis profesorado e de non poder continuar cun programa estable de curriculum, e esa culpa, esa imposibilidade a fai ter un goberno do Partido Popular que publica lexislacións laborais que cercenan o futuro das administracións e tamén do avance social.

SR. RELOVA QUINTEIRO: De verdade que eu a única que vez que cheguei tarde foi á última.

Nunca, e quérolle lembrar que eu creo que a persoa que o axudou a elaborar este informe de hoxe, non é un plan de estudos senón que ten que ver coa reconversión dos curriculums etc. e falamos de colaborar os tres partidos do

Grupo Municipal, falábamnos de moitas cousas.

Pero está claro que vostedes están ebrios dun sentimento de superioridade moral que da medo, convencidos de que son os representantes da bondade da terra.

Ten razón Sra. Veloso, hai moita tensión, demasiada tensión pero Sra. Veloso, vostede lembrará que nós, a Sra. Cendón e eu quixemos falar en rogos e preguntas e foi imposible. Eu só quería dicir que eu fixen un escrito, por rexistro unha pregunta cando Sra. Olga e aínda non se me contestou. Nin por escrito se contesta, nin se pode falar en rogos e en preguntas, eu non digo nada de como é a situación.

Cando empezamos na EMAO, un profesor levantouse dicindo que estaba todo moi mal, ese señor dimitiu do Padroado da EMAO, falouse de que había problemas coas señoras da limpeza, non se puido preguntar e díxose que o Concello non se podía meter coas concesionarias da limpeza, pero si esa señora sofre un accidente ou sofre un acoso moral, que facemos os demais, miramos para o outro lado?

Eu voume remitir a unha cita de Edmund Burke, un irlandés do século XVIII que dicía “o único necesario para o triunfo do mal, é que os bos non fagan nada”, síntoo son responsable como profesor, como educador e como político e dende logo temos un documento que temos todo o Padroado que nos pasou a Sra. Laura López Atrio, a concelleira anterior, na que falaba dun montón de situacións e de cousas que estamos falando hoxe despois de tres anos, e falaba de que a firme vontade municipal de renovación e ampliación da Escola de Artes e Oficios para situala no nivel dunha cidade que como Vigo require, converténdoa nun referente en Galicia. Ademais supón canto menos o afianzamento de especialidades existentes, etc. e o primeiro ano que lle tocou á Sra. Raquel recortáronse 85.000 euros á Escola, eu non sei se o Sr. Rodríguez Díaz está decatado disto, de que se fixeron estes recortes .

Falaba do nomeamento dunha dirección permanente que finaliza en fase transitoria e que hai que regular, e utiliza a palabra, “democratización da Escola”, que se elixa ao director, ao xefe de estudos, é dunha compañeira súa non do Partido Popular.

SRA. SILVA REGO: Sr. Relova, vostede entristéceme profundamente, vostede mostrou a súa solidariedade co noso compañeiro, Sr. Rodríguez Escudero, eu agradecinllo pero vostede fixo un “latigillo” inadecuado que o cualifica a vostede, dicindo que o Sr. Rodríguez Escudero se cualifica por ser educado cando intervén e non como outros, facendo unha clara referencia ao resto do Grupo Socialista. Eu o único que lle dixen foi que se aplicara vostede esa forma de actuar. Non vou entrar en debates con vostede, porque o Sr. Rodríguez Escudero, é un home moi querido, moi admirado, ao que estamos permanentemente ao seu lado este grupo e non se merece un debate.

Polo tanto, non lle vou a contestar, a vostede sempre o perde a boca.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sr. Figueroa Vila e a Sra. Egerique Mosquera).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando ao Goberno Local a respectar o acordo plenario respecto da EMAO, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3(143).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL Á ELABORACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO XUVENIL E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE 703/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo, número 703/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr.

Pérez Davila, formula a seguinte moción:

“A crise económica que asola o noso país dende 2008, está a facer que cada día a situación para moitas familias sexa moi complicada pola grave situación económica que atravesamos, pero sobretudo, polas altas taxas de paro que experimenta España, Galicia e tamén Vigo.

A situación de paro rexistrado incrementa a súa gravidade cando se trata do sector máis novo da poboación. As dificultades para encontrar un posto de traballo, e a imposibilidade de acceder ó mundo laboral, é o maior problema da mocidade neste momento. Por esta cuestión, todas as administracións públicas deben ser conscientes da situación, e extremar os seus esforzos para tentar paliar o problema, adoptando acordos e levando a cabo medidas reais destinadas ó mantemento e creación de novos postos de traballo para a mocidade.

Na cidade de Vigo, na que un de cada catro Viguees en idade e disposición de traballar, non o pode facer, e cunha poboación menor de 35 anos que supera as 90.000 persoas, son nulas as actuais medidas específicas que o Concello de Vigo propón para favorecer a creación de emprego xuvenil.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo somete, para a súa toma en consideración polo pleno da corporación o seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Instar ó goberno local de Vigo á elaboración dun "Plan municipal de Emprego Xuvenil".

SEGUNDO.- Instar ó goberno local de Vigo a adicar o 25 por cento da partida presupuestada para emprego do próximo exercicio a este "Plan Municipal de Emprego Xuvenil"

TERCEIRO.- Convocar ós distintos grupos políticos para que fagan a súas respectivas aportacións nun prazo non superior a dous meses dende a aprobación, se procede, no pleno da corporación municipal.

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. PÉREZ DÁVILA: Hoxe unha vez máis presento ante este Pleno unha moción que fala da xuventude para poder debatela entre os tres grupos políticos que conformamos esta corporación, pero a verdade é que un a pesar de non levar moito tempo aquí e de ser o último en tomar posesión comeza a decatarse da

tremenda falla de respecto que teñen vostedes, señores do goberno municipal, xa non cos demais concelleiros senón coa cidadanía que está aí fora. Un xa se propón se serve de algo ou non, presentar unha moción ante este Pleno para que sexa consensuada e levada a cabo se procede, cando despois o seu goberno Sr. Caballero, fai gala dunha total prepotencia e dun absoluto déficit democrático cando non executan decenas e decenas de acordos plenarios aquí aprobados.

Non por iso deixarei de falar aquí dun terzo da poboación da nosa cidade, a xuventude, a mocidade, esa gran descoñecida para o goberno de Vigo.

Dende o ano 2008 estamos a vivir unha crise económica e financeira que causou e segue a causar grandes estragos no mantemento e creación de postos de traballo, situando as taxas de paro nos puntos máis elevados. Uns datos que os máis novos nunca viviramos e os que teñen máis idade non recordan dende hai moitos anos. Non me gustaría entrar hoxe aquí nas causas que nos levaron a esta situación xa que non é lugar, porque dende o Pleno de Vigo pouco podemos facer, e tamén porque é un debate máis que repetido nos últimos tempos cos mesmos argumentos por parte dos grandes políticos de tódolos partidos, un debate que xa ten farto á cidadanía, señores agora lles pregaría que me escoitaran que lle vai interesar o que lle digo.

Por isto, creo que debemos falar dentro das nosas posibilidades e das competencias do propio Concello de Vigo das medidas e solucións que dende aquí podemos adoptar. Neste senso dende novembro do 2011 o actual goberno de España tomou medidas para combater o desemprego e o paro. O goberno está a demostrar o seu apoio ó emprendimento do emprego xuvenil, proba diso son os máis de 1.900 millóns de euros que recibiremos a partir do 2014 tal e como anunciou o Presidente tras unha das últimas xuntanzas da Comisión Europea, ou por exemplo a estratexia de emprendimento e emprego Xove 2013-2016, emprendida polo goberno que contén 100 medidas dirixidas a favorecer a inserción laboral.

A situación que estamos a vivir é extremadamente grave pero no por elo podemos eludir que levamos o mellor semestre en materia de emprego dende o ano 2006, e non é casualidade que a mocidade teña protagonizado os mellores datos con franxa de idade no mes de xuño, pero aínda que os datos comezan a

ser positivos nos queda un largo camiño que percorrer.

Con esta moción dende o Grupo Municipal Popular queremos instar ao Concello de Vigo a comezar a elaboración dun Plan Municipal de Emprego Xuvenil, no que tratemos de mellorar a situación laboral da nosa cidade porque xa son máis de 40.000 os desempregados na comarca de Vigo, moitos deles por desgraza xente nova. Mentres isto ocorre vostedes, dende o Goberno Municipal, gastan cantidades inxentes e escandalosas de cartos en publicidade e “parafernalias” e non executan os plans de emprego eficaces, e os que executan son para os seus amigos e xa coñecen como o “Vigo enchufa” no canto de “Vigo emprega”.

Dende o Partido Popular de Vigo propoñemos a elaboración deste Plan Municipal de Emprego Xuvenil que se faga coas achegas dos diferentes grupos en primeiro lugar, por isto solicitamos que nun prazo non superior a dous meses se nos convoque para facer as nosas achegas e tamén que se consensúen cos demais axentes, para que desta forma naza froito dun acordo que o leve a bos resultados. E facemos esta proposta cos nosos deberes xa feitos e despois de meses de traballo na redacción dun Plan Xuvenil Municipal por parte da Comisión de Xuventude do Partido Popular de Vigo con tres partes e dez obxectivos ben definidos: reducir o desemprego xuvenil en Vigo, favorecer a creación de empresas por mozos/as da nosa cidade, mellorar a competitividade da economía local, establecer a cultura do emprendedor en Vigo, promover a autonomía e independencia da xente nova, facilitar acceso á vivenda, garantir o benestar xuvenil vigués, xerar confianza na economía de Vigo e facer que Vigo deixe de liderar as estatísticas de paro e impostos máis altos de Galicia, para encabezar os índices de creación de emprego xuvenil.

Por isto, na primeira parte do noso Plan buscamos a modernización da infraestrutura local do emprego, e propoñemos a creación da mesa de calidade do emprego de Vigo como entidade adscrita á concellería competente, propoñemos tamén a creación do servizo profesional de asistencia ó emprendedor novo.

Trátase de ofrecer ao mozo/a emprendedor un servizo de asistencia profesional que o poida axudar ao inicio do seu proxecto durante os primeiros momentos e tamén ao longo da vida do proxecto, e instamos tamén a creación dentro da

propia estrutura da mesa de calidade do emprego dun servizo de asistencia xurídica xove.

O segundo pilar do Plan Emprego Xuvenil que presentamos dende o Partido Popular de Vigo busca poñer ás administracións a disposición da mocidade. Por isto, propoñemos a convocatoria por parte deste Concello dun concurso de proxectos empresariais que poidan, despois de avaliar os mellores proxectos presentados establecer diferentes premios en metálico para axuda da posta en marcha desas iniciativas empresariais, así como tamén as becas para a formación dos premiados.

Tamén queremos propoñer a creación do centro de iniciativas de Vigo, un espazo que promovido por este Concello poida estar destinado a mellorar as oportunidades dos emprendedores e as iniciativas empresarias viguesas, como se me acaba xa o tempo seguirei no tempo de réplica a facer máis propostas para a mocidade desta cidade e para o emprego xuvenil en Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: Eu creo que hai unha etapa da vida que é mocidade onde normalmente a xente é radical por ir ao fondo dos problemas, á raíz dos problemas e sorpréndeme que haxa mozos/as que non vaian a raíz do problema, que veñan a unha institución, que realmente non ten a competencia, e sen embargo calen diante dos seus dirixentes cando os machacan, e triste que teñamos esta mocidade.

O Bloque Nacionalista Galego non pode nunca aprobar unha moción do Partido Popular que fale sobre o emprego, non podemos porque está no seus propios textos, as razóns están na súa propia argumentación, din na súa moción “tódalas administracións públicas deben ser conscientes da situación e extremar os seus esforzos para tentar paliar o problema, adoptando acordos e levando a cabo medidas reais destinadas ao mantemento e creación de novos postos de traballo para a mocidade”.

A mocidade do Partido Popular cree realmente que o goberno da Xunta de Galicia e o do Estado tomaron as medidas adecuadas para paliar o desemprego, ese drama que hai na sociedade? Realmente pensan que fixeron algunha medida nas institucións que teñen competencias, que poden influír sobre a macroeconomía,

tomaron algunhas medidas para paliar o paro na mocidade xuvenil? Quen é o responsable de que exista máis do 50% de desempregados? O Partido Popular é un dos culpables de que exista, e mentres os mozos/as non o miredes e segades vindo a predicar e a facer traballos en institucións, que fan o esforzo que poden, porque quero lembrarlle ao Partido Popular que aquí aprobouse unha moción neste Concello para que a Xunta de Galicia e a Deputación puxeran seis millóns de euros, igual que o Concello, para Plans de Emprego e non son capaces de reclamalo, son incapaces.

Ademais están facendo unha política de recortes salariais, de recortes aos funcionarios, unha serie de medidas que o que están é empobrecendo moito máis e non dando saída ao desemprego. Hoxe ata hai que escoitar declaracións do home máis rico do mundo, hoxe dixo que para combater o desemprego no Estado hai que facer políticas expansivas, ata o di ese señor e o Partido Popular non se decata e di que é para paliar a débeda pública, e xa está ben de falacias. Imos ver onde está a débeda pública, miren vostedes a débeda pública da Administración Central suma 617.731 millóns de euros, que representan o 76,7% da débeda pública total, só na Comunidade de Madrid hai unha débeda de 17.108 millóns de euros e no Concello de Madrid 6.479 millóns de euros, se sumamos a débeda do Estado, a da Comunidade de Madrid e a débeda do Concello de Madrid ascenden a 80% da débeda pública. Mentres pasa isto, mentres o Estado, a Comunidade de Madrid e o Concello de Madrid se endebedan desta maneira o Sr. Rajoy manda á Comunidade Autónoma que o Sr. Feijóo se axeonlle e fagan recortes orzamentarios e poñan teito de gasto e asúmeo, así non saímos da situación de crise.

Os mozos teñen que revelarse ante as declaracións dos seus dirixentes, porque non pode ser que se perdan 70 mozos/as, marchen diariamente a emigrar a Europa e se rían deles os dirixentes do Partido Popular porque saben o que di o Partido Popular? Que traballar na UE é traballar na casa. A ministra de Fomento di que é normal, que non é emigración, que a Comunidade Europea é un sitio onde traballar, incluso a Sra. Aguirre anima aos mozos/as para que se marchen fora. Os mozos/as teñen que revelarse, pero contra os seus dirixentes que os están levando á situación máis precaria que se ten visto nunca, o 56% da poboación

estivo desempregada. Mentres non fai iso, fai o contrario, reformas laborais para despedir á xente, reformas laborais para precarizar o emprego, iso é o que fai dende esta reforma laboral un millón novo de desempregados. Revélense mocidade do Partido Popular contra os responsables máis grandes que son os seus dirixentes políticos.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu creo que como ven dicía o Sr. Alonso Pérez pode ser froito da inexperiencia ou dos calores do verán o que traían hoxe esta moción aquí, porque a primeira pregunta que nos facemos os socialistas é que si xa lle propuxeron isto a onde vostedes gobernan, se llo propuxeron xa ao Sr. Louzán, ao Sr. Feijóo e ao Sr. Rajoy e canto caso lles fixeron? Iso é o primeiro que lle temos que preguntar, porque o Sr. Feijóo, o Sr. Rajoy e o Sr. Louzán o que están a facer é a posibilitar e a poñer en marcha reformas laborais que teñen aos mozos/as como mercadoría, Sr. Pérez, que aos mozos/as lles normaliza a precariedade laboral, iso é o que vostedes fan coas leis que promulgan.

Vostedes xa empezan moito antes con eles, xa empezan coas bolsas dos comedores escolares retirándollas, vostedes xa comezan cos libros de texto e vostedes continúan coas bolsas da universidade para que non poidan ir estudar, iso é o que fan vostedes os señores do Partido Popular.

Vostedes nesas tres administracións están fuxidos desta cidade, non invisten para nada neste cidade, votan en contra de tódalas mocións que vimos presentando aquí para que administracións como a da Xunta de Galicia, o Goberno Central, que si teñen competencias en materia de emprego, invistan o mesmo que inviste este Concello de Vigo. Porque xa sabemos o respecto que lle teñen aos parados e aos mozos, aos parados dicía a Sra. Fabra “que se jodan” literalmente, e aos mozos dilles a Ministra que se vaian fora e chámalle mobilidade exterior, iso Sr. Pérez, señores do Partido Popular, iso é emigración, exilio económico dos nosos mozos/as. Vostedes o que están é ocupados en destruír emprego, vostedes xeran un parado cada corenta segundos, xeran un desempregado, e Galicia, segundo a enquisa da EPA, é a cuarta comunidade que máis emprego destrúe, con máis número de desempregados.

Fronte a isto, Sr. Pérez ímoslles dar algúns datos para que vostede se decate e

saiba o que se está facendo dende este goberno municipal, que se saiba das políticas “keynesianas” que está a impulsar o Sr. Abel Caballero, o Alcalde de Vigo. No 2012, concretamente creáronse na nosa cidade 3.800 empregos directos e indirectos, co Plan Municipal de Emprego 884 contratos directos e no 2013 van, cun investimento de catro millóns, a creación de 661 empregos directos. Pero fanse moitas outras cousas para os mozos/as, o que pasa e que vostedes non se decatan, nin se preocupan, porque agora mesmo estase facendo a selección do Vigo Emprega que son homes e mulleres enviados polo INEM para cubrir esas vacantes e están en proceso de selección, e señores do Partido Popular máis do 25% son mozos/as e están reservados para eles, tamén para mulleres vítimas de violencia de xénero, para desempregados de longa duración, por suposto, porque esa é a política deste goberno, atender aos que máis o necesitan.

Para os novos temos programas para facilitar a súa primeira experiencia laboral, con contratacións en prácticas, con convenios de colaboración con empresas, tamén para aprender a busca de emprego, con servizo de información especializado para atender e dirixir a menores de 30 anos, tamén para mellorar a empregabilidade e moitos dos nosos programas, como o do Vigo Emprega, ademais obteñen a titulación na ESO. Tamén proxectos de colaboración para o fomento de emprego coa nosa universidade, para os emprendedores, para a creación de empresas que vai dirixido fundamentalmente e se prima máis aos mozos/as, tamén con subvencións á contratación que é un convocatoria anual que se prioriza tamén aos menores de 30 anos.

Polo tanto, son políticas que si se están facendo con presupostos de tódolos vigueses/as para os parados/as da nosa cidade, para os mozos/as sen ser a nosa competencia fronte a ausencia total, señores do Partido Popular, de vostedes e dos gobernos de vostedes.

SR. PÉREZ DÁVILA: Sr. Rodríguez Díaz pensei que vostede tiña algo máis de tacto e nivel cando dixó que todo o que digo eu é froito da inexperiencia da mocidade, levo moito tempo escoitando exactamente o mesmo duns compañeiros seus dunha parroquia de Vigo, pensei que vostede tiña un pouco máis de nivel.

Que caso os fixeron onde gobernamos nós, o Sr. Louzán, o Sr. Feijóo, o Sr. Rajoy

tanto que a vostedes lles gusta falar da Deputación e tanto que a vostedes lles gusta falar de Madrid, en Vigo, falen algo máis de Vigo en Madrid e seguramente a esta cidade lle vaia moito mellor, en vez de falar tanto de Madrid en Vigo fale máis de Vigo en Madrid.

Fíxense agora vuller dicir o caso que nos fan alí onde gobernamos, agora llo digo, pero antes dígolle aos señores do Bloque Nacionalista Galego, ao Sr. Alonso, que a mocidade caracterizámonos entre outras cousas por ter altura de miras e sobre todo apertura de miras, e a mocidade non se encadran e pídolles a vostedes que non se encadren e non miran máis alá dun Plan de Emprego do Partido Popular, porque o que propoñemos é un Plan de Emprego deste Concello. Na moción dicimos que se nos convoque a esta Corporación tanto a vostedes como a nós para empezar a falar dun Plan de Emprego municipal non do Partido Popular, da mocidade de Vigo, si tiveran un pouco máis de respecto escoitaríame. Fíxense onde nos gobernamos, a Deputación xestionará becas dun ano en empresas a 400 titulados, o Plan está destinado a menores de 35 anos sen experiencia laboral, Sra. Abelairas, Sr. Rodríguez Díaz, Sra. Veloso, Sra. Iglesias e Sr. Figueroa séntanse nunha institución que si apoia ó emprego xuvenil eu séntome nunha institución que ten abandonados á mocidade. A Deputación contratará a 500 mozos titulados máis en setembro, e setembro ofrecerá a súa primeira oportunidade laboral a licenciados, ese é o caso que nos fai o Sr. Louzán do que vostedes tanto queren falar nesta Corporación.

Outra das metas do Plan Emprego Xuvenil que propoñemos dende o Grupo Municipal do Partido Popular é fortalecer a inversión cidadá na economía local, escóitenme que lles vai interesar, desta forma a nosa proposta vai relacionada con diferentes bonificacións fiscais para proxectos iniciados por mozos/as, quedaría aquí o tempo que sexa necesario Sr. Rivas.

Agora vuller dicir das bonificacións que podemos ofrecer por exemplo, e das que nos gustaría falar cando nos convoquen si aprobamos esta moción, poderíamos falar por exemplo, en diferentes casos de bonificacións na cota de impostos sobre vehículos de tracción mecánica aos vehículos de empresa para proxectos empresariais emprendidos por xente nova, ou poderíamos falar de bonificacións na cota de impostos de construcións, instalacións e obras cando se

trate de creación dun novo negocio local por parte de xente nova, por exemplo, ou poderíamos falar de bonificacións na contías reflectidas na ordenanza fiscal de taxas de licencias de actividades e instalacións cando o negocio que vai montar nesta cidade fora por xente nova.

Antes faláballes de déficit democrático aí o teñen señores do Goberno Municipal, este é o seu déficit democrático.

Esta é unha das máis ambiciosas propostas en materia de xuventude realizadas neste concello nos últimos tempos, que propón un gran número de iniciativas que nos gustaría acordar e dialogar, nun primeiro término ante os grupos deste Concello. Este é a nosa proposta, a proposta do Partido Popular de Vigo por iso instamos aos tres grupos políticos a comezar un diálogo e non a demagogia como acaba de utilizar o Sr. Rodríguez Díaz, o que propoñemos nós para a mocidade desta cidade é diálogo e non demagogia.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sr. Figueroa Vila e a Sra. Egerique Mosquera).

VOTACIÓN: Con doce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e dez votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, instando ao Goberno Local a elaboración dun Plan municipal de Emprego Xuvenil", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.4(144).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PROPOÑENDO AO PLENO DA CORPORACIÓN A QUE DECLARE PERSOA “NON GRATA” PARA A CIDADE DE VIGO AO COMISARIO SOCIALISTA JOAQUÍN ALMUNIA E INSTAR A QUE PRESENTE A SÚA DIMISIÓN. EXPTE. 704/1101

Por consenso dos tres grupos políticos municipais efectuase unha Declaración conxunta descrita no punto 2.1 desta acta.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

Non se formulan.

6(145).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AS IRREGULARIDADES DAS LICENCIAS DO TAXI E AO ESCRITO PRESENTADO POLA ASOCIACIÓN DE CONDUTORES ASALARIADOS DO TAXI.**

SRA. VELOSO RÍOS: Por unha banda tiñamos rexistrada unha pregunta sobre unha xuntanza que mantivo o concelleiro Sr. Regades coa Asociación Sindical de Condutores Asalariados do Taxi de Vigo, que nos fixeron chegar un informe que lle presentaron logo desa xuntanza, na que fala sobre irregularidades detectadas por esta asociación en diversas licencias de taxis, e queríamos saber se realizou algunha indagación sobre o estado destas licencias, si se tomou algunha medida e se deu resposta xa ao escrito rexistrado pola asociación o 18 de abril, porque no momento no que falamos con eles non recibiran aínda resposta.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Despois da reunión mantida cos representantes da Asociación Sindical de Condutores Asalariados do Taxi de Vigo, presentado o escrito o 18 de abril do ano 2013, foron dadas instrucións por esta concellería

para a comprobación dos feitos denunciados, comprobouse a documentación que consta nos arquivos municipais e foron requiridos aos titulares das licencias para que aportasen a documentación actualizada. Da documentación aportada non se pode desprender que as licencias pertencen ou sexan explotadas por persoas distintas dos seus titulares, sendo a documentación correcta. Naqueles casos nos que se comprobou que o titular superior a idade de xubilación e que a explotación da licenza mediante un asalariado, foi requirida ao titular para que proceda á transmisión da licenza no prazo determinado pola lei vixente nestes momentos.

En relación coas licencias denunciadas no escrito iniciáronse catro expedientes de regulación de licencias, así mesmo dende a concellería de seguridade véñense realizando controis pola policía local nas paradas de taxis para a comprobación de que tanto os condutores, como os vehículos cumpren co disposto na ordenanza municipal reguladora do servizo. Xa que a documentación en papel estaba ben, o que procedemos é a comprobar “in situ” que as persoas que se identifican que son os condutores sexan as que están ao cargo do taxi.

O escrito presentado contestarase ao finalizar as comprobacións de documentación e controis policiais cando se dispoña da totalidade dos datos necesarios. Non obstante, no seu escrito, os representantes da asociación manifestan dispoñer de xustificacións das súas denuncias con nóminas asinadas por persoas distintas aos titulares, esta nóminas requirímosllas e aínda non nos as presentaron, no momento que nos las presenten as aportaremos tamén ás investigacións dos seguintes expedientes.

En relación coa denuncia relativa ao branqueo de cartos que facían en dita carta, xa lle dixemos na reunión que esa denuncia corresponde á Administración de Facenda que é do Goberno de España, a competencia do Concello é relativa en legalidade á transmisión de licencias condutores asalariados e prestacións de servizo, vehículos adscritos a licenza e demais prescricións contidas na ordenanza reguladora do servizo. Polo tanto, no momento que acabemos coas enquisas de campo, xa que a parte administrativa foi rematada, pasaremos a trasladarlle as conclusións a dita Asociación, que neste caso é unha asociación composta por catro persoas segundo o noso rexistro e non é a asociación

maioritaria no mundo do taxi, no mundo dos asalariados do taxi, senón que tamén é a CIGA, Comisións e UGT que tamén mantivemos contacto con eles referidos a este tema.

• **PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO ESTADO DE EXECUCIÓN DA PARTIDA ADICADA AO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA.**

SRA. VELOSO RÍOS: Rexistramos unha pregunta solicitando saber cal é o estado de execución da partida adicada ao Centro Galego de Fotografía?.

SRA. SILVA REGO: Eu agradezo moito esta pregunta, que me fai a Sra. Veloso, porque vaime permitir clarexarlle cal é a situación do estado de execución da partida do Centro Galego de Fotografía, porque tamén vai permitir que os cidadáns coñezan cal é esa situación e tamén porque así o Sr. Fidalgo que nunha intervención súa falaba deste centro, vai tamén ter coñecemento de cal é estado execución desta partida.

Quero iniciar a resposta dicindo que os Orzamentos municipais contemplan para o ano 2013 a partida denominada segunda fase Centro Galego de Fotografía, derivada dunha emenda do Bloque Nacionalista Galego que foi aceptada polo Grupo Socialista e que previamente a súa execución é necesario a redacción da segunda fase do proxecto de execución, por este motivo solicitamos un orzamento ao arquitecto que redactou o proxecto da primeira fase porque era quen tiña coñecemento do mesmo. A medio de decreto do 6 de maio do 2013 contratouse a redacción do proxecto desta segunda fase, o 18 xuño do 2013 o arquitecto contratado presenta o proxecto de execución da segunda fase presupostada en 378.972,21 euros, revisado polos técnicos de Urbanismo pasouse o informe a oficina de Supervisión de Proxectos o 4 de xullo porque é preceptivo, obrigatorio e vinculante facer isto, unha vez que sexa informado e previa fiscalización deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local con carácter previo á licitación das obras e isto será de forma inmediata. Polo tanto, todo en prazo e executarase esta obra.

• **PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. ALONSO ALONSO, RELATIVO AO DESPIDO DAS TRABALLADORAS DOS CENTROS CÍVICOS.**

SRA. ALONSO ALONSO: Primeiramente sumarme ao desexo do xa manifestado dunha pronta recuperación para o voso compañeiro o Sr. Rodríguez Escudero, o noso compañeiro.

A pregunta que quere facer o Grupo Popular é a seguinte, queremos saber cando e como se lles notificou ás traballadoras dos centros cívicos os seus despidos e tamén se é certo, tal e como denuncian as afectadas, que non se lles permitiu participar no novo proceso de selección?.

A PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás 14,39 horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.